

VINTE E CINCO ANOS DE AUTONOMÍA EN GALICIA: MUDANZAS POLÍTICAS E ECONÓMICAS



XUNTA DE GALICIA



Edita_ ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)
Rúa de Madrid 2 – 4, Polígono das Fontiñas
15707 Santiago de Compostela

Revisión lingüística_ Pino Ramos, Sara
López - Iglésias Samartín, Roberto

Deseño e maquetación_ Krissola Diseño, S.L.

Imprime_

ISBN_ 84-453-4327-0

Depósito legal_

Ao noso pai, Guillermo Lago Lamela



ÍNDICE

- LIMIAR	7 - 8
- PRESENTACIÓN	9 - 12
- CAPÍTULO 1: O sistema de partidos en Galicia: a coordinación electoral de elites e votantes	13 - 66
- 1.1 Introducción	13 - 16
- 1.2 Que é a coordinación electoral e por que ten lugar?	16 - 17
- 1.3 A inauguración da autonomía: as primeiras eleccións autonómicas como eleccións de rango secundario	17 - 28
- 1.4 Incerteza e descoordinación: as eleccións autonómicas dos anos oitenta como procesos de transición na coordinación	28 - 35
- 1.5 A cristalización dos procesos de coordinación: a desaparición de tódolos partidos non-viables	35 - 47
- 1.6 As eleccións de 2005: cambio de goberno pese á continuidade electoral	47 - 52
- 1.7 Quen son e como cambiaron os votantes dos partidos maioritarios nas eleccións autonómicas galegas?	52 - 55
- 1.8 Está a coordinación, ou están as súas causas, detrás do aparentemente espectacular aumento da participación electoral en Galicia?	56- 66

- CAPÍTULO 2: Vinte e cinco anos de Estatuto: converxencia financeira e diverxencia económica	67 - 92
- 2.1 Un crecemento económico substancial e profundas transformacións estruturais	67 - 69
- 2.2 Un ciclo económico en sincronía xa co resto de España	69 - 73
- 2.3 Unha renda familiar mellorada	73 - 74
- 2.4 Unha distribución da renda menos desigual	75 - 76
- 2.5 E, malia todo, Galicia non converxe e perde peso no conxunto de España	76 - 79
- 2.6 Unha Galicia discriminada? O marco financeiro: finanzas autonómicas, políticas rexionais e investimentos territorializados do Estado	80 - 84
- 2.7 Por que non imos máis rápido? Os factores de desenvolvemento económico	84 - 90
- 2.8 Suxestións para un futuro máis próspero	90 - 92
- CONCLUSIÓNS	93 - 96
- ANEXO: SIGLAS DOS PARTIDOS E DAS ORGANIZACIÓNS	97 - 100
- REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	101 - 105

LIMIAR

Conforme avanzamos no proceso de descentralización política e financeira, o escenario para a vida pública faise máis plural e complexo. Esta pluralidade dálles a oportunidade aos diferentes territorios de se sentiren máis cómodos, exercendo un autogoberno que ten máis en conta as preferencias da cidadanía do que as solucións centralizadas. Neste sentido, o maior autogoberno leva de seu a necesidade de promover o debate público tamén na escala autonómica.

A diferenza do que acontecía hai vinte e cinco anos, as discusións da cidadanía galega na rúa, nos medios de comunicación e no seu Parlamento teñen incidencia directa no seu benestar; somos os galegos e as galegas que definimos xa as políticas públicas que nos atinxen no campo do ensino, da sanidade, da vivenda e do medio rural. Ben é certo que existe unha lexislación básica estatal e que Galicia convive cooperativamente co resto de autonomías, limitando voluntariamente a súa liberdade polo ben común, mais non hai dúbida de que os galegos e as galegas temos xa un amplo espazo de decisión propio, no cal podemos andar con máis ou menos tino.

A Escola Galega de Administración Pública, que dirixo, asume plenamente esta realidade e, dentro das súas posibilidades, quere promover os debates públicos que axuden á toma de decisións autónomas. A organización de xornadas e seminarios e a publicación de traballos son dúas canles preferentes para este labor, e nesta estratexia hai que localizar o libro que temos entre as mans.

A obra de Ignacio e Santiago Lago Peñas tenta facer balance do cuarto de século de autonomía que levamos gozado os galegos e as galegas, centrando a súa atención e o seu discurso en dous procesos de natureza complementaria. Dunha parte, a evolución do sistema autonómico de partidos e as mudanzas nas escollas do electorado galego desde os primeiros anos oitenta ata as últimas eleccións autonómicas de 2005. Doutra, a evolución macroeconómica da economía galega nese mesmo período e as causas que explican esa dinámica.

Entendermos o acontecido nestes dous campos vains permitir mellorar o futuro; e isto non é mera retórica, nun momento en que, impulsados pola mudanza de goberno e o proceso de reforma estatutaria, estamos a discutir a revisión dos obxectivos e instrumentos da política económica galega, da lexislación electoral e do financiamento de Galicia e dos seus concellos, entre outros asuntos públicos.

É posible, e mesmo probable, que quen ler este traballo non estea de acordo coa totalidade do exposto ao longo do libro, mais diso se trata, de dar pulo ao debate público serio e rigoroso, baseado en cifras e investigacións alimentadas polas ferramentas da análise económica, sociolóxica e política. Se acadarmos ese obxectivo, sequera parcialmente, as persoas que estamos agora á fronte da EGAP estaremos satisfeitas.

Antonio Izquierdo Escribano
Director da Escola Galega de Administración Pública (EGAP)

PRESENTACIÓN

Para a maior parte dos observadores do proceso, a transición á democracia en España tiña que ir necesariamente da man da descentralización do poder político (Linz, 1985), e así foi. En poucos anos, o Estado das autonomías substituíu unha distribución territorial do poder moi centralizada por deza-sete comunidades autónomas (CC.AA.), cun nivel de competencias equiparable ao nivel intermedio de goberno dalgúns dos estados federais máis tradicionais.

Certo é que existe unha lexislación básica do Estado que limita a autonomía das CC.AA. no exercicio das súas competencias (no eido sanitario ou educativo, entre outros), como tamén que a propia autonomía financeira polo que respecta aos ingresos é aínda relativamente baixa; porén, a realidade é que os orzamentos das CC.AA. para 2006 amosan que os recursos que manexan equivalen ao 14,1 % do PIB español e ao 34 % do gasto público total (IEF, 2006). Hai vinte e cinco anos a maior parte das comunidades autónomas aínda non existía xuridicamente -no ano 1980 a Xunta de Galicia aínda non existía como tal¹- e o seu gasto conxunto era desprezable en termos macroeconómicos. Poñámo-las cifras para o caso galego: o orzamento da Comunidade Autónoma galega para 2006 sitúase preto dos 10.000 millóns de euros, namentres o PIB galego é duns 50.000 millóns²; noutros termos, a Xunta de Galicia manexa hoxe recursos que equivalen a unha quinta parte do que produce a economía galega. Nas mans das CC.AA. non só vai quedar un salientable volume de recursos financeiros, tamén van asumir unha ampla responsabilidade no deseño e na aplicación da política económica, e algunhas competencias reguladoras relevantes.

Por outra banda, non é menos importante o profundo cambio institucional que lle atinxe ao poder político, pois hoxe cada comunidade autónoma ten o seu propio parlamento, elixido -coa excepción de Cataluña, que aínda non aprobou a súa lei electoral- de acordo coas regras electorais de que se dotou cada unha delas, e dentro dos límites que marcan a Constitución e a Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral (LOREX). O poder destes parlamentos e, por extensión, dos gobernos que se forman, tal e como está previsto nos estatutos de autonomía, é autónomo, non soberano; isto é, en poucas palabras, a decisión última sobre o reparto de competencias e recursos corresponde ao Estado e, por tanto, calquera cambio nos estatutos ten que ser aprobado polo poder lexislativo nacional.

1 O Real Decreto que aprobou o Réxime de Preautonomía para Galicia é de 16 de marzo de 1979 e o Estatuto de Autonomía entrou en vigor en 28 de abril de 1981. As primeiras eleccións ao Parlamento celebráronse en 20 de outubro, a sesión constitutiva do Parlamento tivo lugar en 19 de decembro e o primeiro goberno constituíuse en xaneiro de 1982.

2 Segundo a primeira estimación do *Instituto Nacional de Estadística*, o PIB de Galicia en 2005 foi de 45.780 millóns de euros (www.ine.es). Se o crecemento nominal en 2006 remata sendo semellante ao de 2005, o PIB galego para 2006 será duns 49.500 millóns.

Con todo, ámbolos dous eidos, o económico-financeiro e o político, non son independentes, senón que interaccionan nos dous sentidos. A formación de sistemas ou subsistemas de partidos autonómicos, sobre todo cando contan con partidos nacionalistas ou rexionalistas decisivos para a gobernabilidade do país, ten contribuído a acelerar os procesos de descentralización política e fiscal, e convén destacar que as superacións do *statu quo* na distribución de recursos fiscais entre niveis territoriais no anos 1993, 1996 e 2001 tiveron lugar precisamente cando o goberno nacional estaba en minoría. Canto á lexislatura presente, está a ocorrer-lo mesmo, cunha revisión do sistema en marcha estimulada polas eivas que nel se detectaron na cal as aspiracións da maior parte das forzas políticas catalás, materializadas no proceso de reforma do *Estatut* catalán, teñen moito que ver.

Ademais, canto menor é o control político e económico que exerce o goberno nacional sobre o territorio dun país, maiores son os incentivos para a aparición de partidos subnacionais que representen intereses territoriais: as elites políticas locais / autonómicas e o electorado perden interese en agregar os seus votos ao longo dos distritos para formar partidos nacionais que poidan influír na política ou goberno nacionais (Chhibber e Kollman, 2004). Así o avala a aparición de partidos rexionalistas ao longo dos anos oitenta e noventa en moitas comunidades autónomas que antes carecían deles.

Que sabemos sobre as consecuencias da interacción entre estas dúas dimensións política e económica da descentralización? En España, o desempeño económico dos gobernos subnacionais, cifrado nas súas consecuencias sobre o benestar da cidadanía, foi adquirindo unha crecente importancia nos resultados das eleccións autonómicas a medida que se avanzou no proceso de descentralización; en particular, os niveis de investimento público ou de desemprego contan cada vez máis no ámbito autonómico. Xa que logo, os resultados electorais autonómicos son cada vez menos dependentes dos estatais, de xeito que a conxuntura política específica de cada comunidade se desvincula progresivamente da do resto de España (I. Lago Peñas e S. Lago Peñas, 2001). No caso de Galicia, sabemos que as valoracións da situación económica e da súa evolución teñen influído, cando menos parcialmente, sobre os resultados electorais dos partidos no pasado, aínda que o certo é que esta causalidade entre a economía e o voto non é sinxela; depende en gran medida de dúas variables intermedias: en primeiro lugar, de que os votantes lle atribúan ao goberno a responsabilidade do seu desempeño económico e, en segundo lugar, de que os partidos da oposición sexan vistos como alternativas de goberno reais e cribles. Para que unha opinión positiva (ou negativa) sobre a situación económica galega se transforme con maior probabilidade nun voto ao partido no goberno (ou na oposición), o electorado debe pensar que o goberno é o responsable máximo e que a oposición había facelo peor (ou mellor) (I. Lago Peñas e S. Lago Peñas, 2005).

Co gallo do vinte e cinco aniversario da celebración das primeiras eleccións ao Parlamento de Galicia, neste ensaio analízanse algunhas das dimensións políticas e económicas máis salientables da autonomía galega. En primeiro lugar, estúdase a configuración actual do sistema de partidos como resultado de procesos de coordinación de elites políticas e votantes dende finais dos anos setenta e os primeiros oitenta³; baseado en enquisas postelectorais e entrevistas en profundidade a protagonistas da política galega, este capítulo amosa como tivo lugar unha redución da oferta de partidos ata esta converxer coa demanda real dos votantes, un equilibrio que se acadou a partir dos anos noventa, cando se esvaeceron os partidos non-viables para que o PP, PSdeG-PSOE e BNG fosen os únicos competidores relevantes. Os dilemas estratéxicos que afrontaron as elites dos partidos, as súas respostas e as dos votantes a eles e, con maior xeneralidade, as características e cambios na demanda política dos galegos son explicados e discutidos.

3 A coordinación electoral refírese a unha variedade de procesos a través dos cales grupos de votantes e partidos coordinan as súas accións para gañar máis escaños ou carteiras ministeriais.

En segundo lugar, abránguense os aspectos económicos e financeiros. Neste caso, o texto xira en torno á idea central da converxencia (ou falla dela) da economía galega cara á media española. Os vinte e cinco anos pasados foron testemuña das mudanzas na estrutura produtiva de Galicia máis importantes da súa historia, transformacións en positivo que melloraron substancialmente o benestar económico dos galegos e converteron a economía galega, finalmente, nunha economía desenvolvida de mercado; porén, esta transformación e este crecemento deixáronnos nunha situación relativa no conxunto de España peor que a de 1980. Parafraseando o conto de Lewis Carroll, *Alicia no país das maravillas*, hai que correr para manterse no sitio, e Galicia correu, mais non o suficiente. Nese senso, resulta necesario analizar onde se atopan as principais feblezas da economía galega, cal ten sido o esforzo público para melloralo noso rendemento, e dar algunhas pistas sobre que facer para mellorar esta nosa situación relativa.

Xa que logo, o libro componse de dous ensaios autocontidos, e aínda que os autores asumen a responsabilidade mancomunada do produto final, a verdade é que o traballo se distribuíu de acordo co principio da vantaxe comparativa, de tal xeito que Ignacio asumiu a carga principal de traballo do primeiro capítulo e Santiago a do segundo. A partir de aí, temos discutido e enriquecido os nosos textos sen que perdan, en todo o caso, ese carácter autocontido a que nos referimos, e mantendo, todo hai que dicilo, dúas aproximacións de carácter non totalmente coincidente. Isto débese a dous motivos fundamentais:

Por un lado, ao punto de partida no ámbito da análise dos procesos, moi avantaxado no caso da economía. Se comparármola situación da ciencia económica no noso país no ano 1980 coa que hoxe temos, advertiremos deseguida o importante avance producido. Entón tiñamos unha Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, cando hoxe temos cinco e contamos con centos de profesores e investigadores universitarios máis, un feixe de novos departamentos universitarios de economía e institutos universitarios como o IDEGA, que artella un congreso académico trienal sobre a economía de Galicia; publicacións periódicas especializadas (a *Revista Galega de Economía* ou *Análise Empresarial*, entre outras); fundacións que crearon e potenciaron liñas de investigación especializadas en economía, como o Centro de Estudos Financeiros de Caixa Galicia, o Instituto de Estudos Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza vencellado ao Banco Pastor, ou o Instituto de Desenvolvemento de Caixanova. Temos, en fin, unha Consellería de Economía e Facenda que executa as políticas públicas, mais que tamén ofrece os seus diagnósticos e información a través -en boa medida- do excelente Instituto Galego de Estatística (IGE); un Consello Económico e Social (CES) propio dende 1995, e un Consello Galego de Relacións Laborais dende un pouco antes. En definitiva, hoxe contamos con centos de traballos monográficos sobre aspectos económicos de todo o tipo, que facilitan enormemente o traballo de diagnose da economía do noso país, mais que tamén complican de maneira notable escribir dende a orixinalidade sobre a economía de Galicia.

Por outro lado, no campo da investigación sobre os aspectos políticos tamén se avanzou, pois hoxe temos unha Facultade de Ciencias Políticas (en Santiago de Compostela), unha de Socioloxía (na Coruña) e novos departamentos universitarios (como en Pontevedra); contamos, ademais, con varias dúcias de profesores de ciencias políticas aquí (e outros fóra) e incluso cunha revista académica editada pola Facultade de Ciencias Políticas e Sociais de Santiago: a *Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas*. En todo o caso, a distancia co ocorrido no eido da economía é grande, e hai que recoñecer que aínda é posible atopar un número significativo de aspectos políticos pouco estudados no noso país, ou que admiten novas aproximacións metodolóxicas (I. Lago Peñas, 1998a); de feito, iso foi o que atopamos cando planificámo-la elaboración deste libro, e o que explica por que o ensaio sobre a evolución política de Galicia ten máis elementos de novidade e a parte económica contén máis aspectos normativos ou propositivos. A necesidade de darlle valor engadido a esa parte do noso

traballo levounos a prestar máis atención aos diferentes aspectos do deseño e da aplicación das políticas públicas e ás propostas cara ao futuro. Finalmente, queremos salientar que algúns aspectos máis técnicos foron levados a recadros para facer máis doada a lectura do texto principal.

Canto ás nosas débedas intelectuais, son moitas. En primeiro lugar e na orixe de todo isto, o estimulante ambiente intelectual na nosa familia, mesturado de paixón polo coñecemento científico e activo interese pola conxuntura sociopolítica que nos toca vivir. Temos claro que a débeda cos nosos pais e irmáns máis vellos é impagable, por moitos anos máis que vivamos.

Máis lonxe do lar, o ensaio de Ignacio é debedor da investigación e das reflexións por el realizadas nos últimos anos no seu paso polo *Centro de Estudios Avanzados en Ciencias Sociales* do *Instituto Juan March* de Madrid, pola *Universidad Autónoma* de Madrid e a *Universitat Pompeu Fabra* de Barcelona. Gustaríalle agradecer a estas institucións o seu apoio, en particular a José Ramón Montero, Francèsc Pallarés e Mariano Torcal. Ademais, Manuel Barreiro (repetidamente), Pablo Beramendi, Miguel Caínzos, Margarita Gómez-Reino, Ramón Máiz, Guillermo Márquez e Raimundo Viejo discutiron en maior ou menor medida os contidos do primeiro ensaio e achegaron boa parte dos argumentos que se desenvolven e dos materiais que se empregan. Finalmente, sen a amable disposición de Manuel Barreiro, Carlos Vázquez, Francisco Jorquera, Xosé Henrique Rodríguez Peña e Xesús Vega para seren entrevistados, o primeiro dos estudos non sería posible.

No que respecta a Santiago, a nómina de agradecementos queda reducida ás persoas con que ten discutido máis acotío e mesmo escrito conxuntamente sobre estes temas. Desta volta ten que citar a Xaquín Álvarez Corbacho, Xosé Carlos Arias, Luis Caramés, Xaquín Fernández Leiceaga, Alberto Gago, Manuel Lago, Xavier Labandeira, Edelmiro López Iglesias, Víctor Montes, Raúl Pérez Boán e Alberto Vaquero; tamén quere traer para a fronte a persoa de Albino Prada, a súa referencia primixenia no relacionado coa economía galega. Para alén disto, aprendeu moito sobre a economía do país durante os períodos en que foi membro do Consello Económico e Social de Galicia e como asesor de José Ramón Fernández Antonio, conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, e tampouco pode esquecer nos agradecementos o Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, que moi xenerosamente o acolle dende hai cinco anos e co que mantén unha grande débeda persoal e profesional.

Finalmente, queremos agradece-lo apoio de Antonio Izquierdo para levar adiante este proxecto. É unha sorte que viñese vivir ao noso país, facendo un camiño inverso ao dunha parte substancial do noso mellor capital humano, espallado polo mundo adiante. Oxalá que as oportunidades intelectuais para que poidan retornar melloren algún día, da man dun maior desenvolvemento económico, social e político de Galicia.

CAPÍTULO 1

O SISTEMA DE PARTIDOS EN GALICIA: A COORDINACIÓN ELECTORAL DE ELITES E VOTANTES

1.1 Introducción

Unha das tendencias máis definidas dos sistemas de partidos, sobre todo canto máis tempo teñen ou máis consolidados se atopan, é a progresiva redución do número de partidos ou de candidatos que compiten nas eleccións. Unha vez que existen expectativas sobre os resultados electorais claras e compartidas por partidos e votantes, e non aparecen novas dimensións de competición, a acusada fragmentación electoral que caracteriza as primeiras eleccións -coñecida popularmente como a “sopa de siglas”- contráese pouco a pouco ata que só se presentan os partidos que están en condicións de conseguir escaños ou partidos *viabes*. Nas eleccións autonómicas en España, por exemplo, e aínda que non sexa o mellor caso que se pode poñer⁴, obsérvase unha diminución xeneralizada na porcentaxe de votos que suman os partidos que non alcanzan representación parlamentaria ou *votos sen representación*.

Aínda que algunhas comunidades non seguen esta pauta, nas últimas eleccións autonómicas celebradas en cada caso os votos sen representación caeron unha media de dous puntos porcentuais sobre o voto a candidaturas con respecto ás primeiras eleccións celebradas, de xeito que diminuíron un 30 %, e Galicia é a comunidade que sufriu a maior concentración da oferta partidista en termos absolutos (a segunda en relativos, detrás de Cataluña; ve-la 1).

4 Como sinalan Beramendi e Máiz (2003: 226-227), o Estado das autonomías supuxo a aparición de nacionalismos e rexionalismos institucionalmente inducidos que propiciaron o xurdimento de identidades territoriais alí onde a española era a dominante ou a única; é dicir, introduciu unha dimensión de competición relativamente nova en comunidades autónomas como Extremadura, Castela-A Mancha ou a Comunidade Valenciana que incentivou a entrada de novos partidos.

TÁBOA 1: VOTOS SEN REPRESENTACIÓN NAS PRIMEIRAS E ÚLTIMAS ELECCIÓN AUTONÓMICAS, 1980-2005 (%)

<i>Comunidade Autónoma*</i>	<i>Primeiras</i>	<i>Últimas</i>	<i>Diferenza</i> <i>(últimas - primeiras)</i>	<i>Diferenza (%)</i> <i>(últimas versus primeiras)</i>
Andalucía	3,12	2,84	-0,28	91,03
Aragón	2,17	1,32	-0,85	60,83
Asturias	6,72	7,18	0,46	106,85
Baleares	5,16	4,30	-0,86	83,33
Canarias	2,48	5,03	2,55	202,82
Cantabria	9,37	6,34	-3,03	67,66
Castela e León	11,80	4,23	-7,57	35,85
Castela-A Mancha	5,49	8,79	3,30	160,11
Cataluña	8,19	1,39	-6,80	16,97
Estremadura	1,45	2,04	0,59	140,69
Galicia	9,47	1,67	-7,80	17,63
Madrid	6,00	2,32**	-3,68	38,67
Murcia	4,79	2,08	-2,71	43,42
Navarra	8,89	3,52	-5,37	39,69
País Vasco	4,02	1,11	-2,91	27,61
A Rioxa	4,62	4,60	-0,02	99,47
Comunidade Valenciana	8,61	9,13	0,52	106,04
Media	6,02	3,86	-2,03	69,47

*As eleccións en Andalucía celebráronse en 1982, 1986, 1990, 1994, 1996, 2000 e 2004. En Cataluña, en 1980, 1984, 1988, 1992, 1995, 1999 e 2003. En Galicia, en 1981, 1985, 1989, 1993, 1997, 2001 e 2005. No País Vasco, en 1980, 1984, 1986, 1990, 1994, 1998, 2001 e 2005. No resto das comunidades autónomas, en 1983, 1987, 1991, 1995, 1999 e 2003.

**Segundas eleccións de 2003.

Fonte: Material de elaboración propia a partir de datos da *Generalitat* valenciana (<http://www.pre.gva.es/argos/archivo>).

Este resultado, cun equilibrio en que só compiten os partidos ou candidatos viables, explícase de acordo con dous mecanismos causais interdependentes e consecutivos que están detrás dos procesos de *coordinación electoral* (Cox, 1997), un concepto que se refire á variedade de accións a través das cales grupos de votantes e partidos coordinan as súas accións para gañar máis escanos ou carteiras ministeriais. Por un lado, posto que competir nas eleccións é custoso, apenas se presentarán os partidos que teñan boas posibilidades de entrar no parlamento que for. Polo outro, cando compiten partidos ou candidatos que non están en condicións de gañar ningún escano, ora porque realizan cálculos *intertemporais* (do tipo “se ben nestas eleccións non vou conseguir escano ningún, é posible que así melloren as miñas posibilidades nas seguintes ou en eleccións de distinta natureza”)⁵, ora simplemente erróneos⁶, os votantes só apoiarán ou tenderán a apoiar-los partidos que son viables; trátase do denominado *voto estratéxico* ou, máis comunmente, *voto útil*. A interacción entre estes dous mecanismos leva a que as eleccións acaben tendo como únicos protagonistas os partidos viables: os que non o son desaparecen, fúndense con outros ou forman coalicións.

⁵ Véxase neste sentido o traballo de I. Lago Peñas e Montero (2005a).

⁶ Consúltese, por exemplo, a análise de Gunther (1989) sobre as eleccións xerais en España nos anos setenta e oitenta.

Agora ben, para que a coordinación teña lugar é imprescindible que os partidos sexan estratéxicos ou instrumentais, é dicir, que as súas accións estean orientadas exclusivamente segundo o seu impacto no resultado das eleccións; o seu único obxectivo debe se-la consecución de escanos. Se, pola contra, os partidos se comportan expresivamente, de modo que realizan as súas accións simplemente porque teñen un valor intrínseco (algo así como dicir "aquí estamos"), ou debido a que os seus obxectivos están á marxe dos procesos electorais, a coordinación electoral non se producirá.

As consecuencias destes procesos de coordinación de elites e votantes son ben visibles en Galicia, pois se nas eleccións autonómicas de 1981 (as primeiras) competiron dezaoito partidos, dos cales seis conseguiron algún escano, nas de 2001 (as penúltimas) só competiron dez, dos cales tres obtiveron representación parlamentaria. Con todo, aínda é máis significativo o feito de que, como se observa na táboa 1, os partidos sen representación parlamentaria sumasen o 9,47 % dos votos en 1981, pero só o 1,67 % en 2005. Neste senso, o primeiro partido extraparlamentario en 1981 (o PG) alcanzou o 3,31 % dos votos, pero só o 0,75 % (EU-IU) en 2005 (ve-la táboa 38 no apéndice); en conclusión: os partidos non-viables practicamente desapareceron en Galicia.

Así e todo, este equilibrio que fai que apenas compitan os partidos viables só nos explica como cambia o sistema de partidos; resulta necesario, ademais, explicar cal é a fragmentación inicial ou, máis ben, aclarar por que se observan diferenzas significativas na demanda inicial de partidos en cada sistema: por que, por exemplo, Galicia tiña máis partidos que Murcia nas primeiras eleccións autonómicas? Antes de analiza-la tradución das preferencias partidistas en votos, e dos votos en escanos, débese revisar como se reducen as diferenzas sociais, variables entre os sistemas políticos, a un número menor de partidos que representan estes *cleavages*⁷.

Neste capítulo estúdase a configuración actual do sistema de partidos en Galicia como o resultado dos procesos de coordinación de elites e votantes nos últimos vinte e cinco anos. En primeiro lugar, formulamos un sinxelo modelo de coordinación electoral sobre o cal se fundamenta a nosa explicación da evolución do sistema de partidos galego. En segundo lugar, analizámo-la demanda partidista existente nas primeiras eleccións autonómicas. En terceiro lugar, revisámo-las respostas dos actores políticos aos distintos dilemas de coordinación que lles presentou a interacción entre a estrutura de *cleavages* e a permisividade do sistema electoral, e que dan conta dos sucesivos cambios no sistema de partidos; esta análise baséase nos documentos internos dos propios partidos e na información obtida de diversas entrevistas en profundidade cos políticos participantes nestes procesos de coordinación.

7 O concepto de *cleavage* refírese a liñas sociais de demarcación ou separación entre grupos baseadas en tres características: (1) supoñen unha división social que separa os individuos segundo aspectos como a ocupación, a relixión ou a etnicidade; (2) os individuos integrados en cada dimensión son conscientes da súa identidade colectiva e están dispostos a actuar sobre a súa base; e (3) son expresados en termos organizativos (Bartolini e Mair, 1990: 212 e ss.).

Os supostos básicos que manexamos nos nosos argumentos, baseados nos modelos de coordinación desenvolvidos no seo da teoría da elección racional (Cox, 1997 e 1999), son (1) que os partidos funcionan como axentes instrumentalmente racionais que perseguen conseguir escanos dun xeito exclusivo, e (2) que os votantes teñen unha racionalidade limitada que non lles permite conseguila adaptación óptima de medios e fins que postula a economía (Simon, 1992: 3). A este respecto, as accións dos votantes, na medida en que non só se adaptan ás condicións obxectivas, senón tamén ás súas características emotivas e cognitivas, non son completamente racionais a pesar das súas mellores intencións e dos seus esforzos; a racionalidade dos votantes non supón, pois, outra cousa que un principio que establece a adecuación das súas accións ás situacións *tal como as ven* (Popper, 1997: 179, en itálica no orixinal)⁸ e, en definitiva, as súas preferencias electorais non son fixas e inmutables, senón variables e dependentes do proceso político.

1.2 Que é a coordinación electoral e por que ten lugar?

A coordinación ten lugar cando a xente quere encontrarse nun punto común: se ben poden valorar algúns máis que outros, prefiren estar xuntos na maioría deles que só nalgún outro. A natureza da coordinación reflíctese moi intuitivamente na chamada *batalla dos sexos*, pois neste xogo un home e unha muller deben escoller independentemente entre asistir a un combate de boxeo (a preferencia do home) ou a unha representación de ballet (a preferencia da muller) e, porén, ámbolos dous queren ante todo estar xuntos, de xeito que é mellor presencia-lo espectáculo menos desexado acompañado que o máis desexado só.

Como xa sabemos, o termo “coordinación electoral” alude ás accións coordinadas de partidos e votantes para gañaren máis representación parlamentaria ou no goberno a través da redución do número de partidos que compiten. A necesidade desta coordinación xérase debido a que os escanos que se reparten de acordo cos sistemas electorais son menos que os potenciais candidatos dispostos a ocupalos e, en efecto, gaña-los escanos en xogo depende da acumulación dun número suficiente de votos. Unha posibilidade para conseguilo é convence-los votantes de que un partido determinado é mellor que os demais e, non obstante, cando o número de partidos que propoñen unha oferta máis ou menos similar resulta elevado -pensemos, por exemplo, en quince partidos socialdemócratas dispostos a participar nas eleccións-, acumula-la cantidade de votos necesaria para gañaren un escano esixe (1) limita-lo número de competidores reais, ben presentando listas conxuntas ou ben fusionando candidaturas; (2) reducir mediante o voto estratéxico o número de competidores a que vota a cidadanía; ou (3) ámbolos dous mecanismos ao mesmo tempo. Estes procesos de restrición da entrada de partidos ou da dispersión do voto supoñen a coordinación das accións de máis dun actor, partidos ou votantes (Cox, 1999: 145-146).

Para ilustra-la lóxica da coordinación electoral, imaxinemos un distrito uninominal (isto é, con un só escano en xogo) en que están dispostos a competir tres partidos: un na dereita, D, e dous na esquerda, E1 e E2. Supoñamos, ademais, que se os dous partidos de esquerda se presentan ás eleccións, o escano será gañado con toda seguridade por D; se, polo contrario, só compite un partido na esquerda, a esquerda gañará o escano con toda seguridade, ben sexa E1 ou E2. O incentivo para que a esquerda se una é claro.

⁸ Convén non esquecer que a análise estratéxica da acción racional das organizacións debe ser complementada coas teorías do comportamento e a reconstrución das razóns que guían a acción humana para evita-las explicacións excesivamente simples (Kitschelt, 1994: 169 e ss.).

Segundo Cox (1997: 5 e ss.), a coordinación electoral responde á interacción entre tres elementos: o sistema electoral, as preferencias dos actores que deben coordinarse e as expectativas electorais.

- En primeiro lugar, ao menos dende Duverger (1951) sábese que os sistemas de partidos dependen dos sistemas electorais, e posto que o grao de coordinación de partidos e votantes ten a ver co número de votos que fan falla para conseguir escaños, a existencia de coordinación acentúase -seguindo todo o demais igual- canto menos permisivo ou proporcional é un sistema electoral.

- En segundo lugar, só cando existe algunha sintonía entre as preferencias das elites dos partidos é posible a coordinación, pois se un partido se amosa indiferente entre as políticas que defenden os competidores con que debería coordinarse e os restantes, entón ten un escaso incentivo para coordinarse; canto menor é a distancia ideolóxica entre os partidos que teñen que coordinarse e maior con respecto aos demais, máis probable é a coordinación. Ademais, esta coordinación é máis fácil cando os partidos só se preocupan das eleccións que se celebran inmediatamente, non das futuras.

- En terceiro lugar, nos xogos de coordinación as expectativas son vitais: só cando os actores coñecen razoablemente as consecuencias probables das súas accións poden anticipalos resultados e cambiarlo seu comportamento. Nas eleccións, para que partidos ou votantes poidan coordinarse é imprescindible que saiban cales son viables e cales non, é dicir, cales están en condicións de gañar escaños e cales non, para que así a coordinación lles permita conseguir algo -escaños- que doutro xeito non lograrían. Xa que logo, a certeza sobre os resultados electorais de cada partido é *conditio sine qua non* para que haxa coordinación.

Agora ben, unha cousa é que os partidos ou o electorado teñan conciencia da necesidade de coordinarse e outra ben distinta que sexan capaces de facelo. Para que os partidos ou organizacións políticas en xeral se coordinen nun só competidor é necesario que este teña en exclusiva unha característica: se-lo único que está en condicións de gañar escaños ou, polo menos, o que ten claramente as maiores posibilidades segundo os resultados de anteriores eleccións ou as expectativas das eleccións inmediatas; se todos ou algúns dos partidos que deben coordinarse están empatados nos seus votos, as elites e os votantes carecen de incentivos para coordinarse ao redor dun só deles xa que non está claro quen debe ser abandonado.

1.3 A inauguración da autonomía: as primeiras eleccións autonómicas como eleccións de rango secundario

Unha das conclusións máis sólidas da investigación sobre os sistemas electorais é que o número de partidos e, por tanto, a fragmentación do sistema de partidos, depende da magnitude das circunscripcións: con todo o demais igual, o número de partidos que compiten nun distrito diminúe (ou aumenta) a medida que o número de escaños en xogo se reduce (ou incrementa) (Cox, 1997; Duverger, 1951). No entanto tamén é ben coñecido o mimetismo existente entre os sistemas electorais autonómicos e o xeral en España (Montero, Llera e Torcal, 1992).

A fórmula de resto maior D'Hondt, as barreiras legais do 3 % ou 5 % dos votos válidos emitidos na circunscrición ou na comunidade⁹, as listas pechadas e bloqueadas ou as circunscricións plurinominais¹⁰ son unha constante nos sistemas electorais autonómicos e, a pesar disto, en tódolos casos -coa excepción de Murcia nalgunhas eleccións- existe unha acusada diferenza entre os dous niveis electorais canto á magnitude das circunscricións; isto é, pese a compartila mesma vocación (formal) de garanti-la proporcionalidade entre os votos e os escanos dos distintos partidos, o número de escanos que se reparten nas eleccións autonómicas é significativamente maior que nas xerais. De acordo coa táboa 2, a magnitude media das circunscricións é preto de tres veces maior nas eleccións autonómicas, e cabe esperar, por tanto, que se presenten máis partidos nunha comunidade autónoma nas eleccións ao seu parlamento autonómico que nas eleccións ao Congreso dos Deputados.

TÁBOA 2: MAGNITUDES DE DISTRITO NAS ELECCIÓNS XERAIS E AUTONÓMICAS, 1980-2003*

<i>Eleccións**</i>	<i>I</i>	<i>II</i>	<i>III</i>	<i>IV</i>	<i>V</i>	<i>VI</i>	<i>Media</i>
Andalucía	0,54	0,55	0,55	0,55	0,57	0,57	0,56
Aragón		0,21	0,19	0,19	0,19	0,19	0,19
Asturias		0,60	0,60	0,60	0,60	0,60	0,60
Baleares		0,44	0,41	0,47	0,47	0,47	0,45
Canarias		0,76	0,81	0,81	0,81	0,81	0,80
Cantabria		0,14	0,13	0,13	0,13	0,13	0,13
Castela e León		0,46	0,45	0,45	0,45	0,46	0,45
Castela-A Mancha		0,45	0,43	0,43	0,43	0,43	0,43
Cataluña	0,35	0,35	0,34	0,35	0,34	0,34	0,35
Estremadura		0,17	0,17	0,17	0,17	0,17	0,17
Galicia	0,38	0,36	0,36	0,35	0,34	0,34	0,36
Madrid		0,35	0,34	0,34	0,33	0,33	0,34
Murcia		0,93	1,00	1,00	1,00	1,00	0,99
Navarra		0,10	0,10	0,10	0,10	0,10	0,10
Pais Vasco	0,28	0,28	0,28	0,25	0,25	0,25	0,27
A Rioxa		0,11	0,12	0,12	0,12	0,12	0,12
Comunidade Valenciana		0,29	0,29	0,29	0,30	0,30	0,29
Media	0,39	0,39	0,39	0,39	0,39	0,39	0,39

*Trátase dun cociente ou razón resultante de dividi-la magnitude de distrito media nas eleccións xerais entre a magnitude de distrito media nas eleccións autonómicas en cada comunidade autónoma. Os valores superiores á unidade indican que as circunscricións teñen unha magnitude maior nas eleccións xerais; os valores inferiores á unidade sinalan que as circunscricións teñen unha magnitude maior nas eleccións autonómicas; os valores iguais á unidade apuntan que as circunscricións teñen a mesma magnitude en ámbalas dúas eleccións.

**Ve-la táboa 1.

Fonte: Materiais de elaboración propia.

9 O sistema electoral valenciano, que non ten en conta os sufraxios válidos emitidos, senón simplemente os emitidos, e o canario, que estipula dúas barreiras legais, unha insular e outra autonómica, presentan singularidades fronte ao resto.

10 Coa excepción da illa de Formentera.

En Galicia distribuíronse entre 24 e 27 escanos nas eleccións xerais, a razón de 9 na Coruña, 4 / 5 en Lugo e Ourense e 7 / 8 en Pontevedra; 71 foron os escanos que se repartiron nas dúas primeiras eleccións autonómicas e 75 a partir das terceiras, a razón de 22 / 24 na Coruña, 15 en Lugo, 14 / 15 en Ourense e 19 / 22 en Pontevedra. En perspectiva comparada, a magnitude de distrito media en Galicia sitúase por debaixo da media autonómica (táboa 3), pero é o suficientemente grande para asegurar unha elevada proporcionalidade entre os votos e os escanos dos distintos partidos, como logo veremos.

TÁBOA 3: MAGNITUDE DAS CIRCUNSCRICIÓNS NOS SISTEMAS ELECTORAIS AUTONÓMICOS E NO CONGRESO DOS DEPUTADOS NAS ÚLTIMAS ELECCIÓNS CELEBRADAS EN CADA CASO*

<i>Comunidade Autónoma</i>	<i>Escanos</i>	<i>Distritos</i>	<i>Magnitude media</i>	<i>Desviación típica</i>
Andalucía	109	8	13,63	2,67
Aragón	67	3	22,33	11,15
Asturias	45	3	15	15,62
Baleares	59	4	14,75	13,32
Canarias	60	7	8,57	4,79
Cantabria	39	1	39	0
Castela-A Mancha	47	5	9,4	1,82
Castela e León	83	9	9,22	3,38
Cataluña	135	4	33,75	34,19
Estremadura	65	2	32,50	3,54
Galicia	75	4	18,75	4,99
Madrid	111	1	111	0
Murcia	45	5	9	7,25
Navarra	50	1	50	0
A Ríoxa	33	1	33	0
País Vasco	75	3	25	0
Comunidade Valenciana	89	3	29,67	6,51
España	350	52	6,73	5,92
Media autonómica	69,82	3,76	27,92	6,43

*As eleccións ao Congreso dos Deputados e as autonómicas de Andalucía celebráronse en 2004; as autonómicas do País Vasco e Galicia en 2005; as de Cataluña en 2003, e as das restantes comunidades no tamén en 2003.

Fonte: I. Lago Peñas e Montero (2004: 19).

Na táboa 4 preséntase unha medida alternativa da exixencia ou permisividade dos sistemas electorais, o *limiar efectivo*¹¹: a porcentaxe de voto que se tiña que sumar nas eleccións xerais de 1979 e nas autonómicas a partir de 1981 en Galicia para conseguir polo menos un escano. Mentres que nas primeiras eleccións autonómicas un partido conseguía un escano con menos do 5 % dos votos en Lugo e Ourense, pouco máis do 3,5 % en Pontevedra e practicamente o 3 % na Coruña, nas xerais estas porcentaxes eran moito máis exixentes: o 7,5 % na Coruña, o 9,4 % en Pontevedra e o 12,5 % en Lugo e Ourense. Noutras palabras, os escanos nas eleccións xerais son moito máis caros que nas autonómicas.

11 O limiar efectivo é o maior valor que se desprende da magnitude de distrito, calculado segundo a fórmula $75\% / M+1$, onde M é a magnitude de distrito ou ben da barreira legal (Lijphart, 1994: 63).

TÁBOA 4: LIMIAR EFECTIVO NAS ELECCIÓN XERAIS DE 1979 EN GALICIA
E NAS AUTONÓMICAS (%)

	Autonómicas							Xerais
	1981	1985	1989	1993	1997	2001	2005	1979
A Coruña	3,3	3,3	3	5	5	5	5	7,5
Lugo	4,7	4,7	4,7	5	5	5	5	12,5
Ourense	4,7	4,7	4,7	5	5	5	5	12,5
Pontevedra	3,8	3,8	3,4	5	5	5	5	9,4

Fonte: Materiais de elaboración propia.

Finalmente, para observar como funciona empiricamente esta diferente permisividade do sistema electoral nas eleccións xerais e nas autonómicas en Galicia, nas figuras 1 e 2 represéntanse os seus *perfis de proporcionalidade*¹² (Taagepera e Shugart, 1989). Estes perfís amosan as distintas taxas de vantaxe dos partidos segundo as súas porcentaxes de voto¹³. Se un partido non tiver escanos, a súa taxa de vantaxe sería $A = 0$. Se conseguir escanos, pero proporcionalmente menos dos que lle corresponderían de acordo cos seus votos, A estaría entre 0 e 1. E se un partido alcanzar máis escanos dos que lle corresponden proporcionalmente segundo os seus votos, A estaría por enriba de 1; o punto $A = 1$ e a liña hipotética que sae del para corta-lo gráfico paralelamente ao eixo de abscisas representan a proporcionalidade perfecta, mentres que a liña curva reflicte a pauta media de vantaxes e desvantaxes dos partidos¹⁴. Canto ao punto de corte entre o perfil e a liña hipotética de proporcionalidade, determina a neutralidade do sistema electoral, é dicir, a porcentaxe de voto a partir de que un partido non está infrarrepresentado ou comeza a estar sobrerrepresentado; a traxectoria do perfil permite comprobar, pois, que tipo de vantaxe ou desvantaxe pode esperar un partido segundo o seu volume de voto.


Así, nas tres primeiras eleccións autonómicas era necesario supera-lo 9 % dos votos para evitar ser penalizado polo sistema electoral; por enriba do limiar de neutralidade do sistema electoral, pódese observar como as taxas de vantaxe dos partidos oscilan entre o 1,07 (PSdeG-PSOE en 1985) e o 1,22 (UCD en 1981), de xeito que contaron cunha sobrerrepresentación en escanos de entre o 7 % e o 22 %. Paga a pena sinalar que, superado o nivel de apoio electoral que garante a neutralidade do sistema electoral, máis votos non aseguran unha sobrerrepresentación aínda maior: o acaso, gaña-lo último escano por poucos votos de diferenza ou perdelo por moitos, e a propia competitividade electoral, importan.

12 Na medida en que nas eleccións autonómicas a barreira legal subiu do 3 % ao 5 % dos votos válidos emitidos na circunscrición en 1992, os gráficos amosan a situación antes e despois desta reforma. Tampouco debemos esquecer que dende as eleccións de 1989 os escanos en xogo son 75 en lugar de 71, mais este incremento nos membros do Parlamento apenas influíu na decisión dos partidos de competir ou non nas eleccións: as magnitudes de distrito son case idénticas. En fin, a desagregación das eleccións entre estes dous momentos permite observar moi claramente a progresiva adaptación do sistema de partidos aos incentivos derivados da interacción entre o sistema electoral e a estrutura de *cleavages*.

13 A taxa de vantaxe obtense mediante a sinxela fórmula $A = \% \text{ escanos} / \% \text{ votos}$.


14 Para traza-los perfís de proporcionalidade emprego a técnica coñecida como *Loess* ou *Louves* (Fox, 2000).

FIGURA 1:
PERFIL DE PROPORCIONALIDADE NAS TRES PRIMEIRAS ELECCIÓNS
AUTONÓMICAS EN GALICIA



Nas eleccións xerais de 1979 en Galicia o limiar de neutralidade situábase no 14 % dos votos e, ademais, non podía conseguirse ningún escano por debaixo del; xa que logo, as primas dos partidos foron significativamente maiores nas eleccións xerais que nas autonómicas. As taxas de vantaxe alcanzaron un máximo do 1,31 (UCD) e un mínimo de 1,28 (PSOE e CD), é dicir, unha sobrerrepresentación en escanos do 31 % e o 28 %, respectivamente.

FIGURA 2:
PERFIL DE PROPORCIONALIDADE NAS ELECCIÓNS XERAIS DE 1979 EN GALICIA



Dada esta disimilitude na *fortaleza ou tolerancia* do sistema electoral en cada área, e segundo os supostos da racionalidade dos actores antes presentados, cabería esperar distintos graos de fragmentación do sistema de partidos en cada caso; porén, nas primeiras eleccións autonómicas, celebradas en 1981, nin partidos nin votantes responderon aos maiores incentivos para a dispersión do voto en comparación coas eleccións xerais; isto é, pese á maior permisividade do sistema electoral galego, o comportamento de partidos e votantes na arena autonómica foi practicamente idéntico ao visto dous anos antes nas eleccións xerais. Por outra banda, coa excepción da significativa perda de votos da UCD en favor de AP, os resultados electorais dos demais partidos apenas cambiaron (táboa 5).

TÁBOA 5: RESULTADOS DAS ELECCIÓNS XERAIS DE 1979 E DAS AUTONÓMICAS DE 1981 EN GALICIA

<i>Xerais 1979</i>			<i>Autonómicas 1981</i>		
Partidos	Votos (%)	Escaños (%)	Partidos	Votos (%)	Escaños (%)
UCD	48,18	17 (62,96)	UCD	27,80	24 (33,80)
PSOE	17,32	6 (22,22)	PSG-PSOE	19,62	16 (22,53)
CD	14,19	4 (18,18)	AP	30,52	26 (36,62)
BNPG	5,95	0	BNPG-PSG	6,27	3 (4,23)
UG	5,43	0	EG	3,40	1 (1,41)
PCE	4,16	0	PG	3,31	0
PSOE (h)	1,21	0	PCG	2,93	1 (1,41)
Outros	3,38	0	Outros	6,15	0
Participación	49,20		Participación	46,30	

Fonte: *Ministerio del Interior* (<http://www.elecciones.mir.es>) e DOG.

Na táboa 6 preséntanse as transferencias de voto entre as dúas eleccións de acordo coa enquisa postelectoral do *Centro de Investigaciones Sociológicas*. A lealdade electoral é ben patente: o 100 % dos votantes do PG e de EG nas eleccións xerais de 1979, o 96 % dos de AP e o BNG e o 76 % dos do PSOE votaron de novo ao seu partido nas autonómicas de 1981. A única discontinuidade significativa é, como xa apuntamos, a dos seguidores da UCD, xa que apenas a metade dos seus votantes nas xerais de 1979 volveron apoiála en 1981 e preto do 40 % pasaron a votar AP; agora ben, as razóns deste reequilibrio no centrodereita non teñen tanto que ver coa existencia dunha dinámica distinta nas eleccións autonómicas galegas como con elementos exógenos e dependentes da arena nacional.

A vulnerabilidade da UCD nas eleccións autonómicas, tamén nas andaluzas de 1982, explícase polo seu colapso organizativo e o seu papel de gardián da integridade do aparato do Estado central (González Encinar, 1982a: 57-58; Hopkin, 2000: 269 e ss.; Huneus, 1985: 373-374). Non debemos esquecer que precisamente o proceso estatutario galego erosionou gravemente a imaxe da UCD en Galicia en tanto que era responsable dun proxecto que contemplaba un nivel de autonomía sensiblemente menor que nos casos catalán e vasco¹⁵.

15 Para unha análise do chamado "Estatuto da aldraxe" pode verse Vilas *et al.* (1994: cap. 1).

TÁBOA 6: TRANSFERENCIAS DE VOTO ENTRE AS ELECCIÓNS XERAIS DE 1979 E AS AUTONÓMICAS DE 1981 EN GALICIA (%)*

	<i>Autonómicas 1981</i>								
	AP	UCD	PSOE	PCG	BNPG	PG	EG	Total	
Xerais 1979	CD-AP	96	1	3			1	134 (100%)	
	UCD	38	47	12		1	2	235 (100%)	
	PSOE	9	1	76	1	6	5	4	141 (100%)
	PCG			6	88			6	17 (100%)
	BNPG					96	4		24 (100%)
	PG						100		9 (100%)
	EG							100	7 (100%)
	Total	229 (41%)	112 (20%)	140 (25%)	16 (3%)	34 (6%)	22 (4)	14 (3%)	567 (100%)

*As porcentaxes están calculadas sobre as filas.

Fonte: CIS (estudo 1292).

O aparente incumprimento das predicións sobre a relación entre a fragmentación electoral e a cantidade de escaños en xogo nas eleccións xerais e autonómicas en Galicia derivadas do modelo de coordinación presentado ten dúas implicacións básicas. Por unha parte, aínda que nas eleccións de 1979 xa se observa a coordinación de distintos partidos (por exemplo, o PSP de Tierno Galván e un grupo escindido do PSG chamado Colectivo Socialista intégranse no PSdeG-PSOE¹⁶), os partidos de ámbito galego non reaccionaron adecuadamente aos incentivos do sistema electoral; aínda que ningún deles conseguiu gañar escaños nas xerais de 1977, nas de 1979 volveron presentarse sen sorte. Por que? De acordo cos presupostos manexados, habería tres posibles razóns:

- En primeiro lugar, despois de corenta anos sen eleccións, unhas únicas eleccións (as de 1977) non semellan ser suficientes como para que existan unhas expectativas claras e compartidas sobre as posibilidades electorais dos partidos. Paga a pena, polo tanto, volver probar.

- En segundo lugar, as primeiras eleccións locais e as primeiras eleccións autonómicas en Galicia teñen lugar tan só un mes e medio e dous anos despois das eleccións xerais de 1979, respectivamente. A interacción entre o ámbito nacional e o galego supoñía precisamente un dilema estratéxico para os partidos galegos que non estaban en condicións de gañaren escaños nas eleccións xerais, pero si nas locais e / ou autonómicas, pois para conseguí-los mellores resultados posibles nestes procesos electorais tiñan que competir nas xerais baixo o seu propio nome; no entanto, ao mesmo tempo, contaban con incentivos para cooperaren con partidos nacionais fortes, ou con outros de ámbito galego que estivesen na súa mesma situación, e conseguiren así algún escano.

¹⁶ Na primeira lexislatura do Parlamento galego, catro dos deputados do PSdeG-PSOE procedían do PSP e outros 4 do Colectivo Socialista (Márquez, 1997: 47).

Ámbalas dúas estratexias tiñan vantaxes e desvantaxes. En poucas palabras, se os partidos galegos non competían sós nas xerais perdían a súa presenza na política nacional, non poderían recrutar novos membros durante a campaña electoral, a súa organización tendería a atrofiarse e, a medio prazo, corrían o risco de seren absorbidos; pola contra, se cooperaban podían obter recursos materiais e ideolóxicos e conseguir algún escano. Tódolos partidos galegos decidiron competir baixo a súa bandeira ou, como moito, formar pequenas coalicións como Unidade Galega (UG), que tampouco os fixeron viables¹⁷; resolveron, pois, o dilema da coordinación en favor da opción de iren sós esperando mellor sorte nas eleccións locais e / ou autonómicas: o seu comportamento foi intertemporal ou a medio prazo.

- En terceiro lugar, é posible que o que ocorreu fose que os partidos da esquerda nacionalista galega non actuasen de xeito instrumental, senón expresivo. Deste xeito, o que acontecía nas eleccións xerais ou autonómicas non era demasiado importante, porque os obxectivos fixados e as estratexias seguidas formulábanse para alén da arena electoral e as eleccións eran un medio, non un fin.

De acordo coas consideracións dos cadros políticos de dúas das organizacións políticas minoritarias¹⁸ -Manuel Barreiro e Carlos Vázquez¹⁹-, estas tres variables estarían detrás da descoordinación electoral inicial en Galicia. Dende a LCR nos setenta sustentábase que a actuación electoral dos partidos era máis expresiva que instrumental e, sobre todo intertemporal, xa que o máis relevante era o que acontecía nas eleccións locais. En efecto, en palabras de Manuel Barreiro, “salvo o PSdeG-PSOE e o PCG, os restantes partidos da esquerda non seguiron unha lóxica baseada na consecución de escanos nas eleccións xerais ou autonómicas, senón unha máis expresiva de acumulación de recursos ou fidelización dos seus seguidores”; xa que logo, “as decisións estratéxicas dos partidos estaban dirixidas ao ámbito local, ás eleccións locais, en que era moito máis doado conseguir escanos [...]. Os dirixentes dos partidos veñen precisamente do ámbito local [...]. Os partidos eran o sumatorio da súa presenza local”. En fin, “as eleccións de 1985 son o momento clave que fai que a arena autonómica sexa o que máis conta [...], o demais queda supeditado. Ata entón estar ou non no Parlamento non supoñía nada”²⁰.

Así e todo, dende unha forza de maior relevancia electoral como UG primeiro, e logo EG, as causas desta falta de cooperación entre os partidos víanse algo distintas, pois aínda que o comportamento dos partidos a medio prazo semellaba fundamental, entendíase que a descoordinación era máis ben a consecuencia da ausencia de expectativas claras e compartidas. Así, en palabras de Carlos Vázquez, “despois das eleccións xerais de 1977 non se ve aínda claramente que partidos están en condicións de conseguir escanos e cales non [...]. O golpe de 77 non foi tan forte como para convencerte de non continuar. Paga a pena seguir probando, sobre todo cando pouco despois hai de novo varias eleccións [...]. Aprendíase pouco a pouco”. E neste senso, “o acordo que leva á aparición de UG non se adianta ás xerais porque non se contrastara aínda coa realidade das urnas a importancia de cada un [dos socios da coalición] [...]. E non se estendeu ás autonómicas porque non deu tempo. Os partidos non maduraran o necesario”.

17 UG era unha coalición electoral formada para as eleccións xerais de 1979 entre o PSG, o POG e o PG. A coalición non se repetiu nas autonómicas de 1981: o PG e o POG, refundados baixo as siglas de EG, e o PSG, coligado co BNPG, competiron independentemente.

18 Entrevistas en profundidade realizadas en decembro de 2004.

19 Manuel Barreiro foi militante da LCR ata 1981, militante e membro do Consello Nacional de EG dende entón, integrante da Executiva Nacional de UG e participante na negociación da súa entrada no BNG. Carlos Vázquez foi dirixente do POG e UG, e secretario de organización de EG dende 1976 ata 1993.

20 Entrevista a Manuel Barreiro, en 2 de decembro de 2004.

En calquera caso, se ben “as eleccións locais de 1979 dan ás á supervivencia dos partidos pequenos para afrontar outras eleccións, non por iso valorabamos máis unhas eleccións que outras. Sempre tentabamos gañalas”. Xa que logo, “para EG as eleccións autonómicas eran importantes dado o noso carácter autonomista e a nosa aposta polo Estatuto de Autonomía [...]. As eleccións autonómicas era o único sitio onde podiamos competir para conseguir representación [...]. Nas xerais era imposible que conseguíssemos escanos”. Ademais. “os recursos necesarios para competirmos [nas eleccións autonómicas] non eran moitos, sobre todo en comparación coas locais [...]. As eleccións autonómicas sempre foron importantes, aínda que cada vez máis”²¹.

Nos propios documentos dos partidos aparecen algunhas destas variables. Así, aínda que o BNPG decidira presentarse ás eleccións xerais de 1977, advertía que “este é samente un medio máis, e non o máis importante, prá organización das clases populares galegas e a clarificación dos obxectivos a conseguir prá liberación nacional e social do noso país”²²; e nos congresos que o BNPG terá tralo seu fracaso electoral (I Congreso da UPG, agosto 1977 e III Plenario de AN-PG, outono 1977), en que definiron a súa estratexia común no marco da reforma democrática, sinalábase, entre outras cousas, que o marco de “liberdades formais” instaurado pola “democracia burguesa española” debía aproveitarse para concienciar, mobilizar e organiza-las clases populares para conseguila “implantación real”, que non dan as urnas, e a liberación nacional e social. As campañas electorais nunca serían o principal obxectivo, pero si un bo escenario para explicita-la contradición nacionalismo/ españolismo.

Ademais, na propia introdución do *Compromiso de formación de coalición electoral para concurrir ás eleccións o Parlamento de Galicia* en xuño de 1981 entre o BNPG e o PSG sinalábase que “sen renunciar aos obxectivos estratéxicos as forzas nacionalistas actuaremos e participaremos no marco autonómico cunha táctica alternativa que o supere cualitativamente, de tal maneira que serva para reforzar a consecución dos nosos obxectivos de soberanía nacional sen quedar anulados ou illados na nosa actuación política, contribuíndo a que medre a conciencia nacional do pobo galego, utilizando axeitadamente un marco e unha estrutura institucional coincidente formalmente co noso ámeto nacional”. E tampouco é grauíto que na primeira lexislatura autonómica, os tres deputados electos do BNG, Bautista Álvarez, Claudio López Garrido e Lois Diéguez, se negasen a xura-lo Estatuto porque, nas súas propias palabras, “son demócrata e defendo a soberanía nacional de Galicia” (Fernández, 2003: 111)²³.

En contraste con esta radicalidade pódese observa-lo caso de AP. Na introdución do *Programa para o goberno autonómico de Galicia* elaborado polo Gabinete Técnico Rexional para afronta-las eleccións de 1981, Fraga escribía que “desde el punto de vista de la derecha política, la autonomía es un concepto aceptable. La experiencia demuestra que las articulaciones autonomistas democráticas han resultado eficaces por el protagonismo de las fuerzas encuadradas en la derecha. La izquierda, esencialmente centralizada, tiende a desvirtuar las autonomías bajo consideraciones de uniformidad. El concepto de libertad individual, soporte del liberalismo, se manifiesta, hasta el punto de identificarse, sobre el concepto de autonomía”.

21 Entrevista a Carlos Vázquez, en 9 de decembro de 2004.

22 Declaracións recollidas en *Teima* 19, 21-28 de abril de 1977, p. 6.

23 Dende 1997, un deles, Bautista Álvarez, é vicepresidente do Parlamento galego.

“Por esto ALIANZA POPULAR DE GALICIA ha ido más lejos que nadie en el deseo de dotar a Galicia de las máximas posibilidades de autogobierno”²⁴.

No que atinxe á segunda das implicacións desta falta de coordinación inicial de que vimos falando, chama a atención que, se ben os *cleavages* ou dimensións de competición son os mesmos nas eleccións xerais dos anos setenta e nas autonómicas de 1981, o número de partidos viables sexa moi superior nestas últimas, o que é debido a que hai máis escanos en xogo. Se na súa decisión de entrar ou non na competición electoral os partidos só tivesen en conta o que acontece en cada tipo de elección, a predición sería, manténdose todo o demais igual, que nas seguintes eleccións xerais só competirían UCD, PSdeG-PSOE e CD, e nas autonómicas AP, UCD, PSdeG-PSOE, BNP, EG, PCG e aqueles outros partidos que non estaban lonxe de conseguir algún escano, como o PG; é dicir, posto que presentarse é custoso, ninguén sen posibilidades había estar disposto a participar nas eleccións, de xeito que só os partidos viables competirían, pero posto que os escanos se conseguen máis facilmente nas eleccións autonómicas porque hai máis en disputa, a mesma heteroxeneidade social crea máis partidos viables na arena autonómica que na nacional en Galicia.

Isto quere dicir que a fragmentación electoral nun sistema político é unha función da combinación ou interacción entre a heteroxeneidade social e a permisividade electoral: unha comunidade só terá un número elevado de partidos cando conte con varios *cleavages* e dispoña dun sistema electoral o suficientemente *débil* ou con magnitudes de circunscrición grandes, visto que os empresarios políticos poden crear entón partidos viables e separados sobre eses *cleavages* (como sucede nas eleccións autonómicas en Galicia); polo contrario, unha comunidade terá poucos partidos cando non teña necesidade de ou espazo para crealos (os *cleavages* son poucos) ou as oportunidades para facelo sexan escasas (o sistema electoral é *forte*, como acontece nas eleccións xerais en Galicia). A conclusión é que as estruturas electorais teñen unha capacidade máxima para aceptaren partidos, pero son os *cleavages* os que determinan cantos competidores hai por debaixo desta tolerancia institucional máxima (Amorim Neto e Cox, 1997).

En fin, destes resultados electorais tan semellantes nos ámbitos nacional e autonómico infírese a escasa relevancia dos problemas estritamente galegos; así, os determinantes das eleccións xerais de 1979 tamén son os das autonómicas de 1981, de xeito que cristaliza o mesmo sistema de partidos nos dous niveis. As primeiras eleccións ao Parlamento galego deben ser consideradas, pois, como eleccións de “segunda orde”: o comportamento dos actores, partidos e votantes, explícase en gran medida de acordo cos mesmos factores que dan conta das súas preferencias nas eleccións de “primeira orde” ou, neste caso, lexislativas. A menor importancia que se lles concedeu ás primeiras autonómicas aparece reflectida, por exemplo, no seu menor índice de participación (tres puntos porcentuais menos) pese a referirse exclusivamente a Galicia.

Todo isto non supón, é claro, a inexistencia dun *cleavage* nacionalista en Galicia. É ben evidente que a competición electoral en Galicia, ao igual que en Cataluña, Navarra ou o País Vasco, se artella sobre outra dimensión que contrapón o centro e a periferia e que acompaña a clásica oposición entre esquerda e dereita incluso antes da propia formación do Estado das autonomías; os datos sobre a identidade rexional subxectiva que se presentan na táboa 7 son contundentes: a demanda de partidos é maior nestas comunidades que naquelas outras que carecen deste *cleavage* e, en particular, Galicia supera en 10 puntos a media autonómica.

24 En Galicia ¡Gana! Programa de Gobierno Autonómico para Galicia, 1981, pp. 5-6.

TÁBOA 7: IDENTIDADE REXIONAL SUBXECTIVA* NAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS, 1980-2000** (%)

<i>Comunidade Autónoma</i>	<i>Porcentaxe</i>
Andalucía	23
Aragón	18
Asturias	27
Baleares	24
Canarias	48
Cantabria	12
Castela-A Mancha	9
Castela e León	7
Cataluña	32
Estremadura	21
Galicia	32
Madrid	7
Murcia	11
Navarra	42
A Rioxa	8
País Vasco	51
Comunidade Valenciana	10
Media	22

*Inclúense os individuos que se declaran “Só [CC.AA.]” e “Máis [CC.AA.] que español”.

**Trátase da media do período.

Fonte: I. Lago Peñas (2002: 138).

Agora ben, a importancia inicial (aínda que tamén a final) desta dimensión nacionalista non pode equipararse á da división entre esquerda e dereita. Na táboa 8 preséntase a relación entre o voto aos partidos agrupados en esquerda e dereita, o voto aos partidos agrupados en nacionalistas (galegos) e non-nacionalistas e o posicionamento dos votantes nestes dous espazos nas eleccións de 1985²⁵; como pode observarse, a dimensión esquerda-dereita (esquerda *versus* dereita) discrimina moito máis, pois apenas hai votantes que se confesen de esquerda e que voten a partidos de dereita, e á inversa: só o 1 % dos votantes dos partidos de esquerda se sitúa no centrodereita ou na dereita; igualmente, só o 5 % dos votantes dos partidos de dereita se establecen no centroesquerda ou na esquerda. Pola contra, unha maior porcentaxe dos individuos que se manifestan só españois ou máis españois que galegos vota a partidos de ámbito non-estatal, e á inversa: o 30 % dos votantes de partidos de ámbito estatal declárase só galego ou máis galego que español; igualmente, o 6 % dos votantes de partidos de ámbito non-estatal declárase só español ou máis español que galego. A correlación entre o *cleavage* esquerda-dereita e o voto é ben forte (-0,79), mentres que no caso do nacionalismo é sensiblemente máis feble (-0,20).

25 Non hai datos para as eleccións de 1981.

TÁBOA 8: **CLEAVAGES**³ E VOTO A PARTIDOS NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE 1985*

	Voto a partidos ¹		Voto a partidos ²		Identidades
	Esquerda	Dereita	Ámbito estatal	Ámbito non-estatal	
Esquerda (1-2)	119 (13)	4 (0)	96 (6)	8 (2)	Só español
Centrosquerda (3-4)	644 (71)	49 (5)	146 (9)	19 (4)	Máis español
Centro (5-6)	137 (15)	427 (43)	917 (55)	236 (45)	Ambas identidades
Centrodereita (7-8)	13 (1)	373 (38)	439 (26)	203 (39)	Máis galego
Dereita (9-10)	-	134 (14)	72 (4)	61 (12)	Só galego
TOTAL	913 (100)	987 (100)	1670 (100)	527 (100)	TOTAL

1 Correlación: -0,74.

2 Correlación: -0,20.

3 O posicionamento dos votantes na dimensión esquerda ou dereita mediuse de acordo cunha escala que vai do 1 (máxima esquerda) ao 10 (máxima dereita).

*Entre parénteses, as porcentaxes de cada columna. Na esquerda inclúíronse o BNG, EG, PCG e PSdeG-PSOE; na dereita, AP / PDP, CDS e CG. Entre os partidos de ámbito estatal cóntanse AP / PDP, CDS, PCG e PSdeG-PSOE; e entre os de ámbito non-estatal, o BNG, CG e EG.

Fonte: CIS (estudo 1497).

1.4 Incerteza e descoordinación: as eleccións autonómicas dos anos oitenta como procesos de transición na coordinación

As eleccións autonómicas de 1985 e 1989 veñen marcadas pola desaparición da UCD (o segundo partido máis votado nas eleccións inaugurais, con preto do 30 % dos sufraxios) e as incertezas sobre a xestión da súa herdanza de votos e elites. Nun contexto caracterizado pola acusada volatilidade electoral, ou, noutras palabras, pola dificultade de manexar expectativas claras sobre a viabilidade electoral dos partidos, especialmente no seo de cada un dos bloques de esquerda e dereita (táboa 9), as eleccións dos anos oitenta deben considerarse como de transición no que atinxe aos procesos de coordinación. Por un lado, asistimos á incapacidade dos partidos da esquerda nacionalista galega para coordinarse nun só competidor debido a que están *atrapados* nun equilibrio que non poden superar: tanto o BNG como EG, sen esquecer o seu socio alterno, PSG, son capaces de conseguir escanos por si mesmos e, ademais, están empatados nos seus votos; non hai, por tanto, incentivos para que un deles sexa abandonado por elites e votantes de acordo con razóns estratéxicas. Ata que se consiga superar este equilibrio, algo que vai suceder nos anos noventa, a esquerda nacionalista galega seguirá fragmentada e sufrirá as lixeiras tendencias maioritarias do sistema electoral.

TÁBOA 9: VOLATILIDADE ELECTORAL NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS, 1981-2005 (%)*

Volatilidade**	1981-1985	1985-1989	1989-1993	1993-1997	1997-2001	2001-2005
Agregada (VT)	40,12	15,47	19,76	8,05	2,92	11,88
Intrabloques (VIB)	34,23	8,87	17,73	7,63	2,37	4,04
Entre bloques (VB)	5,9	6,6	2,04	0,43	0,55	7,35
% VIB/VT	85,31	57,33	89,73	94,78	81,17	34,01

*Os partidos e coalicións integrados no bloque de centrodereita son os seguintes: AP / PDP / CP / PP, UCD, PG, IDC, IG, PRE, FN, DDE, FE-JONS, CG, PGC, CDS, ARM, PGU, PNG-PG, DG, AU.TO.NO.MO, SDD e DPG. Os partidos e coalicións integrados no bloque de esquerda son os seguintes: PSdeG / PSOE, BNPG / BNG, PSG-EG, PCG, PST, USG-PSOE(h), MCG, GC, PCE-ml, PH / PCH, PCG-mr, AR, FPG, OVE, OVG, PCPG, EU-UG, AG, LE, APU, NPS, IU e EdeG.

**As propiedades dinámicas do comportamento electoral exprésanse na volatilidade. Esta dimensión recolle as modificacións experimentadas polos partidos, e eventualmente nun sistema de partidos, tras unhas eleccións. Dun modo máis preciso, o concepto de volatilidade fai referencia aos cambios electorais netos que se producen nun sistema de partidos entre dúas eleccións sucesivas e que se deben a transferencias individuais de voto. Trátase, en definitiva, dun indicador da estabilidade das preferencias electorais.

Hai dous tipos de volatilidade electoral: a de cada un dos partidos, obtida mediante o cálculo das diferenzas entre os seus resultados en dúas eleccións consecutivas; e a do sistema de partidos, tamén denominada *agregada* ou total. Por súa vez, nesta última distínguense dúas categorías: a *volatilidade entre bloques*, que é a parte da volatilidade total que ten lugar entre dous ou máis grupos de partidos agregados, e a *volatilidade intrabloques*, que é a que se produce exclusivamente no interior dos bloques²⁶.

Fonte: Materiais de elaboración propia.

Por outro lado, a herdanza de votos e elites que deixa UCD distribúese con certa simetría entre CP²⁷ e un novo partido galego, Coalición Galega, que sumou 11 escaños só dous anos despois da súa creación e que xa era precisamente o resultado de coordinar parte dos restos da UCD e pequenos grupos nacionalistas máis ben dispersos²⁸; tamén xorde o CDS das cinzas da UCD, pero cun apoio electoral tan baixo que se converte nunha forza extraparlamentaria. Deste xeito, a dereita tamén está fragmentada. Aínda que AP/CP consolida a súa maioría con oito escaños máis que en 1981 grazas a unha maior concentración do voto de centrodereita, conta de novo cun competidor intrabloque forte que, ademais, ten unha liña de acción moito máis galeguista ou autonomista que UCD: CG adoptou unha marca de nacionalismo centrista que lle conferiu unha significativa incidencia política dende que competiu por primeira vez nas eleccións locais de 1983 ata 1989 (Márquez, 1997: 15-16)²⁹.

26 A fórmula para calcula-la volatilidade electoral agregada (VT) é a seguinte:

$$VB = \sum [P_i(t) - P_i(t+1)] / 2$$

Onde P_i é a porcentaxe de voto ás candidaturas de cada un dos partidos en dúas eleccións consecutivas (t e $t+1$)

A volatilidade entre bloques (VB) obtense da seguinte maneira:

$$VB = \sum [P_iV + P_jV + \dots + P_kV] / \sum [P_xV + P_xV + \dots + P_nV] / 2$$

Onde V é a diferenza entre as porcentaxes de voto de cada partido en dúas eleccións consecutivas.

Finalmente, a volatilidade intrabloques (VIB) calcúlase restando da volatilidade total a que se produce entre os bloques:

$$VIB = VT - VB \text{ (Bartolini e Mair, 1990).}$$

27 Nas eleccións de 1985 AP compite, ao igual que nas xerais, en coalición co PDP e, ademais, co PL e CdeG. Non obstante, ningún destes tres últimos socios da coalición competira como tal nas eleccións anteriores.

28 Coalición Galega creouse en 24 de outubro de 1983 como resultado da fusión do Partido Galego Independiente, Convergencia de Independientes de Galicia, o Partido Galeguista e Centristas de Ourense. O xerme da CG fora CdeG, un pequeno partido de ámbito ourensán auspiciado por Gómez Franqueira e que xa competira exitosamente nas eleccións locais de 1983 en coalición co PG. Xa que logo, o núcleo fundacional de CG estaba constituído pola UCD de Ourense e boa parte da de Lugo (De Juana, Prada e Soutelo, 1996: 482-484).

Polo tanto, os procesos de coordinación efectivos quedan limitados aos partidos minoritarios e ten lugar así unha certa adaptación da oferta partidista á demanda cidadá, a pesar de que, seguen a competir partidos que non son viables e que aínda acumulan porcentaxes de voto significativas. Con todo, non podemos esquecer que a aparición dun partido galego de peso no centrodereita supón o primeiro desenvolvemento dun sistema de partidos diferenciado do resto de España en Galicia, acentuada esta diferenza, asemade, polo discurso máis galego que adoptará CP para competir neste espazo. O sistema de partidos que se conforma nas eleccións autonómicas pasará a trasladarse, aínda que non perfectamente, ás eleccións xerais, e non simplemente á inversa como sucedía nos anos anteriores; é dicir, a natureza de eleccións de rango secundario das autonómicas comeza a ser superada en Galicia. Vexamos máis polo miúdo e a partir dalgunha evidencia empírica todo isto.

Na táboa 10 preséntanse as transferencias de voto entre as eleccións autonómicas de 1981 e as de 1985 de acordo coa enquisa postelectoral do *Centro de Investigaciones Sociológicas*. Coa excepción, talvez, do PCG, existe unha evidente continuidade no comportamento electoral: o 89 % dos votantes de AP en 1981, o 88 % de EG, o 83 % do PSOE e o 77 % do BNG apoiou de novo o seu partido en 1985. O dato que máis nos interesa ten que ver co comportamento electoral dos votantes da UCD nas eleccións de 1981, pois o 84 % pasou a apoiar outro partido de centrodereita (o 43 % a CG, o 25 % a CP e o 16 % restante ao CDS), mentres que apenas o 15 % se pasou ao PSOE. A supe-ditación do *cleavage* nacionalista ao ideolóxico de esquerda-dereita é de novo patente.

TÁBOA 10: TRANSFERENCIA DE VOTO ENTRE AS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE 1981 E AS DE 1985 (%)*

		Autonómicas 1985							
		CP	BNG	CDS	CG	PSG/EG	PCG	PSOE	Total
Autonómicas 1981	AP/PDP	89				7	1	2	596 (40%)
	BNG	3	77		2	13	3	3	64 (4%)
	EG	3			4	88	3	3	75 (5%)
	PCG		14	6		14	53	8	34 (2%)
	PSOE	3		1	5	7	1	83	539 (36%)
	UCD	25		16	43			15	196 (13 %)
	Total	604 (40%)	58 (4%)	40 (3%)	154 (10%)	121 (8%)	31 (2%)	496 (33%)	1504 (100%)

*As porcentaxes están calculadas sobre as filas.

Fonte: CIS (estudo 1497).

As diferenzas na disposición espacial de AP e CG nas dúas dimensións de competición electoral son ben significativas, pois mentres que os galegos situaban o PP no punto 8,42 na escala esquerda-dereita, onde 1 representa a máxima esquerda e 10 a máxima dereita, CG aparecía situada no punto 5,46; igualmente, se os votantes do PP se atopaban no punto 3,03 (cunha desviación típica de 0,90) de media na escala de identidades rexionais, onde como xa sabemos, 1 é "só español" e 5 "só galego", os de CG declarábanse algo "máis galegos" e situábanse de media no punto 3,30 (cunha desviación típica de 0,77)²⁹.

²⁹ Pese ao seu rápido éxito, CG tamén tivo dificultades organizativas. Así por exemplo, en xaneiro de 1987 sufriu a escisión dun grupo que vai constituí-lo PNG.

Nas táboas 11 e 12 ofrécese información adicional sobre a competición electoral no centrodereita galego e a relevancia do *cleavage* nacionalista no seu interior. Como pode observarse, os votantes de CG teñen unha identidade rexional dual ou galega máis acusada que os seguidores de AP ou do CDS (táboa 11): se case o 85 % dos votantes dos partidos de centrodereita que se manifestaban “só españois” ou “máis españois que galegos” apoiaron a AP en 1985, apenas o 10 % apoiaron a CG; e, ao contrario, cando se trata de identidades duais ou máis galegas que españolas, as cousas cambian sensiblemente, xa que entre o 65 % e o 75 % dos votantes confiaron en AP, mentres que entre o 22 % e o 31 % preferiron a CG. Noutras palabras, canto máis intensa é a identidade galega, máis votos sumaba CG e menos AP, aínda que AP mantivo sempre una posición hexemónica. Precisamente existe unha correlación positiva entre as dúas variables que, aínda que feble (0,13), resulta estatisticamente significativa.

TÁBOA 11: CLEAVAGE NACIONALISTA E VOTO A PARTIDOS DE CENTRODEREITA NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE 1985*

Identidades	Voto a partidos**			
	AP	CDS	CG	Total
Só español	64 (83)	5 (7)	8 (10)	77 (100)
Máis español	104 (84)	5 (4)	15 (12)	124 (100)
Ambas identidades	473 (72)	34 (5)	149 (23)	856 (100)
Máis galego	180 (65)	10 (4)	67 (31)	277 (100)
Só galego	41 (75)	2 (4)	12 (22)	55 (100)
Total	862 (73)	56 (5)	271 (23)	1189 (100)

*Correlación: 0,13.³⁰

**Entre parénteses, as porcentaxes de cada fila.

Fonte: CIS (estudo 1497).

Cando a análise se limita aos votantes da UCD nas eleccións autonómicas de 1981 (táboa 12), esta conclusión sae aínda máis reforzada: CG é o partido máis votado en tódalas categorías de identidade rexional subxectiva, excepto entre os que se confesan “só españois”; isto é, os votantes de CG tenden a crecer a medida que se avanza no sentimento de galeguidade, e pasan do 46 % entre os “máis españois que galegos”, ao 48 % entre os “tan galegos como españois”, ao 65 % entre os “máis galegos que españois” e ao 60 % entre os “só galegos”. A correlación neste caso entre as dúas variables é algo maior que antes (0,19) e tamén é estatisticamente significativa. En fin, na estrutura da competición electoral en Galicia o *cleavage* máis forte é o de esquerda-dereita, pero no interior destes bloques ideolóxicos o nacionalista resulta determinante.

30 Segundo a enquisa postelectoral de 1985 do CIS (estudo 1497).

TÁBOA 12: *CLEAVAGE* NACIONALISTA E VOTO A PARTIDOS DE CENTRODEREITA NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE 1985 DOS VOTANTES DA UCD EN 1981

Identidades	Voto a partidos**			
	AP	CDS	CG	Total
Só español	4 (44)	4 (44)	1 (11)	9 (100)
Máis español	4 (31)	3 (23)	6 (46)	13 (100)
Ambas identidades	30 (32)	19 (20)	46 (48)	95 (100)
Máis galego	10 (24)	5 (12)	27 (65)	42 (100)
Só galego	1 (20)	1 (20)	3 (60)	5 (100)
Total	49 (30)	32 (20)	83 (51)	164 (100)

*Correlación: 0,19³¹

De trasladármola a nosa atención dos votantes á clase política, a mobilidade política dos deputados autonómicos tamén está constringida pola división esquerda / dereita antes do que pola nacionalista galega / non-nacionalista galega. En efecto, os trece deputados autonómicos da UCD que volveron ser membros do Parlamento autonómico recalcaron todos eles en partidos de centrodereita, sete en CP e seis en CG, e no que ten a ver cos dezasete deputados galegos que cambiaron de partido entre 1981 e 1997, quince quedaron en forzas do mesmo bloque ideolóxico (trece no centrodereita e dous no centroesquerda) e só dous se integraron en partidos do signo contrario (do centrodereita á esquerda). Agora ben, destes dezasete deputados non-leais, dez pasaron a partidos coa mesma vocación territorial (dous a partidos nacionalistas galegos e oito a partidos non-nacionalistas galegos) e sete a partidos de distinto ámbito (un pasou do nacionalismo ao non-nacionalismo e seis seguiron o camiño inverso; Márquez, 1998: 115). Así mesmo, convén lembrar que a maioría dos alcaldes e unha boa parte dos concelleiros da UCD en 1979 en Ourense se presentaron como candidatos nas eleccións locais de 1983 nas listas de CG (De Juana, Prada e Soutelo, 1996).

Entrementres, a caída de CG foi case tan rápida como o seu ascenso: do 13 % dos votos e 11 escanos que obtivo en 1985 pasou a menos do 4 % dos votos e 2 escanos en 1989 e ao 0,5 % dos votos e 0 escanos en 1993; nas eleccións de 1997 xa non competiu. De xeito máis ou menos similar ao acontecido na UCD (Hopkin, 2000), o marcado *personalismo* no seo de CG e a incapacidade para supera-las loitas internas entre as súas elites a través da creación dunha sólida organización de partido imposibilitou a cooperación entre os seus membros. Trala retirada obrigada da política do *pai* de CG, Gómez Franqueira, a causa dunha grave enfermidade, a estrutura de incentivos para cooperar nunha soa organización política como CG transformouse e apareceron fortes presións para abandonar ou *sair* do partido; como sinalan De Juana, Prada e Soutelo (1996: 492), a adhesión das elites locais a CG dependía de Franqueira e, sobre todo, da medida en que este era capaz de facilitar *incentivos selectivos* ou garanti-la súa participación nos beneficios do poder provincial.

31 A correlación é entre voto a partidos (1 "AP"; 2 "CG") e identidades (1 "só español"; 2 "máis español que galego"; 3 "tan español como galego"; 4 "máis galego que español"; 5 "só galego"). O CDS, por tanto, non se inclúe.

A conclusión que se desprende do caso de CG completa a análise do éxito electoral das organizacións políticas que presentamos. Non porque a oferta dun partido encaixe coa demanda existente e reflectida na estrutura de *cleavages*, de tal xeito que consiga así o número suficiente de votos para entrar nun parlamento nunhas eleccións, está asegurada a súa viabilidade no futuro; a súa organización e outros factores que funcionan a curto prazo, como o seu candidato, ou a capacidade para xestionar os temas específicos de cada elección (por exemplo, a corrupción), poden quebrar os procesos de coordinación ou as estratexias que o fixeron viable. En fin, para que a oferta electoral dos partidos sexa percibida como axeitada pola cidadanía non só ten que responder aos conflitos ou ás divisións estruturais dunha sociedade, esta percepción depende tamén da capacidade de mobilización e de adaptación aos cambios ou dilemas inesperados pola súa parte.

Pese a todo, nas eleccións autonómicas de 1985 e 1989 obsérvase unha certa restrición da oferta partidista ou unha menor dispersión do voto en comparación coas eleccións de 1981; así, se nas eleccións inaugurais da autonomía os votos sen representación alcanzaron o 9,5 %, nas seguintes pasaron ao 7,0 % e ao 7,7 % respectivamente. Esta maior adaptación da oferta partidista á demanda realmente existente foi unha consecuencia da retirada dalgúns partidos minoritarios, do comportamento estratéxico dos votantes dos partidos non-viables e dos primeiros pasos da coordinación electoral no centro-dereita ao redor de AP / PP. Por unha banda, o PG, por exemplo, que se presentara como tal en 1981, integrouse na emerxente CG; pola outra, partidos como o PST, tamén por exemplo, perderon máis da metade dos seus votos. De tódolos xeitos, tanto en 1985 como en 1989 aínda se contaban partidos non-viables que acumulaban entre o 1 % e o 4 % dos votos, como o CDS en ámbalas dúas eleccións, EG ou o PNG-PG nas últimas. Os procesos de coordinación aínda non remataran.

Máis interesante é o que sucedeu no centrodereita galego. Coa excepción das eleccións inaugurais da autonomía, a participación de AP nas eleccións autonómicas de Galicia nos anos oitenta sempre tivo lugar no seo dunha coalición, aínda que como socio maioritario: nas autonómicas de 1985 preséntanse en coalición CD, PDP, PL e CdeG, unha escisión de CG liderada por Victorino Núñez; en 1989 tivo lugar a refundación de AP coa denominación actual de PP, se ben seguiu competindo en coalición con CdeG ata que esta organización se integrou no PP en 1991; dende os primeiros anos noventa (e isto, por súa vez, é algo que favoreceu a coordinación do nacionalismo galego ao redor do BNG, como logo veremos), o PP monopoliza o espazo de centrodereita en Galicia, nacionalista galego ou non; con todo, os procesos de coordinación que cristalizaron neste equilibrio non foron lineais ou continuos.

Como xa sabemos, os centristas da UCD recalaron sobre todo en AP, e en menor medida en CG e no CDS. Por un lado, dos oitenta e catro candidatos ao Parlamento autonómico que CP presentou en 1985, nove xa se candidataran pola UCD; polo outro, dos noventa candidatos de CG nesas mesmas eleccións, oito xa se presentaran nas listas da UCD. Se nos detemos nos parlamentarios da UCD na primeira lexislatura, un 16,9 % deles repetirá ben en CP ben en CG, aínda que xa durante a primeira lexislatura (e unha vez desaparecida a UCD en 1983) comezou a xestión da súa herdanza. O grupo parlamentario da UCD, integrado por vinte e catro deputados, fraccionouse en tres grupos da seguinte maneira: dez terminaron en CG, cinco en CdeG e nove pasaron a ser independentes (Márquez, 1997: 27, 42 e 46).

Como proba de que os procesos de coordinación non teñen só unha dirección, a coalición electoral que dende 1985 tiña lugar entre AP / PP e a escisión de CG, Centristas de Galicia, non sempre se mantivo. A pesar do seu acordo autonómico, a finais de 1990 foi lanzada Convergencia Nacionalista Galega (CNG) como punto de encontro entre CG e CdeG³², un último intento para conseguirla unión dos partidos que permanecían dispersos tralo afundimento da UCD dende unha formación de traxectoria moderada (Lagares, 2003: 62); pero o relativo fracaso de CNG nas eleccións locais de 1991 ou, noutras palabras, a demostración de que non era un partido viable, precipitou a entrada de CdeG no PP en agosto de 1991 polo chamado *pacto de Lalín*. Segundo o propio Victorino Núñez, “la conclusión es la inviabilidad de un proyecto de centro moderado, hoy por hoy: ese es nuestro pensamiento y lo que nos hace reconsiderarlo”³³.

Así e todo, e como xa avala esta escisión na área local de CdeG cando eran socios de coalición electoral e de goberno autonómico do PP, a concentración da oferta partidista e do voto en AP / PP foi un proceso discontinuo e que incluso chegou a quebrarse trala crise de AP na segunda lexislatura autonómica: despois de que cinco dos once deputados de CG pasasen a forma-lo PNG, saíron de AP o por entón vicepresidente da Xunta, Xosé Luís Barreiro Rivas, e catro parlamentarios; a súa entrada en CG en setembro de 1987 dinamitou o pacto de gobernabilidade que firmaran AP e CG para supe-la perda de deputados e garanti-la estabilidade parlamentaria. A crise desencadeada por esta mobilidade de deputados entre os grupos parlamentarios remataría, como é ben coñecido, coa moción de censura de 23 de setembro de 1987 e a formación do goberno tripartito entre o PSdeG-PSOE, CG e o PNG. Ademais, non pode esquecerse que AP tamén tivo que afrontar que os socios máis fieis, o PDP e o PL, decidiran formar unha nova forza política, Coalición Progresista Galega (CPG), en acordo con CG, para competir nas eleccións locais de 1987.

A definitiva coordinación electoral do centrodereita galego, nacionalista e non-nacionalista, ao redor de AP/PP non tería lugar ata os anos noventa, despois de que as eleccións autonómicas de 1989 e as locais de 1991 definiran claramente que partidos eran viables; con todo, non se acadará a través de pactos ou fusións, senón polas transformacións sufridas por cada un dos partidos no ámbito electoral³⁴. As sucesivas confrontacións entre os líderes dos distintos grupos do nacionalismo galego de centrodereita e o fracaso electoral de CG e o PNG precipitou a disolución dalgúns partidos e o abandono da vida política dalgúns dos seus protagonistas (Lagares, 1999: 241)³⁵.

Finalmente, é necesario explicar por que a esquerda nacionalista galega seguía fragmentada. Segundo os supostos do modelo de coordinación formulado, a simplificación da oferta de partidos no espazo nacionalista galego na década de oitenta, tralas eleccións de 1981 e 1985, non era posible ao menos por dúas razóns: en primeiro lugar, os partidos non dispoñían de expectativas claras sobre as posibilidades electorais de cada un deles, e non sendo satisfeitas as exixencias de información que demanda a coordinación electoral, só se pode espera-lo seu fracaso; en segundo lugar, tampouco podería ter lugar esta coordinación dos partidos nacionalistas galegos ao redor dun só competidor cando ningún deles posuía en exclusiva a característica focal que a anima. En efecto, se na primeira lexislatura dous partidos nacionalistas galegos, BNPG e EG, tiñan representación parlamentaria, na segunda engadíraselles CG. Ademais, os resultados do BNPG-PSG / BNG e EG / PSG-EG nas eleccións de 1985 invertéronse, pois despois da saída do PSG da estrutura frontista en 1983 e a súa fusión con EG en 1984, o BNG pasou a contar cun só deputado e o PSG-EG con tres.

32 Ve-la nota anterior.

33 Na provincia de Ourense presentáronse co CDS.

34 *Diario 16 de Galicia*, 4 de setembro de 1991, p. 8.

35 Por exemplo, dos seis candidatos a deputados autonómicos de CG en 1985 que repetiron en 1993, un faríao outra vez en CG, tres nas listas do BNG e dous nas do PSdeG-PSOE.

En fin, a ambigüidade das expectativas e o empate -ou case empate- nos resultados electorais dalgúns dos partidos nacionalistas galegos non permitía a coordinación no espazo nacionalista, e a evidencia empírica con que contamos referenda a consistencia desta explicación. De acordo coas propias elites destes partidos, “se non tivo lugar nos anos oitenta esta integración [a das distintas organizacións nacionalistas no BNG] foi porque os resultados electorais e o apoio social dos demais partidos nacionalistas eran tan importantes ou mellores que os do BNG. Por exemplo, o *sorpasso* en 1985 do PSG-EG, que obtén tres deputados, e o BNG un”³⁶; en palabras de Manuel Barreiro, “o PSG-EG baralla a integración no BNG cando non é capaz de conseguir escano ningún por si só e ten expectativas fiables que sinalan que non é un partido con futuro. E isto ten lugar nos anos noventa” (I. Lago Peñas, 2004: 49 e ss.).

Precisamente nestas eleccións de transición en canto aos procesos de coordinación electoral (incluídas tamén as de 1981), e debido a que compiten partidos non-viables de relevancia, é cando o sistema electoral xoga o seu papel máis determinante. Nas eleccións de 1989 o PP, con Manuel Fraga como candidato á presidencia da Xunta por primeira vez, acadou a maioría absoluta dos escanos (38) simplemente cunha pluralidade dos votos: apenas un 44 % dos votos serviron para sumar case o 51 % dos escanos; trátase, con máis de seis puntos porcentuais, da prima electoral máis alta coñecida en Galicia (táboa 13). Noutras palabras, por primeira e única vez polo de agora na política galega o sistema electoral prefabricou ou creou artificialmente unha maioría absoluta no Parlamento.

TÁBOA 13: PRIMAS ELECTORAIS AO PARTIDO MÁIS VOTADO NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS

<i>Eleccións</i>	<i>1981</i>	<i>1985</i>	<i>1989</i>	<i>1993</i>	<i>1997</i>	<i>2001</i>	<i>2005</i>	<i>Media</i>
% voto do primeiro partido	30,5	41,2	44,2	52,6	52,9	52,5	45,8	45,7
Prima electoral (% escanos - % votos)	4,2	4,1	6,5	4,7	3,1	2,2	3,5	4,0

Fonte: Materiais de elaboración propia.

1.5 A cristalización dos procesos de coordinación: a desaparición de tódolos partidos non-viables


O sistema de partidos que se consagra nas eleccións autonómicas dos anos noventa amosa que finalizaron os procesos de coordinación esperados: o PP é o único competidor no espazo de centrodereita, o BNG representa en exclusiva a oferta do nacionalismo galego e o PSOE carece de rivais no centoesquerda non-nacionalista galego. Ademais, nas dúas últimas eleccións o BNG e o PSOE están atrapados nun equilibrio que non permite esperar, polo de agora, que a esquerda nacionalista galega e a non-nacionalista se coordinen nun só contendente, xa que o empate ou case empate nos seus resultados electorais non incentiva para que ningún destes dous partidos sexa abandonado estratexicamente en favor do outro.

³⁶ Por exemplo, nun caso o PNG non chegou sequer ao 1,5 % dos votos nas autonómicas de 1989 e quedou sen representación parlamentaria; noutro caso, Xosé Luís Barreiro Rivas deixaría a súa carreira política.

As consecuencias desta coordinación tan exitosa son ben evidentes. En primeiro lugar, coa excepción de EU-UG nas eleccións de 1993, ningún outro partido superou o limiar do 1 % dos votos nas tres últimas eleccións autonómicas, e a este respecto convén lembrar que a plataforma UG xa era o resultado de coordina-las forzas nacionalistas galegas non-integradas no BNG ao redor de EG, en particular os sectores galeguistas de centro e independentes saídos do PNG e CG³⁷; a súa coalición electoral con EU era, igualmente, a resposta ás escasas posibilidades que tiñan de acadar algún escano por si sós antes destas eleccións, sobre todo cando a barreira legal para participar no reparto de escanos fora elevada do 3 % ao 5 % dos votos válidos emitidos na circunscrición de acordo coa Lei 5/1992, de 30 de decembro. Tampouco podemos esquecer que nas eleccións autonómicas de 1997 EU-EG e os Verdes entraron nunha coalición electoral en que o socio maioritario era o PSdeG-PSOE³⁸.

En segundo lugar, os votos sen representación caeron sensiblemente, e os partidos non-viables acumularon o 4,94 % dos votos en 1993, o 2,29 % en 1997 e o 2,32 % en 2001; xa que logo, as primas en escanos conseguidas polos partidos máis votados foron as menores de todo o período, de tal xeito que aínda que o PP supera amplamente o limiar do 50 % dos votos, nas eleccións de 1993, 1997 e 2001 a súa sobrerrepresentación é cada vez menor, e en 2001 apenas superou os dous puntos porcentuais (táboa 13). Na figura 3 represéntase o perfil de proporcionalidade do sistema electoral galego nestas tres últimas eleccións, e nela pode apreciarse como unha vez que os procesos de coordinación deixaron só a tres partidos con máis do 1 % dos votos (PP, PSdeG-PSOE e BNG), todos obteñen porcentaxes de escanos moi axustadas ás de votos. En efecto, tódalas taxas de vantaxe están só lixeiramente por enriba ou debaixo de 1: o máximo e 1,09 e o mínimo 0,93, se ben o limiar de neutralidade do sistema electoral se atopa xa no 20 % dos votos. Deste xeito, a sobrerrepresentación non supera o 9 % (o PP en 1993) e a infrarrepresentación o 7 % (o BNG, tamén en 1993). A razón de que A non se separe agora moito da unidade ten que ver co feito de que os partidos perdedores ou sen escanos teñen pouco que perder (acumulan poucos votos) e os gañadores son demasiados para repartiren tan escaso *botín*.

FIGURA 3:
PERFIL DE PROPORCIONALIDADE NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE
1993, 1997 E 2001



37 Francisco Jorquera, membro do Consello Nacional do BNG dende 2001 e responsable técnico de organización dende 1990.

38 Esta denominación de Unidade Galega retoma as siglas da coalición electoral formada nas eleccións xerais de 1979 polo PSG, o POG e o PG.

Na táboa 14 preséntanse os niveis de proporcionalidade nas primeiras e últimas eleccións autonómicas en cada comunidade autónoma calculados segundo o índice de proporcionalidade de Rose³⁹. O nivel de proporcionalidade entre os votos e os escanos das distintas forzas políticas é un indicador do grao de adaptación do sistema de partidos á tolerancia dun sistema electoral ou, noutras palabras, da intensidade da coordinación electoral: canto maior é a proporcionalidade, máis intensa é a coordinación. De acordo cos niveis de proporcionalidade, nas primeiras e últimas eleccións autonómicas en cada comunidade conséntase unha acusada coordinación electoral nestes anos, pois a proporcionalidade media mellorou en máis de tres puntos porcentuais; Galicia é de lonxe a comunidade autónoma onde as consecuencias desta adaptación da oferta partidista á demanda de viabilidade son máis evidentes, xa que a proporcionalidade creceu nuns 13 puntos porcentuais ou, o que é o mesmo, o sistema electoral galego pasou de te-la menor proporcionalidade nos seus inicios a se-lo máis xusto na conversión dos votos en escanos nas eleccións de 2001.

TÁBOA 14: ÍNDICES DE PROPORCIONALIDADE (ROSE) NOS SISTEMAS ELECTORAIS AUTONÓMICOS E NO CONGRESO DOS DEPUTADOS NAS ÚLTIMAS ELECCIÓNS CELEBRADAS EN CADA CASO^a

Posto	Comunidades Autónomas	Índice de Rose ^b	Posto	Comunidades Autónomas	Índice de Rose ^b
<i>Últimas eleccións</i>			<i>Primeiras eleccións</i>		
1	Galicia 2001	97,39	1	Extremadura	98,16
2	Madrid ^c	97,14	2	Madrid	94,01
3	Cataluña	96,73	3	A Rioxa	93,56
4	Aragón	96,48	4	Asturias	93,29
5	Galicia 2005	96,47	5	Aragón	92,64
6	Extremadura	96,22	6	País Vasco	92,20
7	País Vasco	96,08	7	Andalucía	91,48
8	Castela-A Mancha	95,77	8	Murcia	91,14
9	Navarra	95,50	9	Baleares	90,77
10	A Rioxa	94,52	10	Com. Valenciana	90,74
11	Murcia	94,44	11	Cataluña	90,39
12	Cantabria	93,67	12	Navarra	90,22
13	Andalucía	93,51	13	Cantabria	88,67
14	Canarias	92,31	14	Castela e León	88,43
15	España	91,43	15	Castela-A Mancha	88,20
16	Castela e León	90,98	16	Canarias	85,34
17	Com. Valenciana	90,88	17	Galicia	84,98
18	Asturias	90,41	18	España	81,57
19	Baleares	89,80			

^a As eleccións ao Congreso dos Deputados e as autonómicas de Andalucía celebráronse en 2004; as autonómicas do País Vasco e Galicia, en 2005; as de Cataluña, en 2003, e as das restantes comunidades, en 2003.

^b A media de proporcionalidade para tódalas comunidades é do 90,84 % nas primeiras eleccións e do 94,17 % nas últimas.

^c Segundo os resultados das segundas eleccións autonómicas, celebradas en 26 de outubro de 2003.

Fontes: I. Lago Peñas (1998b: cap. 4) e I. Lago e Montero (2004: 22).

39 As diferenzas entre EU-EG e o *Consejo Político Federal* de IU sobre este acordo supuxeron a ruptura entre as dúas organizacións; IU competiu en solitario nestas eleccións e EU-EG na citada coalición.

O proceso de coordinación electoral máis amplo e significativo neste período tivo lugar no espazo nacionalista de esquerda⁴⁰. Por un lado, se nas eleccións de 1985 o BNG só sumaba un dos quince escaños que acadaron os partidos de ámbito non-estatal, nas eleccións de 2001 obtivo os dezasete (táboa 38); polo outro, se nas eleccións de 1985 o BNG só sumou o 27 % dos votos que acadaron os partidos de ámbito non-estatal, nas eleccións de 2001 obtivo o 96 % (táboa 21). Xa sabemos que a coordinación do nacionalismo galego non era posible nos anos oitenta, pero cales son as razóns de que tivese lugar nos anos noventa ao redor do BNG?

Os incentivos para a coordinación do nacionalismo galego nos anos noventa cambiaron radicalmente tralas eleccións autonómicas de 1989, que se caracterizaron por unha relativa estabilidade das preferencias electorais dos votantes e, polo tanto, do sistema de partidos: a volatilidade electoral agregada reduciuse a un terzo (pouco máis do 15 %) en comparación coas eleccións anteriores (táboa 9). Dispoñíase, pois, de expectativas bastante fiables sobre que partidos eran viables e cales non; foi precisamente nas eleccións de 1989 cando o BNG se converteu no partido máis importante dentro do espazo nacionalista galego: despois de pasar do 4% ao 8 % dos votos e de 1 a 5 escaños, duplicou en votos o PSG-EG e quintuplicou CG, que ademais perderon un terzo e nove décimas partes dos seus votos e un terzo e unha quinta parte dos seus escaños respectivamente.

Esta tendencia electoral ascendente do BNG e descendente dos seus competidores nacionalistas resolvía ese empate anterior que impedía a coordinación ao redor dalgún partido. O BNG comezaba así a ter en exclusiva a característica focal que posibilita a coordinación, se-lo único que pode conseguir con seguridade escaños segundo as expectativas manexadas e, neste senso, por exemplo, en palabras de Manuel Barreiro “despois dos reveses electorais de EG gaña paso a idea de integrarse no BNG”. Pero antes esgotáronse tódalas posibilidades de que dispoñían os partidos, e así, “UG é un intento de segui-la estratexia do BNG e ir á zona morna do espectro político [...] e evitar tanta contundencia na loita co PSdeG-PSOE”, “a coalición con EU é o recoñecemento de que sós non tiñamos garantías de conseguir escaños, de asegura-la nosa supervivencia”⁴¹; ou tamén, en palabras de Carlos Vázquez referendando esta estratexia, “UG retómase nos anos noventa pola debilidade de EG [...], búscase unha alianza electoral co resto dos partidos dispoñibles para incrementa-las posibilidades de conseguir escaños”⁴².

Ao mesmo tempo, o BNG experimentou un cambio estratéxico acusado a partir da IV Asemblea Nacional celebrada en 1989 (Barreiro, 2003: 169 e ss.), pois moderou a súa imaxe inicial de forza anti-sistema e radical a través da adopción dunha estratexia pragmática, un programa de medidas concretas interclasistas e o aproveitamento das tensións sociais e económicas provocadas pola incorporación de España á Comunidade Económica Europea; unha mensaxe, en fin, que primaba o nacionalismo posibilista por encima de metas maximalistas de “superoferta” electoral (Máiz, 1996).

40 O índice de Rose calcúlase sumando as diferenzas absolutas entre as porcentaxes de votos e escaños de cada partido, dividíndoa entre dous e restándoa de cen, de acordo coa seguinte fórmula: $P = 100 - 1/2 \sum |v_i - e_i|$, onde v_i e e_i son as porcentaxes de votos e escaños do partido i , respectivamente. O índice oscila entre 0, mínima proporcionalidade, e 100, máxima proporcionalidade (cf. Rose, 1984).

41 Para unha análise moito máis ampla e detallada deste proceso da que se ofrece aquí, pode consultarse o artigo de Lago Peñas (2004).

42 Entrevista a Manuel Barreiro, en 2 de decembro de 2004.

Xa vimos que os incentivos para a coordinación electoral dependen de que as elites participantes teñan preferencias similares entre si e distintas ás dos restantes partidos. A progresiva moderación do BNG facilitou a converxencia de intereses cos partidos nacionalistas galegos menos radicais, incluídos os conservadores como o PNG-PG, que ata entón estaban máis á dereita e non compartían posicións tan radicais como o rexeitamento á Constitución e ao Estatuto de Autonomía, por exemplo; tamén hai que ter en conta que cando a vontade do BNG de aglutina-lo nacionalismo galego ao seu redor se manifesta expresamente con forza é nos primeiros noventa⁴³.

A coordinación do nacionalismo galego é, pois, o resultado tanto dun proceso exógeno ou incentivado pola configuración do sistema de partidos como dun proceso endógeno ou impulsado polo BNG; non podemos esquecer, neste senso, que o xiro estratéxico do BNG se combinou cunha variable que ata entón fora pouco importante no proceso de coordinación: a súa natureza frontista. Fronte aos modelos organizativos dos restantes partidos galegos, a entrada no BNG non impide que un partido manteña a súa personalidade, identidade ou ideario, e os custos da coordinación diminúen polo tanto para os partidos pequenos. Ademais, a coordinación electoral é en certa medida un comportamento de *masa crítica*, isto é, de condutas ou comportamentos que se sosteñen a si mesmos unha vez que superan un determinado limiar (Schelling, 1989), e no noso caso, unha vez que varios partidos ou organizacións se coordinan, o espazo político dos que quedan fóra redúcese e aumentan os incentivos para coordinarse.

Distintas entrevistas ás elites partidistas que interviñeron neste proceso de coordinación avalan esta explicación (I. Lago Peñas, 2004). Así, e no que atinxe ao momento do acordo de integración do PNG-PG no BNG, por un lado, en palabras de Francisco Jorquera, “a simplificación do mapa partidista no nacionalismo nos anos noventa explícase pola hexemonía do BNG a partir das eleccións de 1989 e o seu proceso de expansión que comeza entón. E esa situación foi forzada pola propia dinámica política e social en Galicia”; e, polo outro, en palabras de Rodríguez Peña, “na decisión do PNG-PG foi importante que o BNG pasase nas eleccións de 1989 de un a cinco deputados e que nós obtivésemo-lo resultado que conseguimos”. Como explica Carlos Vázquez, “despois de 93 non hai posibilidade real fóra do BNG”⁴⁴.

Asemade, no relativo á moderación do BNG e á súa natureza frontista, tampouco existen dúbidas sobre a súa importancia. Dende o BNG sostense que “a natureza frontista do BNG foi decisiva nesta integración [...]. Sen esta natureza frontista o proceso de integración sería moito máis complicado [...]. A integración das distintas organizacións nos anos noventa tivo que ver cos resultados electorais e con que o BNG foi facendo unha serie de adecuacións para transforma-lo que era unha forza política de oposición moi dura e cun compoñente ‘resistencialista’ nunha organización política con vocación de gobernar e, polo tanto, a través da loita electoral conseguí-lo apoio que lle permitise goberna-lo marco existente. Este proceso de adecuación no BNG favoreceu a integración de forzas políticas que se movían máis nesas claves xa dende os seus inicios”⁴⁵.

43 Entrevista a Carlos Vázquez, en 9 de decembro de 2004.

44 Na V Asemblea, celebrada en xaneiro de 1991, apróbbase a *Proposta de unidade do nacionalismo*, que debía inspira-lo proceso de conversacións e alianzas con outras forzas políticas.

45 Entrevista a Carlos Vázquez, en 9 de decembro de 2004.

Igualmente, dende UG mantíñase que “sen a moderación do BNG as cousas serían distintas. De feito, o *argumentario* de UG sobre a entrada no BNG substánciase nunha frase que está en varios documentos nosos que di que estratexicamente o BNG encamiñase cara ao lugar no que nós queriamos situa-la nosa alternativa: unha posición crítica cara ás institucións de autogoberno, pero recoñecendo as súas posibilidades para afondar no autogoberno cunha perspectiva autodeterminista [...]. Cando nós abordámo-la integración, facémolo convencidos de que hai unha serie de forzas de cambio dentro do BNG, que non está no punto que nós queremos, pero convencidos de que a nosa propia integración podería facilitar un avance no senso que nós queremos [...]”.

“Por que o BNG adopta unha posición focal ou unha centralidade maior? Porque ofrece nun momento determinado dúas propostas, unha de carácter organizativo, que é o modelo frentista, e outra de carácter discursivo, que é o proxecto común. Que ocorre con estas dúas propostas? Estas dúas propostas son unha invitación a unha integración sen deconstruí-la túa identidade. Seguimos sendo un partido da esquerda nacionalista, que se incorpora a un frente, podemos seguir mantendo o noso ideario”⁴⁶. Ou tamén que “para explica-la entrada de UG no BNG hai que ter en conta os movementos tácticos de aproximación do BNG a EG e a propia organización frentista do BNG”⁴⁷.

Finalmente, esta coordinación ao redor do BNG aliméntase a si mesma, as elites das forzas políticas participantes non o dubidan. Como apunta Xesús Vega, “o feito de que o BNG abarque cada vez máis espazo no nacionalismo e que outras organizacións se integren no BNG incentivou que INZAR tamén entrase”⁴⁸; ou en palabras de Manuel Barreiro, “a medida que distintas organizacións de diferente indole se integran no BNG, a presión para que outros tamén entren é maior, posto que te quedas sen espazo propio e non ten demasiado senso quedarse fóra”⁴⁹. En fin, como explica Rodríguez Peña, “a nosa entrada [do PNG-PG] no BNG foi determinante nas decisións posteriores de integración de INZAR e UG”⁵⁰.

As consecuencias destes procesos de coordinación do nacionalismo galego ao redor do BNG son ben evidentes cando se manexan datos individuais. Nas táboas 15 e 16 preséntanse as transferencias de voto entre as eleccións autonómicas de 1989, 1993 e 1997, respectivamente, de acordo coas enquisas do *Centro de Investigaciones Sociológicas*⁵¹. Nelas pode observarse como a gran maioría dos votantes dos partidos de ámbito non-estatal, coa excepción dos restos de CG, se pasan ao BNG e, en concreto, como o 80 % dos seguidores de EG, EU e o PNG-PG en 1989 foron votantes do BNG en 1993; o BNG tamén se beneficia sensiblemente da caída do PSdeG-PSOE, pois o 20 % dos votantes socialistas en 1989 decidiu apoialo en 1993. Por outra parte, esta transferencia de votos cara ao BNG combínase coa importante lealdade dos seus votantes, posto que máis do 90 % dos seus seguidores en 1989 volveron vota-la organización en 1993.

Así e todo, o partido que conta cos votantes máis fieis é outra vez o PP, visto que máis do 95 % dos seus seguidores en 1993 xa o eran en 1989. Noutras palabras, o ascenso do BNG non foi á custa do PP: en termos porcentuais, non en termos absolutos, houbo máis persoas votantes do BNG en 1989 que se pasaron ao PP en 1993 que á inversa.

46 Entrevista a Francisco Jorquera, en 15 de outubro de 2003.

47 Entrevista a Manuel Barreiro, en 2 de decembro de 2004.

48 Entrevista a Carlos Vázquez, en 9 de decembro de 2004.

49 Entrevista a Xesús Vega, portavoz de INZAR, deputado autonómico e membro do Consello Nacional do BNG dende 1993, en 14 de outubro de 2003.

50 Entrevista a Manuel Barreiro, en 7 de outubro de 2003.

51 Entrevista a Xosé H. Rodríguez Peña, en 21 de outubro de 2003.

TÁBOA 15: TRANSFERENCIAS DE VOTO ENTRE AS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE 1989 E AS DE 1993 (%)*

	<i>Autonómicas 1993</i>			
	BNG	PP	PSOE	Total
BNG	92	6	2	109 (12 %)
CDS	33	33	33	3 (0%)
CG		82	18	11 (1%)
EG	77	8	15	13 (1%)
EU	80		20	5 (1%)
PNG-PG	75		25	4 (0%)
PP	3	96	1	485 (53%)
PSOE	20	11	69	292 (32%)
Total	180 (21%)	517 (56%)	215 (23%)	912 (100%)

*As porcentaxes están calculadas sobre as filas.

Fonte: CIS (estudo 2020).

En 1997 confirmanse estas tendencias. Sen máis partidos nacionalistas galegos con que concorrer xa, o BNG crece só en detrimento do PSdeG-PSOE: o 20 % dos votantes socialistas en 1993 votaron o BNG en 1997; canto ao PP, o 94 % dos seus votantes en 1993 seguiron sendo *populares* en 1997.

TÁBOA 16: TRANSFERENCIAS DE VOTO ENTRE AS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE 1993 E AS DE 1997 (%)*

	<i>Autonómicas 1997</i>			
	BNG	PP	PSOE / EU / OV	Total
BNG	97	1	2	221(20 %)
PP	4	94	1	645 (59%)
PSOE	19	14	67	224 (21%)
Total	284 (26%)	649 (59%)	159 (15%)	1091 (100%)

*As porcentaxes están calculadas sobre as filas.

Fonte: CIS (estudo 2263).

Nas táboas 17 e 18 preséntase o comportamento electoral dos galegos nas eleccións dos anos noventa segundo a súa posición nos dous *cleavages* sobre os cales se articula a competición partidista en Galicia. Ao igual que nas eleccións anteriores, a división entre a esquerda e a dereita é claramente dominante: só o 4 % dos votantes dos partidos de dereita en 1993 e 1997 se sitúa na esquerda ou no centroesquerda, e apenas o 3 % dos votantes dos partidos de esquerda se sitúa na dereita ou no centrodereita nestas eleccións; agora ben, cando se trata do *cleavage* nacionalista, as cousas cambian sensiblemente: o 30 % dos votantes dos partidos de ámbito estatal en 1993 e o 38 % en 1997 manifestábase “só galego” ou “máis galego que español” e, igualmente, o 11 % dos votantes dos partidos de ámbito non-estatal en 1993 e o 5 % en 1997 declarábase “só español” ou “máis español que galego”. En fin, como pode comprobarse, se ben a correlación existente entre o voto e o *cleavage* esquerda-dereita é maior de -0,70, entre o voto e o *cleavage* nacionalista non supera o -0,20.

TÁBOA 17: **CLEAVAGES** E VOTO A PARTIDOS NAS ELECCIÓNS DE 1993*

	Voto a partidos ¹		Voto a partidos ²		
	Esquerda	Dereita	Ámbito estatal	Ámbito non-estatal	
Esquerda (1-2)	113 (23)	3 (1)	45 (5)	16 (6)	Só español
Centroesquerda (3-4)	289 (58)	18 (3)	82 (9)	14 (5)	Máis español
Centro (5-6)	87 (17)	145 (27)	521 (57)	117 (41)	Ambas identidades
Centrodereita (7-8)	14 (3)	246 (46)	207 (23)	108 (38)	Máis galego
Dereita (9-10)	-	118 (22)	66 (7)	32 (11)	Só galego
Total	503 (100)	530 (100)	921 (100)	287 (100)	Total

1Correlación: -0,77.

2Correlación: -0,13.

*Entre parénteses, as porcentaxes de cada columna. Na esquerda inclúíronse o BNG, AG, PSdeG-PSOE e UG-EU; na dereita, CG e PP. Entre os partidos de ámbito estatal cóntanse PP, PSdeG-PSOE e UG-EU; entre os de ámbito non-estatal, o BNG, CG e AG.

Fonte: CIS (estudo 2070).

TÁBOA 18: **CLEAVAGES** E VOTO A PARTIDOS NAS ELECCIÓNS DE 1997*

	Voto a partidos ¹		Voto a partidos ²		
	Esquerda	Dereita	Ámbito estatal	Ámbito non-estatal	
Esquerda (1-2)	108 (19)	4 (1)	50 (5)	8 (2)	Só español
Centroesquerda (3-4)	298 (54)	18 (3)	54 (6)	12 (3)	Máis español
Centro (5-6)	130 (23)	260 (39)	553 (60)	192 (46)	Ambas identidades
Centrodereita (7-8)	18 (3)	289 (44)	193 (21)	132 (32)	Máis galego
Dereita (9-10)	2 (0)	93 (14)	74 (17)	72 (17)	Só galego
Total	556 (100)	664 (100)	924 (100)	416 (100)	Total

1Correlación: -0,71.

2Correlación: -0,20.

*Entre parénteses, as porcentaxes de cada columna. Na esquerda incluíronse o BNG, IU e a coalición PSdeG-PSOE-EU-OV; na dereita, o PP. Entre os partidos de ámbito estatal cóntanse o PP, IU e a coalición PSG-PSOE-EU-OV; entre os de ámbito non-estatal, o BNG.

Fonte: CIS (estudo 2263).

A importancia do *cleavage* nacionalista maniféstase na competición intrabloque entre o BNG e o PSdeG-PSOE, e a este respecto preséntase a relación entre as identidades rexionais subxectivas e o voto a estes dous partidos en tres das últimas eleccións autonómicas na táboa 19. Nela podemos ver como mentres que o PSdeG-PSOE domina sempre entre os que se consideran “só españois”, o BNG gaña en tódalas eleccións entre os “só galegos”. Nas categorías intermedias é onde se concentran os cambios máis significativos, pois os socialistas perderon votantes sobre todo entre os que din sentirse “máis galegos que españois” e aguantaron mellor o tirón do BNG entre a cidadanía con identidade dual ou algo máis española.

TÁBOA 19: IDENTIDADE REXIONAL SUBJECTIVA E VOTO AOS PARTIDOS DE ESQUERDA

<i>Identidades</i>						
<i>Partidos</i>	<i>Só español</i>	<i>Máis español que galego</i>	<i>Tan galego como español</i>	<i>Máis galego que español</i>	<i>Só galego</i>	<i>Total</i>
1985*						
BNG	0 (0%)	2 (5%)	10 (3%)	29 (11 %)	33 (57%)	74 (9%)
PSOE	26 (100%)	36 (95%)	397 (98%)	232 (89%)	25 (43%)	716 (91%)
Total	26 (100%)	38 (100%)	407 (100%)	261 (100%)	58 (100%)	790 (100%)
1993**						
BNG	10 (40%)	14 (37%)	114 (48%)	105 (61%)	32 (58%)	275 (52%)
PSOE	15 (60%)	24 (63%)	125 (52%)	66 (39%)	23 (42%)	253 (48%)
Total	25 (100%)	38 (199%)	239 (100%)	171 (100%)	55 (100%)	528 (100%)
1997***						
BNG	8 (32%)	12 (71%)	192 (66%)	132 (74%)	72 (85%)	416 (70%)
PSOE	17 (68%)	5 (29%)	98 (43%)	47 (26%)	13 (15%)	180 (30%)
Total	25 (100%)	17 (100%)	290 (100%)	179 (100%)	85 (199%)	596 (100%)

Correlacións: *-0,35; **-0,15; ***-0,21.

Fonte: CIS (estudos 1497, 2020 e 2263).

Na táboa 20 represéntanse aquelas variables que son ao mesmo tempo consecuencia e causa dos procesos de coordinación en Galicia: trátase dos movementos dos partidos inmediatamente despois das eleccións autonómicas⁵² nos dous espazos de competición electoral, o nacionalista e o ideolóxico de esquerda-dereita, dende 1985 a 2001 segundo os votantes. Sobre todo no caso do BNG, obsérvase unha sistemática e progresiva moderación da súa oferta ideolóxica, en que pasa do punto 2,12 ao 3,15; canto ao seu nacionalismo galego, tamén adopta posicións menos radicais, movéndose do punto 7,81 en 1993 ao punto 7,56 en 2001⁵³ e, deste xeito, aproxímase a posicións máis rendibles electoralmente, posto que nelas se concentran un maior número de votantes. Xa sabemos que esta moderación fixo posible, en combinación con outras variables, que distintos partidos situados a ambos lados do BNG entrasen na organización frontista; ao carecer de competidores no espazo nacionalista de esquerda, o BNG puido adecuar aínda máis a súa oferta nacionalista a demandas máis maioritarias da cidadanía galega.

52 Na medida en que os datos das eleccións do 2001 non ofrecían nada novo, non foron incorporados ao texto.

53 Non hai datos para 1981 nin para 1989.

O PP seguiu, aínda que no outro lado do espectro ideolóxico, un proceso similar de moderación, pois entre 1985 e 2001 a súa posición na dimensión esquerda-dereita pasou do punto 8,42 ao punto 7,67, isto é, tamén se achegou a espazos máis rendibles electoralmente. Pola contra, no que atinxe á dimensión nacionalista, nas últimas eleccións camiñou cara a posicións menos galegas e menos interesantes para as súas aspiracións electorais.

Finalmente, o PSdeG-PSOE non ten unha tendencia tan definida, e en 2001 practicamente volveu ao punto en que xa estaba en 1985 no eixo esquerda-dereita, despois de centrarse nas eleccións dos anos noventa. Agora ben, si parece que nas eleccións de 2001 modificou sensiblemente a súa posición no espazo nacionalista, posto que se trasladou case medio punto nesta dimensión de competición respecto a 1997; xa que logo, aproximouse así a espazos en que se concentran máis votantes.

TÁBOA 20: POSICIONAMENTO DOS PRINCIPAIS PARTIDOS NAS DIMENSIÓN DE COMPETICIÓN (MEDIAS)*

	<i>Eleccións</i>	<i>Electorado</i>	<i>BNG</i>	<i>PSOE</i>	<i>CP / AP / PP</i>	<i>CG</i>
<i>Dimensión Esquerda-dereita (1-10)</i>	1985	5,22 (2,03)	2,12 (1,61)	3,85 (1,28)	8,42 (1,35)	5,46 (1,56)
	1993	5,29 (2,34)	2,58 (1,69)	4,37 (1,72)	8,10 (1,77)	
	1997	5,29 (2,13)	2,89 (1,47)	4,36 (1,65)	7,63 (1,69)	
	2001	5,16 (1,92)	3,15 (1,80)	3,98 (1,57)	7,67 (1,65)	
	2005	4,95 (2,01)	2,74 (2,01)	4,10 (1,33)	7,90 (1,67)	
<i>Escala de nacionalismo galego (1: mínimo nacionalismo 10: máximo nacionalismo)</i>	1985					
	1993	5,81 (2,50)	7,81 (2,45)	4,17 (2,21)	4,58 (2,60)	
	1997	5,88 (2,0)	7,37 (2,17)	4,03 (1,87)	4,44 (2,32)	
	2001	5,62 (2,02)	7,71 (2,45)	3,79 (2,21)	3,10 (2,58)	
	2005	4,45 (2,36)	7,76 (2,26)	4,53 (1,91)	3,14 (2,27)	

* Entre parénteses, as desviacións típicas.

Os partidos están colocados segundo as opinións da cidadanía galega. Non hai datos sobre o posicionamento dos partidos na dimensión do nacionalismo galego en 1985.

Fonte: CIS (estudos 1497, 2070, 2263, e 2661) e Rivera (2003: 400), no que ten que ver coa dimensión nacionalista en 2001.

Tampouco debemos esquecer que estes movementos dos partidos (e, en xeral, os procesos de coordinación), ligados a esa crecente importancia da arena autonómica motivada pola transición das eleccións autonómicas dende o rango secundario a un primario, viñeron acompañados dun significativo desenvolvemento das identidades denominadas duais. Ben como causa ou efecto, obsérvase -sobre todo a partir de 1985, cando os partidos da esquerda nacionalista galega recoñecen a importancia da política autonómica- a substitución das identidades excluíntes españolas e galegas polas duais, de tal xeito que entre 1979 e 2005 a porcentaxe de individuos que se declaran “só españois” ou “só galegos” caeu nuns 10 puntos porcentuais en cada caso; paralelamente, as identidades asemade galegas e españolas pasaron do 43 % ao 66 % (táboa 21).

Esta evolución tan definida das identidades rexionais encaixa con argumentos como os de Beramendi e Máiz (2003) cando sinalan que o Estado dos autonomías funcionou con éxito no mantemento e xeración de identificacións duais en España. Aínda que o mecanismo deste proceso non está claro e, ademais, escapa ás posibilidades deste ensaio, podemos dicir que ben puido se-lo incentivo para que os partidos galegos adoptaran estratexias máis focalizadas en Galicia, ou ben a súa consecuencia; o que non se pode negar é que as demandas dos galegos cambiaron nas dúas últimas décadas e a oferta nacionalista excluín-te, for galega ou española, perdeu posicións en favor de formulacións máis mornas.

TÁBOA 21: IDENTIDADE REXIONAL SUBXECTIVA (%)

Identidades	1979	1985	1993	1997	2001	2005
Só español		5	6	5	5	4
Máis español que galego	21	7	8	5	5	5
Tan galego como español	43	53	52	57	64	66
Máis galego que español	35	27	25	23	19	22
Só galego		7	9	10	6	4

Fonte: CIS (Estudios 1497, 2070, 2267, 2434 e 2611) e Martínez (2000: 19) para 1979.

A conclusión que se desprende de todas estas análises é que os procesos de coordinación tiveron lugar no seo de cada un dos bloques ideolóxicos, pero nunca entre eles. Non debemos esquecer que unha das exixencias máis básicas para que se produza a coordinación son as preferencias similares e, como se observa na táboa 22, dende 1985 ata 2001 a porcentaxe de votos acumulada polos bloques de esquerda / dereita e nacionalismo galego / non-nacionalismo galego apenas cambiaron.

TÁBOA 22: EVOLUCIÓN POR BLOQUES* NAS ELECCIÓN AUTONÓMICAS, 1981-2005 (%)

<i>Bloques</i>	<i>1981</i>	<i>1985</i>	<i>1989</i>	<i>1993</i>	<i>1997</i>	<i>2001</i>	<i>2005</i>	<i>Media</i>
Esquerda	36,12	42,00	48,60	46,58	46,10	44,69	53,61	45,34
Dereita	63,89	57,98	51,38	53,40	52,77	53,31	46,39	54,16
PANES 14,19	23,22	17,38	19,61	25,33	23,97	19,33	20,43	
PAES 85,82	76,76	82,60	80,37	74,54	76,03	80,67	79,54	

*Os partidos e coalicións integrados no bloque de PANES son os seguintes: BNPG / BNG, PSG-EG, PG, IDC, IG, GC, CG, PGC, PCPG, FPG, OVG, PGU, PNG-PG, AG, APU, EdeG e DPG. Os partidos e coalicións integrados no bloque de PAES son os seguintes: AP / PDP / CD / PP, UCD, PSdeG-PSOE, PCG, PST, USG-PSOE (h), MCG, PRE, FN, DDE, FE-JONS, PCE (m-l), CDS, PH / PCH, PCG (mr), EU-IU, AR, OVE, ARM, EU-UG, LE, NPS, AU.TO.NO.MO e SDD.

Fonte: Materiais de elaboración propia.

1.6 As eleccións de 2005: un cambio de goberno pese á continuidade electoral

Os resultados das eleccións galegas de 2005 deron lugar a un goberno non-conservador por primeira vez⁵⁴, pero isto non significa, como tratarei de demostrar, que se producise unha ruptura respecto ás anteriores eleccións ou, de se preferir, un cambio de ciclo electoral. Antes ao contrario, a característica máis definitoria destas eleccións é a relativa continuidade no comportamento electoral dos galegos; e este é precisamente o paradoxo destas eleccións. A maior parte da cidadanía galega cría necesario un cambio de goberno (un 67 % de acordo coa enquisa postelectoral do CIS) debido, entre outras razóns, a que a actuación da Xunta nos últimos anos non era valorada positivamente (un 69 % dos galegos valorábaa como “regular”, “mala” ou “moi mala”, de novo segundo a enquisa postelectoral do CIS) e, con todo, non se observan diferenzas demasiado significativas no seu comportamento entre as eleccións autonómicas de 2005 e as anteriores. En particular, parécenme especialmente interesantes tres aspectos:

- En primeiro lugar, sabemos que a posibilidade de alternancia no goberno era máis real que nunca, pois a enquisa preelectoral do CIS, realizada unhas semanas antes das eleccións, atribuíu ao PP menos do 44 % dos votos e entre 34 e 36 escanos; isto é, atopábase lonxe da maioría absoluta de escanos que necesitaba para poder gobernar. Pero, sobre todo, nas eleccións xerais de 2004 xa se observara unha notable redistribución de apoios: o PP pasara do 54,78 % dos votos en 2000 ao 47,90 % en 2004, mentres que o PSdeG-PSOE subira do 24,02 % en 2000 ao 37,78 % en 2004. Ademais, a participación electoral sufrira unha acusada mellora, pasando do 65 % ao 71 %, e unha participación elevada é nos últimos tempos en España un dos puntos clave dos partidos de esquerda para conseguir bos resultados (Barreiro, 2002); agora ben, sorprendentemente, o aumento da participación electoral en 2005 apenas chegou aos catro puntos porcentuais respecto a 2001.

54 Sempre de acordo cunha escala que vai do 1 (máxima esquerda / mínimo nacionalismo) ao 10 (máxima dereita / máximo nacionalismo); con todo, a carencia de datos anteriores non permite que se poida acompañar máis claramente esta tendencia.

- En segundo lugar, e de novo segundo a enquisa postelectoral do CIS, Manuel Fraga seguía sendo o político máis coñecido e, sobre todo, mellor valorado polos galegos, cunha media de 6,0 sobre 10, sensiblemente por enriba de Emilio Pérez Touriño, cunha media de 5,33, e de Anxo Quintana, cunha media de 4,96.

- En terceiro lugar, tampouco a demanda política dos galegos nin a oferta dos partidos experimentaron variacións importantes. Como xa dixemos antes, o comportamento electoral dos galegos (e, polo tanto, a competición entre os partidos) artéllase sobre a división entre esquerda / dereita e nacionalistas galegos / non-nacionalistas galegos; pois ben, por un lado, e como pode observarse na táboa 20, se en 2001 a posición media dos galegos na escala esquerda-dereita era 5,16 puntos (onde 1 é "máxima esquerda" e 10 "máxima dereita"), en 2005 pasa a 4,95 e, ademais, aumenta a variabilidade; noutras palabras, non son diferenzas significativas. En canto aos sentimentos nacionalistas, en 2001 un 64 % dos galegos sentíase "tan español como galego", fronte a un 66 % en 2005. As porcentaxes dos que se senten "só galegos" ou "máis galegos que españois" non sufriu cambios: un 25 % en ambas eleccións (táboa 21).

Se nos detemos agora na oferta dos tres grandes partidos, en canto ao liderado das respectivas organizacións, o único candidato á presidencia da Xunta de Galicia que non repetía era Anxo Quintana, do BNG. En canto aos espazos de competición e polo que ten a ver coa división entre esquerda e dereita (táboa 20, onde, outra vez, 1 é "máxima esquerda" e 10 "máxima dereita"), para os galegos o PP pasou do 7,67 en 2001 ao 7,90 en 2005, mentres que o PSdeG-PSOE se moveu do 3,98 ao 4,10 e o BNG do 3,15 ao 2,74. Na segunda dimensión de competición electoral, a posición nacionalista galega do PP pasou do 3,10 en 2001 a 3,14 en 2005 (onde 1 é "mínimo nacionalismo galego" e 10 "máximo nacionalismo galego"), mentres que o PSdeG-PSOE e o BNG pasaron do 3,79 ao 4,53 e do 7,71 ao 7,76, respectivamente. Cando se alinean estes tres elementos, o resultado non é outro que unha notable continuidade no comportamento electoral da cidadanía galega, como consecuencia de que os procesos de coordinación foron un éxito.

Se ben a existencia dun único competidor no centrodereita e de dous na esquerda, PSdeG-PSOE e BNG, atrapados nun equilibrio de difícil ruptura, supón unha gravidade que limita excesivamente os cambios electorais, non se poder negar, porén, que de acordo cos datos agregados que se presentan na táboa 9, a volatilidade -a medida en que o voto en Galicia é similar entre dúas eleccións consecutivas- aumentou en 2005 fronte aos anos anteriores, e que, ademais, por primeira vez son máis importantes as transferencias de voto entre a esquerda e a dereita que dentro de cada un dos bloques. Pero, en tanto que aquí non se contempla o incremento da participación, estes datos resultan enganosos.

Na táboa 23 analízase a volatilidade entre as eleccións de 2001 e 2005 con datos individuais que proceden da enquisa postelectoral do CIS. Como pode observarse, máis do 90 % dos votantes do PP e do PSdeG-PSOE en 2001 volveron apoia-lo mesmo partido en 2005, e canto ao BNG, esta porcentaxe é algo menor, un 79 %; como en anteriores eleccións, son poucos os individuos que pasan dun bloque ideolóxico a outro: só un 7% e un 2 % dos votantes do PP en 2001 apoiaron o PSdeG-PSOE e o BNG en 2005, respectivamente. Estes son votos que recupera en parte o PP, se temos en conta que o 2% e o 5 % dos votantes socialistas e nacionalistas galegos, respectivamente, apoiaron os *populares* en 2005. Como sempre, o principal movemento de votantes ten lugar entre socialistas e nacionalistas galegos: un 17 % dos segundos en 2001 votaron os primeiros en 2005.

O dato máis salientable é que hai unha significativa porcentaxe de mobilizados, é dicir, de persoas que abandonan a abstención de 2001 en favor do voto a un partido en 2005. Neste grupo de votantes parece estar unha das claves da perda do goberno do PP, pois preto do 80 % destes mobilizados votaron o PSdeG-PSOE (sobre todo) ou o BNG, pero só un 25 % o PP; é dicir, o aumento da participación danou gravemente os intereses electorais dos conservadores.

TÁBOA 23: TRANSFERENCIAS DE VOTO ENTRE OS PARTIDOS NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE 2001 E 2005 (%)*

		<i>Autonómicas 2001</i>				
		BNG	PP	PSdeG - PSOE	Abstención	Total
<i>Autonómicas 2005</i>	BNG	79	2	5	32	21,8 (245)
	PP	4	91	2	25	43,3 (487)
	PSdeG - PSOE	17	7	93	44	34,9 (392)
	Total	22,1 (248)	44,3 (498)	27,1 (305)	6,5 (73)	100,0 (1124)

*As porcentaxes están calculadas sobre as columnas. Entre parénteses, o número de individuos.

Fonte: CIS (estudo 2611).

Se analizamos a natureza destes cambios máis polo miúdo, de novo a dimensión esquerda-dereita explica o que acontece en moita maior medida que a definida pola oposición entre nacionalismo galego e non-nacionalismo galego. Nas táboas 24 e 25 preséntase a relación existente entre o voto aos partidos de acordo con estas dúas variables nas eleccións de 2005; como pode comprobarse, apenas hai votantes que se confesen de esquerda ou centreesquerda que voten o PP, e viceversa, practicamente tódolos galegos de dereita ou centrodereita votan o PP. O posicionamento ideolóxico é, pois, un excelente indicador do comportamento electoral en Galicia.

TÁBOA 24: RELACIÓN ENTRE O VOTO A PARTIDOS E A IDEOLOXÍA (ESQUERDA-DEREITA) NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE 2005 (%)*

		<i>Escala esquerda-dereita</i>					
		Esquerda	Centreesquerda	Centro	Centrodereita	Dereita	Total
<i>Autonómicas 2005</i>	BNG	50	43	15	2	0	25,2 (290)
	PP	0	2	46	94	98	38,4 (442)
	PSdeG-PSOE	50	55	38	4	2	36,5 (420)
	Total	10 (113)	35 (403)	30 (341)	20 (231)	6 (64)	100,0 (1152)

*As porcentaxes están calculadas sobre as columnas. Entre parénteses, o número de individuos.

Fonte: CIS (estudo 2611).



Polo contrario, moitos máis individuos de entre os que se manifestan “só españois” ou “máis españois que galegos” votaron o BNG. Así, como pode observarse na táboa 25, o 10 % de votantes que se declaraban “só españois” votaron a partidos nacionalistas galegos, e outro tanto sucede entre os votantes que teñen identidades total ou predominantemente galegas: o 47 % de votantes que se confesaban “só galegos” e o 60 % dos que se consideraban “máis galegos que españois” votaron PP ou PSdeG-PSOE.

TÁBOA 25: RELACIÓN ENTRE O VOTO A PARTIDOS E OS SENTIMENTOS NACIONALISTAS NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE 2005 (%)*

		<i>Sentimentos nacionalistas</i>					
		Só español	Máis español que galego	Tan galego como español	Máis galego que español	Só galego	Total
Autonómicas 2005	BNG	10	6	18	40	53	23,4 (303)
	PP	53	59	44	31	27	40,9 (529)
	PSdeG-PSOE	38	34	39	29	20	35,7(461)
	Total	3,1 (40)	4,9 (64)	65,0 (840)	23,3 (300)	3,8 (49)	100,0 (1293)

*As porcentaxes están calculadas sobre as columnas. Entre parénteses, o número de individuos.

Fonte: CIS (estudo 2611).

Como podemos imaxinar, o *cleavage* nacionalista é outra vez particularmente importante na competición entre o PSdeG-PSOE e o BNG. Na táboa 26 preséntase a relación entre os sentimentos nacionalistas e o voto a estes dous partidos nas últimas eleccións autonómicas: como queda de manifesto, mentres que o PSdeG-PSOE se fai con 8 de cada 10 votantes que se confesan “só españois” ou “máis españois que galegos”, o BNG leva o 58 % dos votantes que se declaran “máis galegos que españois” e o 72 % dos que se din “só galegos”. En xeral, os socialistas perden votos en favor dos nacionalistas galegos canto máis galega é a identidade, e á inversa.

TÁBOA 26: RELACIÓN ENTRE O VOTO A PARTIDOS DE ESQUERDA E OS SENTIMENTOS NACIONALISTAS

		<i>Sentimentos nacionalistas</i>					
		Só español	Máis español que galego	Tan galego como español	Máis galego que español	Só galego	Total
Autonómicas 2005	BNG	21	15	31	58	72	39,7 (303)
	PSdeG-PSOE	79	85	69	42	28	60,3(461)
	Total	3 (19)	3 (20)	62 (475)	27 (208)	5 (36)	100,0 (764)

*As porcentaxes están calculadas sobre as columnas. Entre parénteses, o número de individuos.

Fonte: CIS (estudo 2611).

Estreitamente ligada ao aumento da participación, destaca nas eleccións de 2005 a acusada diferenza entre o voto rural e o urbano. Como pode comprobarse na táboa 27, o PP consegue os seus mellores resultados nos municipios máis pequenos, mentres que o PSdeG-PSOE e o BNG conséguenos nos máis grandes; así, se ben o PP perdeu votos en tódolos concellos, a súa caída foi menos importante (en termos relativos) nos de menos de 15.000 habitantes: en 2005 aínda suma practicamente o 50 % dos votos, cunha vantaxe de máis de vinte puntos sobre o PSdeG-PSOE. Porén, nos de máis de 15.000 habitantes non chegou ao 40 %, con pouco máis de tres puntos de diferenza sobre o PSdeG-PSOE.

TÁBOA 27: VOTO RURAL E URBANO NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE 2005 (%)*

	<i>Tamaño do municipio (en habitantes)</i>			
	- de 15.000 electores		+ de 15.000 electores	
	2001	2005	2001	2005
BNG	21,3	18,5	25,1	20,5
PP	55,5	49,4	45,0	39,5
PSdeG-PSOE	19,9	28,6	23,6	36,3

Fonte: Materiais de elaboración propia.

Se pasamos dos datos agregados aos individuais, na táboa 28 preséntase a relación entre o tamaño do municipio e o voto declarado na enquisa postelectoral do CIS. A pauta é outra vez clara: canto máis grande é un municipio (cantos máis habitantes ten), peores resultados colleita o PP e mellores os socialistas e os nacionalistas galegos; noutras palabras, se o PP perdeu o goberno autonómico foi debido sobre todo a súa caída nas cidades, precisamente onde máis medrou a participación electoral (táboa 29). De combina-las táboas 28 e 29 é evidente que alí onde maior foi a mobilización é onde o PSdeG-PSOE foi capaz de igualar ou supera-lo PP. Neste senso, como concluíu graficamente Xosé Crespo, director de campaña do PP en 2005, "no mundo rural só perdémo-los votantes que morreron nestes catro anos, nin máis nin menos"⁵⁵.

TÁBOA 28: RELACIÓN ENTRE O VOTO A PARTIDOS E O TAMAÑO DO MUNICIPIO NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE 2005 (%)*

	<i>Tamaño do municipio (en habitantes)</i>					
	- 2.000	2.001 a 10.000	10.001 a 50.000	50.001 a 100.000	100.001 a 400.000	Total
BNG	19	17	26	26	30	23,8 (310)
PP	50	56	36	29	30	40,7 (531)
PSdeG-PSOE	31	27	38	45	41	35,5 (463)
Total	5 (62)	31 (402)	32 (416)	13 (163)	20 (261)	100,0 (1304)

*As porcentaxes están calculadas sobre as columnas. Entre parénteses, o número de individuos.

Fonte: CIS (estudo 2611).

55 Entre 1987 e 1989 o goberno autonómico estivo en mans dunha coalición en que o socio maioritario era o PSdeG-PSOE. Non obstante, este goberno, presidido polo socialista Fernando González Laxe, foi consecuencia dunha moción de censura e, polo tanto, non derivou directamente das eleccións de 1985.

TÁBOA 29: RELACIÓN ENTRE A MOBILIZACIÓN ELECTORAL E O TAMAÑO DO MUNICIPIO NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE 2005 (%)*

<i>Tamaño do municipio (en habitantes)</i>						
	- 2.000	2.001 a 10.000	10.001 a 50.000	50.001 a 100.000	100.001 a 400.000	Total
Mobilizados	9 (7)	17 (3)	42 (33)	15 (12)	18 (14)	100,0 (78)

*Aparecen en primeiro lugar as porcentaxes de fila e despois, entre parénteses, o número de persoas.

Fonte: CIS (estudo 2611).

Como é ben coñecido, esta división entre o comportamento electoral do rural e o das cidades acompaña a propia competición dentro dos partidos nestes mesmos termos. Nos últimos anos temos asistido á confrontación dentro do PP entre os chamados sectores da “boina” e do “birrete”; mentres que os primeiros dominan sobre todo no rural (son predominantes nas provincias de Lugo e de Ourense) e apostan por un discurso máis galeguista e autónomo respecto da organización nacional do partido, os segundos (hexemónicos nas provincias da Coruña e de Pontevedra) están máis próximos aos votantes urbanos e á dirección nacional do PP.

Finalmente, e debido tamén ao protagonismo que a reforma do sistema electoral adquiriu na actual lexislatura, paga a pena sinalar que o sistema electoral galego estivo a piques de converter, ao igual que en 1989, unha maioría relativa de votos do PP nunha maioría absoluta de escaños. Recordemos que o sistema electoral galego, ao igual que o do Congreso dos Deputados (I. Lago Peñas e Montero, 2005b) ou o catalán (I. Lago Peñas e Montero, 2004), favorece os partidos maioritarios e, sobre todo, conservadores, a causa de dous mecanismos estreitamente ligados pero distintos. Por un lado, a desviación do rateo, por causa de que Lugo e Ourense, as provincias máis rurais, elixen máis deputados dos que lles correspondería de acordo coa súa poboación, de xeito que o partido máis votado aquí, o PP, consegue que os escaños lle saian máis *baratos* en votos que ao PSdeG-PSOE e ao BNG; e, por outro lado, a distinta magnitude das circunscricións: se-lo partido máis votado *págase* mellor nos distritos máis pequenos, Lugo e Ourense outra vez, que xa sabemos que é onde o PP alcanza os seus mellores resultados.

Como pode observarse na táboa 13, en 2005 o sistema electoral concedeulle unha prima en escaños de 3,5 puntos porcentuais ao PP. A razón desta revitalización do protagonismo do sistema electoral é a caída do BNG por debaixo do 20 % dos votos, que define o limiar de neutralidade do sistema electoral ou a porcentaxe de votos que garante non ser penalizado nos últimos tempos, como xa sabemos.

1.7 Quen son e como cambiaron os votantes dos partidos maioritarios nas eleccións autonómicas galegas?

A revisión dos procesos de coordinación que deron lugar nestes vinte e cinco anos de autonomía a un sistema de partidos con tan só tres competidores de relevancia -PP, PSdeG-PSOE e BNG- complétese agora cunha descrición das características dos seus votantes coa cal se perseguen dous obxectivos: por un lado, amosa-las diferenzas políticas e sociodemográficas entre os individuos que votan a cada un dos partidos; e, polo outro, coñecer en que medida os votantes son sensibles aos cambios na oferta electoral destes partidos ao longo dos anos. En particular, teñen as mesmas características os votantes destes partidos nos primeiros anos da autonomía que na actualidade? A análise vai deterse en tres momentos ben sinalados: 1981, cando se celebraron as eleccións inaugurais; 1993, cando a fragmentación do sistema de partidos alcanzou os niveis que hoxe temos; e 2005, cando Galicia coñece o seu primeiro goberno non-conservador saído directamente das preferencias dos cidadáns. As enquisas que emprego son as postelectorais do CIS; os datos para 1981 son máis pobres que para os outros anos, de xeito que a comparación reséntese un pouco neste sentido.

De comezármo-la análise cos votantes do PP, de acordo coa táboa 30 son sensiblemente máis vellos que os do PSdG-PSOE e o BNG: a súa media de idade está ao redor dos 50 anos e a tendencia é ascendente, pois entre 1981 e 2005 subiu 9 anos; é dicir, o PP é máis capaz de conserva-los seus que de incorporar novos votantes. Por outra banda, se en 1981 eran máis homes que mulleres, dende 1993 e, sobre todo, 2005, a situación é a inversa e o 57 % dos seus votantes son mulleres. Loxicamente, sitúanse no centrodereita e son case todos católicos, en moita maior medida que os votantes do PSdeG-PSOE e do BNG. No que atinxe á súa situación profesional, o PP ten, en termos relativos, moitos máis apoios entre xubilados e amas de casa que os outros dous partidos, e menos entre traballadores, estudantes e parados. Á súa vez, a implantación do PP nos municipios máis pequenos é moito maior que a dos seus competidores, e á inversa. Ademais, existe unha clara tendencia neste senso, pois o PP é un partido que progresivamente acumula voto rural e perde voto urbano; esta tendencia corre paralela á concentración do voto do PP entre aqueles que teñen sentimentos nacionalistas menos extremos. Finalmente, o voto *popular* procede sobre todo das persoas que teñen menos estudos, ao contrario que no caso do PSdeG-PSOE e do BNG.

TÁBOA 30: CARACTERÍSTICAS DOS VOTANTES DO PP NO PERÍODO 1981-2005

Características políticas e sociodemográficas		1981	1993	2005
Idade (anos)	<i>Media</i>	48	50	57
Sexo	Home	54	48	45
	Muller	46	52	55
Escala esquerda-dereita	<i>Media</i>		7,3	7,1
Tamaño do municipio (habitantes)*	-2.000	27	62	6
	2.001-10.000	21	5	42
	10.001-50.000	6	5	28
	50.001-100.000	23	11	9
	100.001-400.000	22	18	15
Estudos	Analfabeto/ sen estudos	39	62	13
	Primarios	27	30	42
	Secundarios	20	6	30
	Superiores	14	3	13
Situación laboral	Traballador	36	43	37
	Xubilado	11	25	45
	Parado	2	9	4
	Estudante	5	4	2
	Ama de casa	26	18	13
Sentimentos nacionalistas	Só español		5	4
	Máis español que galego		9	7
	Tan español como galego		59	69
	Máis galego que español		21	17
	Só galego		7	2
Relixión	Católico		98	98
	Non-católico		2	2
Número de votantes		272	636	533

*En 1981 as categorías son: 100-200, 201-5.000, 5.001-30.000, 30.001-200.000, áreas metropolitanas.

Fonte: CIS (estudos 1.292, 2.070 e 2.611).

Pola súa banda, e como podemos observar na táboa 31, os votantes socialistas son ben distintos dos populares e, nalgúns dimensións, tamén dos nacionalistas. En primeiro lugar, a idade media dos seguidores do PSdeG-PSOE é inferior á dos do PP, pero superior á dos do BNG; ademais, entre 1981 e 2005 incrementouse en 7 anos. Canto ás diferenzas de xénero, parecen difuminarse, e se en 1981 e en 1993 o 54 % e 45 % respectivamente dos votantes socialistas eran homes, en 2005 son o 51 %. En termos medios, sitúanse na esquerda, pero menos en 2005 que en 1993, de xeito que parece acontecer unha certa moderación do partido. Chama a atención o sensible aumento de votantes socialistas non-católicos, que pasaron do 5 % ao 20 % entre 1993 e 2005. Por suposto, isto supón una nova diferenza entre PP e PSdeG-PSOE. En comparación cos votantes do PP, os socialistas viven sobre todo en municipios grandes, teñen un nivel medio de estudos máis elevado e están ocupados en menor medida en actividades pasivas, como son xubilados e amas de casa. Finalmente, o PSOE obtén os seus apoios fundamentalmente entre os individuos con identidades duais ou próximas.

TÁBOA 31: CARACTERÍSTICAS DOS VOTANTES DO PSdeG-PSOE NO PERÍODO 1981-2005

Características políticas e sociodemográficas		1981	1993	2005
Idade (anos)	<i>Media</i>	39	48	46
Sexo	Home	54	45	49
	Muller	46	55	51
Escala esquerda-dereita	<i>Media</i>		3,6	3,9
Tamaño do municipio (habitantes)*	-2.000	22	60	4
	2.001-10.000	24	10	23
	10.001-50.000	9	1	34
	50.001-100.000	17	12	16
	100.001-400.000	28	18	23
Estudos	Analfabeto/ sen estudos	31	59	4
	Primarios	26	32	28
	Secundarios	32	8	44
	Superiores	11	1	23
Situación laboral	Traballador	58	36	55
	Xubilado	7	25	23
	Parado	8	9	5
	Estudante	7	4	9
	Ama de casa	21	25	9
Sentimentos nacionalistas	Só español		6	3
	Máis español que galego		9	5
	Tan español como galego		50	71
	Máis galego que español		26	19
	Só galego		9	2
Relixión	Católico		95	80
	Non-católico		5	20
Número de votantes		168	253	533

*En 1981 as categorías son: 100-200, 201-5.000, 5.001-30.000, 30.001-200.000, áreas metropolitanas.

Fonte: CIS (estudos 1.292, 2.070 e 2.611).

Por último, os votantes do BNG son seguramente os que posúen as características máis definidas. Son con grande diferenza os máis novos, xa que non chegan en termos medios aos 40 anos, e os que presentan unha distribución por xénero máis desequilibrada, pois deles o 55 % seguen sendo homes, se ben chegaron a se-lo 64 % en 1981. Como podemos imaxinar, os seguidores do BNG son de esquerdas e amosan maioritariamente identidades duais ou galegas. Por outra parte, a relixión é menos importante para os votantes do BNG que para os do PP: en 2005 declarábase católico menos do 70 %, fronte ao 81 % de 2001. No que atinxe ao nivel de estudos, os votantes nacionalistas son os que amosan a maior formación e, paralelamente, o maior número de traballadores, parados e estudantes. Finalmente, a súa distribución territorial é moi semellante á dos votantes do PSdG-PSOE e inversa á dos do PP, xa que canto máis grande ou máis habitado está un municipio, máis votantes ten o BNG.

TÁBOA 32: CARACTERÍSTICAS DOS VOTANTES DO BNG NO PERÍODO 1981-2005

Características políticas e sociodemográficas		1981	1993	2005
Idade (anos)	<i>Media</i>	31	36	37
Sexo	Home	64	60	55
	Muller	36	40	45
Escala esquerda-dereita	<i>Media</i>		3,4	3,4
Tamaño do municipio (habitantes)*	-2.000	19	52	4
	2.001-10.000	32	7	22
	10.001-50.000	7	4	35
	50.001-100.000	13	11	14
	100.001-400.000	40	19	60
Estudos	Analfabeto/ sen estudos	23	5	25
	Primarios	58	54	63
	Secundarios	2	6	7
	Superiores	14	15	10
Situación laboral	Traballador	6	13	15
	Xubilado	2	6	7
	Parado	14	15	10
	Estudante	6	13	15
	Ama de casa	20	12	4
Sentimentos nacionalistas	Só español		4	2
	Máis español que galego		5	1
	Tan español como galego		12	49
	Máis galego que español		38	40
	Só galego		12	9
Relixión	Católico		81	68
	Non-católico		19	32
Número de votantes		48	219	309


*En 1981 as categorías son: 100-200, 201-5.000, 5.001-30.000, 30.001-200.000, áreas metropolitanas.

Fonte: CIS (estudos 1.292, 2.070 e 2.611).

1.8 Está a coordinación electoral, ou están as súas causas, detrás do aparentemente espectacular aumento da participación electoral en Galicia?

Do mesmo xeito que a crecente importancia que os actores políticos, elites e votantes lle outorgaron á arena autonómica incentivou os procesos de coordinación ou concentración da oferta partidista, a evolución da participación electoral tamén puido responder a esta dinámica, e non son poucas as análises que explican a desaparición do extraordinario déficit da participación electoral en Galicia respecto á media autonómica segundo este argumento. Se nas primeiras eleccións autonómicas a participación sobre o censo dos galegos era a máis baixa de España, a 20 puntos do primeiro cuartil (isto é, o limiar de participación que separa a cuarta parte das comunidades con maior abstención) e a máis de 23 puntos da media autonómica, nas quintas eleccións estas diferenzas sobre o primeiro cuartil esvaecéranse e apenas eran de catro puntos porcentuais sobre a media. Baleares, País Vasco e Madrid, nesta orde, estaban xa por detrás de Galicia (figura 4 e táboa 33).

FIGURA 4:
PARTICIPACIÓN SOBRE O CENSO NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS (%)



TÁBOA 33: PARTICIPACIÓN SOBRE O CENSO NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS (%)

Eleccións*	I	II	III	IV	V	VI	VII	Media
Andalucía	66,2	70,7	55,3	67,3	78,1	68,7	74,7	68,7
Asturias	65,0	66,8	58,7	69,1	63,6	63,8		64,5
Aragón	66,7	69,7	64,6	71,1	65,8	70,4		68,1
Baleares	64,8	66,7	60,4	63,6	57,5	62,8		62,6
Canarias	60,5	65,4	61,6	64,2	62,7	64,6		63,2
Cantabria	73,6	76,3	72,3	74,0	68,8	73,0		73,0
Castela e León	70,0	73,2	67,6	74,4	69,4	72,7		71,2
Castela-A Mancha	73,3	75,4	71,5	78,8	74,9	74,6		74,8
Cataluña	61,4	64,3	59,4	54,9	63,6	59,2	62,5	60,8
Extremadura	71,9	74,4	71,0	78,3	73,4	78,0		74,5
Galicia	46,3	57,4	59,5	64,2	62,5	60,2		58,4
Madrid	69,7	69,9	58,8	70,4	60,9	69,2		66,5
Murcia	68,5	73,0	67,2	76,0	67,6	70,0		70,4
Navarra	70,9	72,9	66,7	68,4	66,2	72,3		69,6
País Vasco	59,8	68,5	69,6	61,0	59,7	70,0	79,0	66,8
A Ríoxa	70,2	72,5	69,0	76,2	68,7	75,1		72,0
Com.Valenciana	72,7	74,5	69,2	76,0	67,8	71,5		72,0
Media	66,6	70,1	64,8	69,9	66,5	69,2	72,1	68,0

*Ve-la táboa 1.

Fonte: I. Lago Peñas (2005b).

Nunha das investigacións de referencia sinálase, por exemplo, que “[a progresiva redución da abstención en Galicia] non foi un proceso que ocorrese duns comicios a outros; pola contra, foi necesario que os cidadáns comprendesen e aceptasen a importancia das eleccións autonómicas para que a participación acadase cotas semellantes ás doutras autonomías. E neste sentido, a ampliación de competencias autonómicas e a extensión das políticas públicas da Xunta de Galicia aos lugares máis recónditos da nosa Comunidade serviron para que os cidadáns entendesen o verdadeiro valor do seu voto. Así mesmo, a propia dinámica das institucións galegas, incluídos os partidos políticos e a competición que entre eles se xeraba, produciu efectos mobilizadores descoñecidos ata o momento no país” (Rivera, 2003: 366).

Pola miña parte, aínda que non desboto que este argumento funcione en certa medida -se ben o mecanismo en xogo non está especificado-, paréceme demasiado optimista considerar que é capaz de explicar unha recuperación da participación electoral tan acusada cando non existe ningunha evidencia que permita inferirmos isto máis alá da mera correlación entre as dúas tendencias, autonomía e participación; pero correlación non é causalidade. Ademais, en perspectiva comparada non hai casos en que se observase efectos similares. Pola contra, e como xa demostramos noutra investigación (I. Lago Peñas, 2005b), a tese que defendo é que a distancia que separa Galicia da media española canto á participación, sobre todo nas primeiras eleccións, é artificial. Como consecuencia de ser, de lonxe, a comunidade autónoma con maior poboación emigrante (táboa 34), a abstención sobre o censo dos galegos -pero non a dos residentes- dispárase. O suposto déficit participativo dos galegos é fundamentalmente o resultado de (1) combina-las maiores deficiencias do censo electoral en Galicia en comparación co resto de España (debido ao maior número de emigrantes) e (2) a agregación dos distintos niveis de participación dunhas poboacións, tanto de residentes en cada comunidade como de residentes no estranxeiro, que teñen pesos demográficos dispares ao longo e largo do noso país.

TÁBOA 34: CENSO ELECTORAL PECHADO A 01-01-2004

CCAA	CER*	CERA**	%(CERA / CER)
Andalucía	2.185.728	75.550	3,5
Asturias	922.476	59.779	6,5
Aragón	995.890	19.787	2,0
Baleares	675.670	9.514	1,4
Canarias	1.393.939	57.488	4,1
Cantabria	459.456	17.319	3,8
Castela e León	2.080.155	89.764	4,3
Castela-A Mancha	752.940	15.364	2,0
Cataluña	5.183.379	102.460	2,0
Extremadura	859.474	20.348	2,4
Galicia	2.298.752	294.920	12,8
Madrid	4.298.943	14.1542	3,3
Murcia	919.164	17.130	1,9
Navarra	451.717	12.568	2,8
País Vasco	1.759.936	36.787	2,1
A Rioxa	227.172	6.580	2,9
Com.Valenciana	3.370.764	52.868	1,6
España	33.314.507	1.097.688	3,3

*Censo de Electores Residentes.

**Censo de Electores Residentes Ausentes.

Fonte: INE (<http://www.ine.es>).

Se a mediados dos anos oitenta as estimacións deste abstencionismo técnico para España eran de entre un 10 % e un 15 % para os máis pesimistas (citado en Montero, 1986: 126), en Galicia chegou ao 30 % ou incluso ao 40 % nalgúns procesos electorais celebrados antes de 1981 (González Encinar, 1982b: 157). Non vou determe demasiado no que ten que ver coas deficiencias do censo electoral, simplemente engadirei que tanto as fontes oficiais como oficiosas coinciden en que os problemas censais e, polo tanto, a inflación da abstención, son moito maiores en Galicia que no resto de España; evidentemente, a razón non é outra que o maior número de emigrantes galegos.

Máis doado é observa-las consecuencias directas desta maior poboación emigrante galega sobre a abstención. Xa sabemos que Galicia conta co maior Censo de Electores Residentes Ausentes (CERA) en termos absolutos e relativos de España: con datos do censo electoral pechado a 1 de xaneiro de 2004, por exemplo, Galicia cuadriplica a media autonómica (táboa 34); pero, ademais, resulta que a participación do Censo de Electores Residentes (CER) é moito maior que a do CERA. Como se observa na táboa 35, a media de participación do electorado residente supera en case 60 puntos porcentuais a do ausente.

TÁBOA 35: RESUMO ESTATÍSTICO DA PARTICIPACIÓN NAS ÚLTIMAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS EN CADA COMUNIDADE NO PERÍODO 1980-2004


Censo	CER	CERA	TOTAL
<i>Observacións*</i>	16	16	16
<i>Media</i>	71,2	14,4	69,5
<i>Mediana</i>	71,3	10,9	70,2
<i>Desviación típica</i>	5,2	8,2	5,3
<i>Mínimo</i>	63,5 (Cataluña)	7,9 (Com. Valenciana)	60,2 (Galicia)
<i>Máximo</i>	79,6 (Estremadura)	36,8 (Canarias)	78,0 (Estremadura)

*Non hai datos sobre participación no CERA en Andalucía.

Fonte: I. Lago Peñas (2005b).

Para ilustra-la importancia destas dúas características na participación electoral, supoñamos dúas comunidades autónomas, A e B, nas cales a participación dos electores residentes é -tal e como acostuma suceder nas eleccións autonómicas- do 70 %, e a dos ausentes do 15 %; as dúas comunidades teñen uns niveis de abstención idénticos. Agora imaxinemos, ademais, que a poboación residente suma o 13 % en A, como en Galicia, e o 3 % en B, como na media autonómica. A participación sobre o censo en A será igual a $(70 \times 0,87) + (15 \times 0,13) = 62,85 \%$ e en B igual a $(70 \times 0,97) + (15 \times 0,03) = 68,35 \%$. O maior peso demográfico da poboación máis abstencionista (os residentes ausentes) en A leva a que teña unha participación sobre o censo 5,5 puntos menor que B, cando a abstención é a mesma nas dúas comunidades; isto é o que sucede en Galicia respecto á media autonómica. Xa non sorprende, pois, que cando se utilizan enquisas postelectorais, que só preguntan a electores residentes, Galicia estea, salvo nas primeiras eleccións, por enriba do primeiro cuartil de participación, e incluso por enriba da media autonómica nas quintas eleccións. Ademais, en ningunha das eleccións ten a maior abstención (figura 5 e táboa 36).

FIGURA 5:
PARTICIPACIÓN ESTIMADA SEGUNDO AS ENQUISAS NAS ELECCIÓN AUTONÓMICAS (%)



TÁBOA 36: PARTICIPACIÓN ESTIMADA SEGUNDO AS ENQUISAS NAS ELECCIÓN
AUTONÓMICAS (%)

<i>Eleccións</i>	<i>I</i>	<i>II</i>	<i>III</i>	<i>IV</i>	<i>V</i>	<i>VI</i>	<i>VII</i>	<i>Media</i>
Andalucía	79,8	84,9	75,0	79,1	87,9	83,3	88,6	70,0
Asturias	83,2	71,7	70,3	77,4	81,6	82,1		77,7
Aragón	80,3	81,7	87,0	83,3	81,7	83,2		82,9
Baleares	64,0	77,0	79,1	79,6	74,5	76,2		75,1
Canarias	-	78,9	81,3	86,5	79,4	81,1		81,4
Cantabria	81,6	79,6	94,1	86,0	84,5	84,0		85,0
Castela e León	82,3	80,2	76,6	85,1	82,3	85,3		82,0
Castela-A Mancha	84,0	85,6	93,6	89,8	86,7	87,1		87,8
Cataluña	55,1	79,5	75,5	70,8	75,9	74,3	76,0	61,6
Extremadura	85,3	81,3	83,3	81,5	88,7	88,2		84,7
Galicia	69,3	78,7	79,2	79,3	83,4	79,6		78,3
Madrid	85,3	72,6	69,7	82,0	73,9	78,7		77,0
Murcia	89,0	87,9	75,0	80,5	81,7	74,5		81,4
Navarra	85,0	73,0	85,7	85,9	78,5	80,0		81,4
País Vasco	59,6	71,7	81,1	75,6	70,8	82,2	85,6	63,0
A Rioxa	86,9	71,6	88,2	91,8	83,8	81,4		84,0
Com.Valenciana	84,4	85,2	78,4	84,1	83,1	83,6		83,1
Media	78,4	78,9	80,8	82,3	81,1	81,5	83,4	79,8

Fonte: I. Lago Peñas (2005b).


Agora ben, na medida en que nas enquisas sempre aparecen niveis de participación maiores que na realidade, alguén podería argumentar que o problema é que os galegos menten. Non se me ocorren razóns para pensar que os galegos mintan máis que os demais españois, sobre todo cando os falsos votantes se parecen máis aos que de feito votan que aos abstencionistas reais (Granberg e Holmberg, 1991) e, dadas as características da cultura política dos galegos (Montero e Torcal, 1990), cabería esperar incluso que os galegos mentisen menos que os demais.



Na figura 6 e na táboa 37 preséntanse os niveis de participación electoral en cada comunidade autónoma cando se desconta a diferenza media autonómica entre os datos reais e os das enquisas. A participación dos galegos residentes supera o primeiro cuartil en tódalas eleccións, excepto nas primeiras, está na media autonómica nas segundas e por enriba nas quintas; xa que logo, Galicia non tería en ningunha das eleccións os niveis máis altos de abstención. En fin, a media de participación dos electores residentes en Galicia nas eleccións autonómicas (66,4 %) estaría tan só a dous puntos porcentuais da media autonómica (68,3 %) e Galicia ocuparía así o duodécimo lugar, por diante de Cataluña (62 %), o País Vasco (62,3 %), Madrid (65,4 %) e Asturias (65,9 %). Se descontamos ademais os erros censais, o mito do abstencionismo galego desaparece.

Esta conclusión non é tan sorprendente se temos en conta que xa as eleccións ás Cortes durante a Segunda República amosaron que os galegos non son distintos ao resto dos españois no que ten que ver coa abstención. Así, a media de participación dos galegos nas tres eleccións republicanas (do 64,71 %) estaba a pouco máis de cinco puntos porcentuais da media española. Ademais de Ceuta e Melilla, Andalucía e Canarias, nesta orde, estaban por detrás de Galicia (Linz et al., 2005: 1099).

FIGURA 6:
APROXIMACIÓN AOS NIVEIS DE PARTICIPACIÓN SOBRE O CENSO
NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS A PARTIR DAS ENQUISAS POSTELECTORAIS (%)



TÁBOA 37: APROXIMACIÓN AOS NIVEIS DE PARTICIPACIÓN DOS ELECTORES RESIDENTES A PARTIR DAS ENQUISAS NAS ELECCIÓN AUTONÓMICAS (%)

<i>ELECCIÓN</i>	<i>I</i>	<i>II</i>	<i>III</i>	<i>IV</i>	<i>V</i>	<i>VI</i>	<i>Media</i>
Andalucía	68,3	76,0	60,3	67,4	72,6	71,2	69,3
Asturias	71,2	64,2	56,5	66,0	67,4	70,2	65,9
Aragón	68,7	73,2	69,9	71,0	67,5	71,1	70,2
Baleares	54,7	69,0	63,6	67,8	61,5	65,2	63,6
Canarias	-	70,7	65,3	73,7	65,6	69,3	68,9
Cantabria	69,8	71,3	75,6	73,3	69,8	71,8	71,9
Castela e León	70,4	71,8	61,6	72,5	68,0	72,9	69,5
Castela-A Mancha	71,8	76,7	75,2	76,5	71,6	74,5	74,4
Cataluña	47,1	71,2	60,7	60,3	69,7	63,5	62,1
Extremadura	73,0	72,8	67,0	69,4	73,2	75,4	71,8
Galicia	59,3	70,5	63,7	67,6	68,9	68,1	66,4
Madrid	73,0	65,0	56,0	69,9	61,0	67,3	65,4
Murcia	76,1	78,7	60,3	68,6	67,5	63,7	69,2
Navarra	72,7	65,4	68,9	73,2	64,8	68,4	68,9
País Vasco	51,0	64,2	65,2	64,4	58,5	70,3	62,3
A Rioxa	74,3	64,1	70,9	78,2	69,2	69,6	71,1
Com.Valenciana	72,2	76,3	63,0	71,7	68,6	71,5	70,6
Media	67,1	70,7	64,9	70,1	67,4	69,6	68,3

Fonte: I. Lago Peñas (2005b).



CAPÍTULO 2

VINTE E CINCO ANOS DE ESTATUTO: CONVERXENCIA FINANCEIRA E DIVERXENCIA ECONÓMICA

2.1 Un crecemento económico substancial e profundas transformacións estruturais

O desenvolvemento do Estado autonómico trouxo de seu un incremento notable no número, a cobertura e calidade das fontes estatísticas a nivel autonómico. A necesidade de contarmos con macromagnitudes rexionais para poder planificar axeitadamente e instrumenta-lo sistema de financiamento autonómico e a política rexional crearon unha demanda que tanto o sector público (o INE, o IGE) como o privado (a Fundación FUNCAS, a Fundación BBVA ou as cámaras de comercio, entre outras) viñeron cubrir. Porén, e paradoxalmente, ás veces esta maior oferta ten xerado máis incerteza, porque non tódalas fontes estatísticas din sempre exactamente o mesmo, e porque se teñen usado interesadamente á carta no debate político, colléndose en cada momento a que mellor servise os intereses conxunturais e partidistas. Ademais, moitas desas estatísticas experimentan cambios metodolóxicos no tempo que poñen en cuestión a súa homoxeneidade cando se trata de analizar-mos períodos temporais máis ou menos amplos, como o que nos interesa.

Neste caso, imos aproveitar como referencia estatística básica o recente traballo de Cancelo (2006), en que os aspectos metodolóxicos das estatísticas económicas dispoñibles son discutidos polo miúdo; para el remitímo-lo lector interesado nos detalles. No que segue, e agás que se indique o contrario, imos utilizar eses datos en pesetas constantes para o período 1980-1999; os datos están baseados en último termo na *Contabilidad Regional* do INE, e os recollidos na última publicación da propia *Contabilidad Regional* do INE para os anos 2000-2005.

A táboa 39 reflicte a taxa de crecemento da economía galega, que, como pode observarse, dende os primeiros anos oitenta é salientable. A combinación dun crecemento do 1,5 % anual no conxunto do período 1981-1999, e dun 2,7 % dende entón, fai que o valor real (isto é, descontada a inflación) que produce Galicia hoxe sexa en máis dun 50 % superior ao que se producía cando o Estatuto foi aprobado, co que iso significa en termos de salarios e rendas, poder adquisitivo e benestar económico para os galegos. En termos históricos e comparados, esta mellora macroeconómica só é superada pola etapa *desenvolvemntista* dos anos sesenta (1960-1973)¹.

¹ Para una perspectiva de máis amplo percorrido do desenvolvemento de Galicia a obra de Xoán Carmona é imprescindible. En particular, salientamos Carmona (1996) e Carmona e Nadal (2005). En Carreras (1990) discútense e preséntanse as estimacións dispoñibles do Produto Interior Bruto (PIB) das rexións españolas dende 1800. En Caramés e Lago Peñas (1999) ofrécese unha análise cuantitativa da evolución económica rexional no período que vai de 1960 a 1996.

TÁBOA 39: TAXAS MEDIAS DE CRECEMENTO ANUAL DO PBI EN GALICIA

Período	1981-1985	1986-1990	1991-1995	1996-1999	1981-1999	2001-2005
Galicia	-0,4	2,7	1,1	2,8	1,5	2,7

Fonte: Cancelo (2006: 71) para o período 1981-1999, e *Contabilidad Regional de España*. Base 2000. Serie 2000-2005 do INE para o período 2000-2005.

A economía galega medrou en tamaño e mudou a súa estrutura. Sen entrarmos nunha análise polo miúdo das transformacións habidas², nós salientariamos as tres seguintes:

1. Unha forte redución do emprego no sector primario; en particular, no agro. Na primeira metade dos anos oitenta o emprego no sector primario supuña un 40,3 % do emprego total de Galicia, moi por riba do 17,1 % de media para o conxunto de España (Cancelo, 2006: 126). Agora ben, as estimacións para 2003 que aparecen na edición da *Contabilidad Regional de España. Base 2000. Serie 2000-2005* debullan un escenario moi diferente, en que só o 9,6 %³ dos postos de traballo en Galicia se atopan no sector primario, non moi lonxe do 6,0 % español; a diferenza reflicte xa especialización produtiva máis que atraso relativo.

2. Unha forte expansión do sector servizos, tanto públicos como de mercado. No primeiro caso hai que referirse á consolidación de servizos públicos intensivos en man de obra, como a educación e a sanidade; o segundo evidencia que Galicia é xa o que se deu en chamar unha “economía postindustrial”⁴: cos datos para a primeira parte dos anos noventa, o emprego no sector servizos en Galicia supuña só o 37,3 % do total, mentres que en 2003 falamos do 60,2 %. En España as cifras son o 53,5 % e o 64,8 % respectivamente.

3. Estreitamente vencellada aos dous procesos anteriores, hai que salienta-la forte expansión dos asalariados no conxunto dos ocupados. Desaparecen os ocupados que non estaban asalariados no agro (autónomos e axudas familiares, fundamentalmente) e increméntase a ocupación asalariada no resto dos sectores, en particular nos servizos. Segundo a EPA tres de cada catro (o 74,4 %) dos ocupados en Galicia en 2004 eran asalariados; en 1980 esa cifra non chegaba ao 50 %.

En conxunto, estes cambios acontecidos nos últimos vinte e cinco anos fixeron da economía galega unha economía máis semellante á dos países do noso contorno, máis capitalista e asalariada e menos rural e agraria. Neste senso, e aínda que sexa de pasaxe, gustaríanos incidir na idea de que a reestruturación no agro foi incompleta, no sentido de que eliminou un modelo obsoleto e con escaso futuro -con ou sen as restricións da Política Agraria Común (PAC)- e, en troques, non consolidou outro ben artellado. É certo que hai liñas produtivas que si deron ese salto (nomeadamente, a viticultura), mais con carácter xeral temos hoxe un medio rural deficiente, cunhas explotacións de tamaño físico e económico aínda reducido, con escasa produtividade do traballo e baixas rendas, e con dificultades para xogar exitosamente nas esixentes canles de distribución comercial nos niveis estatal e internacional⁵.

2 Os textos de Fernández Leiceaga e López Iglesias (2000) e Prada (2004) son excelentes referencias para afondar nestes cambios. Así mesmo, son moi recomendables os números monográficos sobre Galicia da revista *Papeles de Economía Española* (1996 e 2006). Se falamos especificamente dos cambios no emprego, o libro de Collado e outros (1998) é unha monografía que debe ser consultada.

3 Segundo a *Encuesta de Población Activa* (EPA) do INE, o 11,2 % dos ocupados en 2004 (CES, 2005).

4 Talvez non sexa este o sitio para reflexionar sobre a validez real desta noción, mais paga a pena notar que moitos servizos teñen a súa demanda no que se clasifica baixo a etiqueta de produción industrial, e que esta segue a resultar chave para explica-lo éxito económico de moitos países. Véxase, por exemplo, U.S. Department of Commerce (2004).

5 Véxase Colino e outros (1999).

Sen dúbida, o agrario é un sector heteroxéneo de máis como para ofrecer aquí unha diagnose polo miúdo, pero dúas cousas semellan claras. A primeira son as consecuencias desa falta dun novo modelo: o forte envellecemento e a crise demográfica no interior de Galicia, unha menor riqueza nas áreas rurais⁶, o abandono crecente da terra cultivable e o deterioro dos ecosistemas forestais. A segunda ten que ver coa necesidade de deseñar e aplicar políticas públicas que muden o escenario: á beira das (relativamente poucas) experiencias privadas ou cooperativas⁷, a Xunta de Galicia debería ofrecer incentivos e oportunidades que fagan laboralmente atractivo o agro e a explotación dos seus recursos. Algunhas ideas hai xa para ese cambio⁸, o que se require é vontade e traballo -seguramente, a partes iguais- para levalas adiante.

2.2 Un ciclo económico en sincronía xa co resto de España

A taxa de crecemento dunha economía pode descompoñerse en dous compoñentes, o cíclico e o estrutural ou tendencial⁹. O primeiro ten que ver cos movementos a curto prazo motivados por factores puntuais; e o segundo, coas tendencias subxacentes e a longo prazo. Por exemplo, no caso de Galicia, os últimos anos xacobeos (1999, 2004) supuxeron un pulo para a economía, polo seu impacto na hostalaría ou mesmo na construción. En troques, mellora-la formación dos traballadores, construír unha estrada necesaria ou potencia-la innovación empresarial vai ter efectos menos visibles a curto prazo, pero máis duradeiros, porque van eleva-la taxa de crecemento tendencial da economía.

Na práctica, o que observamos é unha taxa de crecemento do PIB en bruto, e é traballo dos analistas dicir que parte responde a movementos cíclicos e cal se debe a comportamentos tendenciais. Existen diferentes metodoloxías para desenleas-los dous compoñentes, sendo unha das máis habituais a aplicación de filtros estatísticos axeitados. Isto é o que se fai co crecemento do PIB español e galego (excluído o sector primario) para o período 1980-1998 en S. Lago Peñas (2001a), por exemplo. Os resultados desta análise, que poden ser extrapolados ata a actualidade, amosan que os ciclos económicos en Galicia e España son hoxe case os mesmos; máis aínda, entre 1980 y 1991 a evolución trimestral de España e Galicia presentaba diferenzas significativas, pero practicamente desaparecen a partir de 1992. A economía galega responde con celeridade aos choques de crecemento que afectan ao conxunto da economía española¹⁰.

6 Como conclúen Gradín e Del Río (2005) trala súa análise da pobreza e a desigualdade nas comarcas galegas: "O espello que representa este estudo devólvenos unha imaxe dual, en que non aparece unha, senón (cando menos) dúas Galicias: unha máis urbana e máis vencellada á industria e aos servizos, con maiores taxas de actividade, cun maior peso das rendas de traballo por conta allea, cun maior pulo demográfico, máis rica e á súa vez máis desigual, e claramente virada cara á fachada atlántica seguindo a Autoestrada do Atlántico; fronte a outra máis rural e afastada das principais vías de comunicación, con taxas de actividade baixas, máis ligada ás actividades agrarias e con menor valor engadido, con perda de peso demográfico, cunha poboación moi envellecida, máis pobre e igualitaria, e onde as pensións e as rendas por conta allea representan unha porcentaxe dos ingresos dos seus habitantes" (tradución propia).

7 Por comparación, é rechamante a enorme capacidade do sector pesqueiro galego para afrontar-las sucesivas crises e transformacións das últimas décadas por mor dos cambios institucionais, tecnolóxicos e biolóxicos, que en conxunto non teñen sido favorábeis para a nosa Comunidade, dependente en grao sumo de caladoiros alleos e afastados. Véxase ao respecto o libro de Varela e outros (2001).

8 Dúas só para o sector forestal: a potenciación dos espazos naturais como valor paisaxístico (Prada e outros, 2005) e o uso da biomasa forestal como fonte de enerxía verde (Prada e outros, 2006).

9 En realidade os economistas chegan a descompoñela en catro compoñentes, engadindo a estes dous os compoñentes irregular e o estacional, que non nos interesan no que segue.

10 As simulacións feitas no citado libro amosan que un 0,1 % adicional no compoñente cíclico trimestral do PIB español xera un incremento no compoñente galego do 0,06 % no mesmo trimestre e do 0,02% no seguinte.

A explicación desta maior asimetría reside no feito de que a economía galega se atopa moito máis integrada co resto das economías rexionais españolas en 2005 que en 1980. O proceso xeral de desenvolvemento económico e de consolidación do Estado do benestar teñen favorecido e potenciado as relacións comerciais con outros territorios de España¹¹, a integración plena dos mercados financeiros e os fluxos fiscais interrexionais. Un exemplo axudará a entender estas relacións: se o crecemento económico dunha parte de España experimenta un auxe, esa comunidade autónoma vai pagar máis impostos e cotizacións sociais ao Estado e á Seguridade Social (porque aumenta o número de afiliados, porque aumentan os beneficios das empresas); vai recibir menos recursos públicos (porque cae o desemprego na comunidade); e vai incrementa-las súas compras (importacións) ao resto de España. Xa que logo, Galicia, como o resto das comunidades, verá como as súas empresas van poder exportar máis e recibir máis recursos públicos; polo tanto, obtén unha parte dos beneficios do crecemento noutros territorios. Ocorrería o contrario se fose Galicia a que experimentase ese choque positivo no seu crecemento.

Dito o anterior, é certo que o sector primario -e, en particular, o agro- introduce comportamentos específicos para Galicia que teñen que ver coas propias asimetrías que se dan no sector (debidas á metereoloxía, por exemplo) en diferentes procesos que se produciron nas últimas décadas, en particular a forte destrución de emprego no agro. No recadro 1 tentamos modela-lo que ocorre co emprego no sector primario nas últimas décadas, nas cales se produce una destrución tendencial do emprego agrario que é, así mesmo, anticíclica; é dicir, nos momentos en que a economía vai mellor, o emprego destrúese máis rapidamente polo transvase de traballadores do agro a outros sectores. Asemade, no recadro 2 demóstrase o papel anticíclico que tamén desempeña o emprego público, cunha dinámica que nada ten que ver coa do Valor Engadido Bruto (VEB) galego¹².

11 De acordo coas estimacións de Sequeiros (1999: 197), en 1983 as exportacións galegas fóra de España equivalían ao 11 % do PIB galego. Segundo a última memoria do Consello Económico e Social (CES, 2005), baseada nos datos do IGE e do INE, esa porcentaxe sobe ata o 26 % en 2004. As exportacións de Galicia cara ao resto de España en 2004 suporían en torno ao 40 % do PIB galego.


12 Conceptualmente PIB e VEB tentan medi-lo mesmo: o valor do que produce un país ao longo dun ano. A diferenza entre os dous ten que ver coa contabilización de impostos e subvencións, basicamente. Para os efectos prácticos, a diferenza entre ambos é secundaria, sobre todo cando se trata de observa-las súas taxas de crecemento. No texto referímonos ao PIB sempre que os datos están dispoñibles, no caso contrario recorreremos ao VEB.

RECADRO 1: A DESTRUCCIÓN DE EMPREGO PRIMARIO E A CREACIÓN DE EMPREGO NON-PRIMARIO (1976-2000)

Neste recadro amosámo-la relación entre emprego primario e non-primario dentro do proceso de rápida eliminación de postos de traballo no agro comentado no epígrafe anterior¹³. Con respecto ao primeiro aspecto, a seguinte figura esclarece a existencia dunha correlación negativa entre as taxas de crecemento de ámbalas dúas categorías de emprego, primario (*DLP*) e non-primario (*DLNOP*). O coeficiente de correlación lineal correspondente é de -0,44.

FIGURA 7:

CORRELACIÓN ENTRE AS TAXAS DE CRECEMENTO DO EMPREGO PRIMARIO E NON-PRIMARIO



Así pois, para explica-la dinámica do emprego primario hai que artellar cando menos dous mecanismos: a caída tendencial do emprego como resposta aos profundos cambios estruturais no agro e un comportamento inverso ao do emprego non-primario ao longo do ciclo de negocios. Neste sentido, na primeira columna da táboa 40 estímase econometricamente unha ecuación en que aparece como variable explicada o logaritmo do emprego agrario (*LP*) por medio dunha tendencia temporal (*TEMPO*), que toma un valor igual a 1 en 1976 e a 25 en 2000.

Os resultados da estimación en niveis virían confirma-lo signo negativo de ámbalas dúas variables explicativas e a validez da interpretación que fixemos no texto. O sector primario actuaría a modo de “refuxio” da poboación activa cando a conxuntura económica é má e, en senso inverso, proporcionarían man de obra nas conxunturas boas; porén, os baixos valores dos estatísticos DW e ADF apuntan para a probable non-cointegración das series. Confirmamos este resultado mediante a aplicación do test de cointegración de Johansen. Dado o carácter integrado de orden 1 $-(1)-$ de *LP* e *LNOP*, optamos por aplicar diferenzas sobre os niveis das series; teríamos así dúas novas series *DLP* e *DLNOP* que serían diferenzas logarítmicas. Polo tanto, o que facemos en realidade na segunda columna é traballarmos con taxas de crecemento; ao diferenciármola, a tendencia temporal convértese nunha constante e a constante desaparece.

Os resultados amosan unha taxa media de crecemento tendencial do emprego no sector primario ao longo do período do -4 % anual, que é complementada por un comportamento cíclico inverso ao do emprego nos sectores non-primarios. Cada punto de crecemento do emprego non-primario tradúcese de media en 0,9 puntos menos no crecemento do emprego primario, e viceversa. Poñamos algúns exemplos: un ano en que o crecemento do emprego non-primario fose do 0 %, o emprego primario caería o 4 %; se o emprego non-primario medrase o 4 %, o emprego primario caería un 7,6 %; se o emprego non-primario se reducise o 2 %, o non-primario caería tan só o 2,2 %.

¹³ Os datos de emprego utilizados nos recadros proceden da *Enquisa de Poboación Activa* (EPA) e os de VEB do Instituto Galego de Estatística. Os datos de emprego público arrancan en 1984. A reforma da EPA do 2001 introduciu cambios substanciais que nos levaron a corta-la análise en 2000 para evitar problemas de heteroxeneidade na mostra.

TÁBOA 40: RELACIÓN ENTRE EMPREGO PRIMARIO E NON-PRIMARIO


	<i>Estimacións en niveis (Variable explicada LP)</i>	<i>Estimacións en primeiras diferenzas (Variable explicada DLP)</i>
<i>LNOP</i>	-1,25 (-4,38)	
<i>DLNOP</i>		-0,90 (-2,30)
<i>TEMPO</i>	-0,04 (-10,50)	-0,04 (-3,17)
<i>Constante</i>	30,1 (7,90)	-
<i>R²</i>	0,96	0,20
<i>D-W</i>	0,53	1,61
<i>ADF</i>	-2,24	-
<i>Observacións</i>	25	24

Nota: R² é o coeficiente de determinación, D-W é o valor do estatístico de autocorrelación serial de primeira orde dos residuos proposto por Durbin e Watson, e ADF é o test de raíces unitarias ampliado de Dickey-Fuller aplicado sobre os residuos da estimación.

RECADRO 2: EMPREGO PÚBLICO E CICLO ECONÓMICO (1984-1999)

A desconexión do emprego público dos avatares do ciclo económico contribúe á estabilización do nivel de emprego da economía galega. Porén, isto non quere dicir que a dinámica do emprego público sexa uniforme. Como se amosa na figura 8, a taxa de crecemento anual do emprego público (*DLPUB*) flutúa ao redor da súa media ao longo do período (1,6 %) tanto ou máis que o crecemento do emprego privado (*DLPRI*) sobre a correspondente media (1,9 %). De feito, e por mor do pulo do ano noventa, a desviación típica de *DLPUB* (5,9) é maior que a de *DLPRI* (4,7). Pola súa banda, os coeficientes de correlación lineal que aparecen na táboa 41 cuantifican a incorrelación entre as taxas de crecemento do Valor Engadido Bruto (VEB) e do emprego público e entre esta e a evolución do emprego privado.

FIGURA 8:
TAXAS DE CRECIMENTO DE DLPUB E DLPRI EN TANTOS POR UN



TÁBOA 41: CORRELACIÓN ENTRE O CRECEMENTO DO EMPREGO PRIVADO, DO EMPREGO PÚBLICO E DO VEB

	<i>VEB</i>	<i>VEB non-primario</i>	<i>DLPRI</i>
<i>DLPRI</i>	0,77	0,90	1
<i>DLPUB</i>	-0,09	-0,34	-0,17

2.3 Unha renda familiar mellorada

O crecemento económico analizado nos apartados anteriores mellora o benestar económico dos galegos en termos absolutos, e esta mellora é amplificada polo desenvolvemento do Estado do benestar pois, na medida en que a produción e as rendas xeradas en Galicia son inferiores á media española en termos per cápita, as familias galegas vanse ver favorecidas pola redistribución interterritorial implícita nos diferentes programas de gasto e ingreso que se atopan centralizados. Posteriormente falaremos da magnitude e das canles a través das cales se produce esta redistribución. Neste breve apartado trátase só de comparalas contías que producen os galegos coas rendas de que gozan, para o que calculámo-lo peso de Galicia nas dúas macromagnitudes de referencia, o PIB e a renda familiar bruta dispoñible. Os datos con que traballamos proceden do INE e corresponden ao primeiro e ao último ano dispoñible no momento de escribir estas liñas: 1986 e 2003. Co obxecto de comparalos incluimos tamén os datos de Cataluña, a comunidade autónoma máis rica de entre as reguladas polo artigo 151 da Constitución Española.

Como podemos apreciar un pouco máis adiante, na táboa 42, Galicia ten un PIB per cápita claramente por baixo da media española ao longo do período, e o seu peso canto ás rendas familiares está por riba do seu peso produtivo; o contrario dáse no caso de Cataluña, aínda que salienta, de calquera maneira, a perda de peso de Galicia nas dúas macromagnitudes analizadas. Este maior peso da renda das familias galegas respecto ao do PIB explícase fundamentalmente polo xogo -que se reproduce para o conxunto de CC.AA. (S. Lago Peñas, 2001b)- de prestacións e cotizacións á Seguridade Social, e pola imposición directa sobre as familias. Así e todo, é verdade que existen outras fontes de renda para as familias que poden explica-la diferenza entre o que ocorre co PIB e coa renda familiar. Primeiro, as rendas (beneficios ou salarios) que galegos residentes en Galicia obteñen do exterior e as que os non-residentes obteñen de Galicia; segundo, as remesas dos emigrantes procedentes do exterior. Para achegármolos a estas cuestións, utilizarémo-los datos da Fundación BBVA correspondentes a 1995 (FBBVA, 2000), máis desagregados que as contas de renda do sector fogares do INE.

Respecto ao primeiro elemento, cabería agardar que todo o relacionado cos beneficios empresariais tivese un efecto neto negativo para Galicia e, por esta canle, que a renda familiar tendese a pesar menos que o PIB. A idea é que os cidadáns dos territorios menos desenvolvidos son propietarios dun menor capital e, polo tanto, as rendas achegadas por esta canle son reducidas. Os datos da FBBVA para 1995 amosan que as rendas por intereses e dividendos para as familias galegas supoñían o 5,5 % do total español, os ingresos por soldos e salarios o 5,3 % e os ingresos por rendas mixtas o 6,8 %. Segundo a FBBVA o noso Valor Engadido Bruto (VEB) aos custos de factores supuña o 5,7 % do total español. Efectivamente, as rendas do capital sitúanse lixeiramente por baixo do que nos correspondería segundo o peso do noso VEB, pero a diferenza non é dramática e, en todo caso, esta fonte de ingresos supón só o 4,3 % da renda familiar bruta das familias galegas (mentres que é o 4,8 % das españolas). Canto aos outros dous compoñentes das rendas directas das familias, hai que ter en conta a menor taxa de asalarización da economía galega e, comparativamente, o maior número de autónomos; por iso cando se toman soldos e rendas mixtas por xunto o seu peso no total español é do 5,7 %, igual que o VEB.

En relación ao segundo aspecto, é verdade que en Galicia as remesas dos emigrantes no estranxeiro (que na información subministrada pola FBBVA se integran nun epígrafe titulado “Outras transferencias netas”) son máis salientables que para o conxunto de España, pois supoñen o 13,8 % do total español; agora ben, a cifra absoluta é xa relativamente modesta, e en 1995 apenas significan un 1,1 % da renda familiar bruta dispoñible das familias galegas, moi lonxe, dende logo, do que foron no seu día: segundo datos da FBBVA en 1967, por poñer un exemplo, o 3,9 % da renda familiar dos galegos dependía destas achegas.

Noutras palabras, o peso relativo das remesas dos emigrantes mingua nas últimas décadas por mor da redución nos fluxos migratorios cara ao exterior, e o seu papel pasan a ocupalo hoxe as prestacións da Seguridade Social, que se 1967 eran o 6,3 % da renda familiar bruta dispoñible -non moito máis que as remesas dos emigrantes-, en 1995 supuñan o seu 24,3 %. Dito o anterior, temos que engadir que estas remesas non son igual de importantes en tódalas provincias, e que é en Lugo e Ourense (e aínda máis nalgúns concellos en concreto e para algunhas persoas en particular) onde se demostra a súa maior relevancia; a este respecto son ilustrativas algunhas cifras que podemos tomar de S. Lago Peñas e outros (2005) referidas á provincia de Ourense: en 1967 as remesas dos emigrantes constituían o 11,1 % da renda familiar dos ourensáns, o 2,0% en 1995, e en concellos como Beariz ou Avión as remesas dos emigrantes seguían sendo a fonte principal de ingresos das familias nos anos noventa.

TÁBOA 42: PESO DE GALICIA E CATALUÑA NO PIB E NA RENDA FAMILIAR ESPAÑOIS (ESPAÑA=100%)

	Galicia		Cataluña	
	1986	2003	1986	2003
PIB (1)	5,8 %	5,1 %	18,2 %	18,8 %
RENDA FAMILIAR (2)	6,3 %	5,6 %	17,0 %	17,8 %

Fonte: *Contabilidad Regional* do INE. Base 1986 e Base 2000. Datos en prezos correntes.

En definitiva, a redistribución interterritorial da renda fai que o sector público español incremente a renda das familias galegas por riba do que lles correspondería polo seu nivel de produto, e esa redistribución vén da man da consolidación do Estado do benestar español que acompañou a transición á democracia española.

2.4 Unha distribución da renda menos desigual

Cando se trata de falar da prosperidade de que gozan os cidadáns que viven nun territorio, o máis habitual é empregar a renda per cápita como indicador sintético. Agora ben, aínda que este é un indicador de benestar económico importante, é certo que non esgota o espazo das variables de interese. En primeiro lugar, e deixando de lado as limitacións das contas nacionais á hora de cuantificarmos con exactitude o conxunto de actividades produtivas xeradoras de valor engadido¹⁴, porque non nos di nada sobre a distribución da riqueza social¹⁵; pero tamén porque á filosofía utilitarista que se achátralo emprego dun índice que dá conta da satisfacción de desexos e preferencias no mercado, pódense opoñer enfoques normativos alternativos, de xeito que se abra o abano analítico cara a outros aspectos da vida humana importantes para avaliala súa calidade. Referímonos a un heteroxéneo conxunto que contén, entre outros, elementos tan dispares como a articulación da sociedade civil, os niveis de contaminación do medio, a seguridade cidadá, o respecto á liberdade persoal ou a *autoestima rawlsiana*¹⁶.

O certo é que, ao ordena-la calidade media de vida que caracteriza un conxunto de sociedades, existe unha estreita correlación estatística entre a renda per cápita e outros indicadores máis sofisticados; porén, falarmos de benestar social exige cando menos falar tamén da distribución interpersonal desa renda¹⁷. Os estudos máis recentes dispoñibles para o conxunto de CC.AA. (Ayala e outros, 2005) amosan que a desigualdade na distribución da renda en Galicia é inferior á media española e, ademais, que se reduciu significativamente dende 1980. A táboa 43 -os valores que aparecen son os do chamado índice de Gini¹⁸- sintetiza os datos para Galicia e España. En 1980 Galicia era a comunidade autónoma cun maior valor do índice e, polo tanto, cunha maior desigualdade da renda, polo que ocupaba a derradeira posición (17ª) na clasificación das CC.AA.; dende entón a situación mudou significativamente, e cos datos para 2000, últimos dispoñibles, Galicia ocupa o sétimo posto, cun nivel de desigualdade nidiamente inferior á media das CC.AA.

14 Pensemos, por exemplo, na chamada *economía somerxida*, cunha dimensión espacial non sempre homoxénea que pode vir condiciona-las comparacións interterritoriais. As estimacións de Alañón e Gómez (2003) reflicten unha maior fraude en Galicia que no conxunto de España, en termos comparados. En 1980 a economía somerxida en España equivalía ao 15,5 % da produción contabilizada. Esa porcentaxe era do 19 % en Lugo, Ourense e A Coruña; en Pontevedra estaba no 13,5 %. No ano 2000 España subira ata o 20,9 %, mais Galicia seguía por riba: A Coruña (23,7 %), Lugo (22,3 %), Ourense (22,2 %) e Pontevedra (17,5 %).

15 A distribución da riqueza é de feito un determinante do propio nivel agregado de benestar, o que complica as comparacións do benestar derivado das rendas monetarias de dous grupos caracterizados por distribucións da renda diferentes. Véxase ao respecto Sen (1982, capítulo 18).

16 Véxanse neste sentido as achegas contidas no excelente libro compilado por Nussbaum e Sen (1993).

17 O que os economistas adoitan facer á hora de establecer comparacións de benestar é empregar "funcións abreviadas de benestar social" (Cowell, 1999) que integran como argumentos tanto a renda media como medidas de desigualdade na distribución desa renda.

18 O índice de Gini mide a concentración dunha variable: o valor 1 acádase cando a concentración é máxima e o valor 0 cando o reparto é perfectamente igualitario. A literatura sobre as cuestións da desigualdade, a pobreza e a polarización é moi ampla, así como tamén son moitas as cuestións metodolóxicas que coloca (a respecto dos indicadores que deben empregarse, as fontes estatísticas, definicións, ...), polo que con outros índices ou outras fontes os resultados obtidos poderían ser máis ou menos diferentes aos da nosa táboa, aínda que cremos que as conclusións fundamentais habian manterse. Debemos por de relevo, ademais, o feito de que os resultados para 1973, 1980 e 1990 están baseados na *Encuesta Básica de Presupuestos Familiares* (EBPF) que o INE realiza cunha periodicidade case decenal e que non ten continuidade dende a correspondente ao período 1990/1991; xa que logo, os datos para 2000 proceden doutra fonte, a *Encuesta Continua de Presupuestos Familiares* (ECPF), que non é totalmente análoga. Para o lector interesado, o excelente libro de Gradín e Del Río (2001) mestura a discusión destas cuestións metodolóxicas coa referencia ao caso galego.

TÁBOA 43: INDICADORES DE DESIGUALDADE POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS (1973-2000)

	1973	1980	1990	2000
Galicia	0,325 (4ª)	0,347 (17º)	0,310 (11ª)	0,261 (7ª)
España	0,353	0,333	0,317	0,282

Fonte: Ayala e outros (2005: 18).

En definitiva, as últimas décadas foron testemuñas dunha distribución persoal da renda en Galicia progresivamente máis igualitaria, e entre os principais responsables disto están a mellora na formación, a integración da muller no mercado de traballo e a mellora das prestacións sociais (Del Río, 2002).

2.5 E, malia todo, Galicia non converxe e perde peso no conxunto de España

Aínda que a economía galega medrou moito, fíxoo a unha velocidade inferior á de España en tódolos subperíodos (lustros) considerados (táboa 44); para as décadas dos anos oitenta e noventa o diferencial negativo foi de 1,1 puntos porcentuais, sobre todo polas amplas diferenzas que se producen nos anos oitenta. A crise económica que sofre España entre finais dos anos setenta e os primeiros oitenta ten uns efectos especialmente graves en Galicia, e cando chega a recuperación, na segunda metade da década, Galicia vese menos beneficiada por ela; a implicación inmediata deste menor crecemento, a perda continua de peso económico de Galicia no conxunto do Estado, amósase na táboa 45: do 64 % de media nos anos 1981-1985 chegamos ata o 5,1 % en 2005. Poderíamos deternos na análise das diferentes velocidades con que se ten producido esta perda, pero a nota que resalta é máis a dimensión da perda, pois dende a aprobación do Estatuto galego, a nosa economía perdeu un 20 % de peso relativo no conxunto de España. Coa poboación ocorre algo semellante: cae de xeito continuado ao longo do período, do 7,4 % nos primeiros anos oitenta ata o 6,3 % en 2005 (táboa 46).

Deixando fóra o que ocorre nesa primeira metade dos oitenta, cunha caída moi intensa do peso económico de Galicia, dende 1985 o peso da poboación e do PIB galego no conxunto estatal evolucionan de xeito acompasado, e como resultado disto (táboa 47) o indicador PIB per cápita vaise manter arredor do 80 % dende entón, e mellorar marxinalmente nos últimos anos¹⁹. En conxunto, Galicia atópase hoxe nunha posición relativa peor que cando o Estatuto foi aprobado: nos primeiros oitenta o PIB galego achegábase ao 6,5 % do total español e a poboación case ao 7,5 %, cun PIB per cápita por riba do 85% da media española; hoxe os galegos son menos (6,3 %) e, en termos comparados, menos produtivos, cun PIB per cápita no entorno do 80 % da media estatal. A partir deste resultado xeral, sería posible ve-lo que pasa ano a ano e, de facer tal, atopariámonos con que nalgún caso o indicador de converxencia (o PIB per cápita) avanza, como pasou nos primeiros anos deste século²⁰.

19 A relación entre o PIB per cápita de Galicia a respecto do español e as cotas de Galicia en PIB e poboación é a seguinte, por construción: $\frac{PIB_{GAL}}{POB_{GAL}} = \frac{PIB_{GAL}}{PIB_{ESP}} \cdot \frac{POB_{ESP}}{POB_{GAL}}$

Polo tanto, o PIB per cápita de Galicia avanza ao respecto do de España cando o peso do PIB galego aumenta ou cando o seu peso poboacional mingua.

20 O mesmo acontece cando se empregan os datos do IGE. As diferenzas entre o IGE e o INE sobre a estimación do crecemento de Galicia teñen sido recorrentes nos últimos anos, cun IGE que case sempre estimaba crecementsos de Galicia superiores á media española. Máis aló das interpretacións políticas que se teñen feito destes resultados, e en que non imos entrar, consideramos necesaria a converxencia de metodoloxías e resultados para evitar este ruído de que falamos; afortunadamente, esa converxencia de resultados parece que xa se está a dar neste momento.

Agora ben, ha quedar claro que cando se produciron estes avances foi de xeito principal ou exclusivo pola “vía pasiva da converxencia” (isto é, pola vía da redución da poboación) e non pola “vía activa” (a causa de que aumentase o peso de Galicia no PIB español). Visto dende outra perspectiva: *ceteris paribus*, se a poboación galega medrase tanto como a española dende a segunda metade dos anos noventa, de xeito que mantivese a súa cota de poboación (6,9 %), en 2005 teriamos un PIB per cápita galego que caería ata o 73,9 % da media española.

TÁBOA 44: TAXAS MEDIAS DE CRECEMENTO ANUAL DO PRODUTO EN GALICIA E ESPAÑA						
Período	1981-1985	1986-1990	1991-1995	1996-1999	1981-1999	2001-2005
Galicia	-0,4	2,7	1,1	2,8	1,5	2,7
España	1,5	4,4	1,3	3,5	2,6	3,1

Fonte: Cancelo (2006: 71) para o período 1981-1999, e Contabilidad Regional. Base 2000. Serie 2000-2005 do INE para o período 2000-2005.

TÁBOA 45: DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DO PRODUTO EN ESPAÑA: PORCENTAXE DE GALICIA SOBRE O TOTAL ESPAÑOL					
Período	1981-1985	1986-1990	1991-1995	1996-1999	2005
Galicia	6,4%	5,8%	5,7%	5,5%	5,1%

Fonte: Cancelo (2006: 71) para o período 1981-1999, e Contabilidad Regional. Base 2000. Serie 2000-2005 do INE para o período 2000-2005.

TÁBOA 46: DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DA POBOACIÓN EN ESPAÑA: PORCENTAXE DE GALICIA SOBRE O TOTAL ESPAÑOL					
Período	1981-1985	1986-1990	1991-1995	1996-1999	2005
Galicia	7,4 %	7,1 %	7,0 %	6,9%	6,3%

Fonte: Cancelo (2006: 106) para o período 1981-1999, e Contabilidad Regional. Base 2000. Serie 2000-2005 do INE para 2005.

TÁBOA 47: PRODUTO POR HABITANTE (ESPAÑA=100)					
Período	1981-1985	1986-1990	1991-1995	1996-1999	2005
Galicia	86,6 %	81,9 %	81,3 %	80,7 %	81,0 %

Fonte: Cancelo (2006: 106) para o período 1981-1999, e Contabilidad Regional. Base 2000. Serie 2000-2005 do INE para 2005.

Neste punto, pode paga-la pena botar unha ollada ao pasado máis afastado e ver como evolucionou a economía galega nunha perspectiva histórica, para comparalo co que ocorreu dende a aprobación do Estatuto galego en 1980. Carreras (1990) ofrece esas estimacións dende o ano 1800, e a este respecto pódese ve-la táboa 48 e a figura 9. Ao noso xuízo, na táboa 48 salientan tres resultados:

- A extraordinaria perda de peso poboacional ao longo do século XX.
- A perda continua de peso económico dende a posguerra civil.
- A mellora da converxencia no século XIX pola que antes chamamos “vía activa da converxencia”, e o estancamento do proceso dende a posguerra civil. Só a grande perda de poboación en termos relativos que tivo lugar a través, fundamentalmente, da emigración cara ao resto de España, Europa e (en menor medida xa) América, permitiron mante-los niveis relativos de PIB per cápita.


Vista dende esta perspectiva, a derradeira fila, a da Galicia autonómica, non supón unha mudanza fundamental co anterior, pois continuamos a perder peso económico e demográfico. A diferenza fundamental é que agora esta perda de poboación relativa, que segue sendo moi rápida, vén explicada en grande medida polo pulo demográfico dos demais (isto é, a inmigración estranxeira) e menos pola nosa propia caída (motivada por unha moi baixa taxa de natalidade); xa que logo, a descentralización e o marco estatuario vixente non foron capaces de muda-las tendencias históricas *per se*. Dende un punto de vista económico, non foi a panacea, pero, por que? Unha autonomía insuficiente? Unhas condicións financeiras desfavorables? Un pouco axeitado uso da autonomía vixente? Nos últimos apartados do capítulo tentaremos achegar algunha resposta a estas preguntas.

TÁBOA 48: PIB, POBOACIÓN E PIB PER CÁPITA DE GALICIA NO PERÍODO 1800-1973

	PIB	POB	PIB/POB
1800	5,5%	10,8%	0,5
1860	5,9%	11,5%	0,5
1900	7,1%	11,0%	0,6
1920	7,5%	10,7%	0,7
1930	6,1%	10,3%	0,6
1940	7,2%	10,1%	0,7
1950	6,6%	9,6%	0,7
1960	6,0%	8,9%	0,7
1973	5,5%	7,8%	0,7
Pro memo: 2005	5,1%	6,3%	0,81

Fonte: Para os anos 1800 a 1973: Carreras (1990: 12-13). Os datos para 2005 son da Contabilidad Regional. Base 2000. Serie 2000-2005 do INE. O PIB e a poboación aparecen como porcentaxe do total español. O PIB per cápita aparece expresado en termos do PIB per cápita español (media=1).

FIGURA 9:
EVOLUCIÓN HISTÓRICA DO PIB E DA POBOACIÓN GALEGOS
COMO PORCENTAXES DOS TOTAIS ESPAÑOIS



Fonte: táboa 48.

RECADRO 3: QUE DIN OUTRAS FONTES ESTADÍSTICAS?

As diferentes fontes estatísticas dispoñibles ofrecen resultados non-coincidentes. Na táboa 49, tirada de Cancelo (2006), compáranse os diferenciais de crecemento entre Galicia e España segundo distintas fontes que abranguen os dous eidos territoriais coa mesma metodoloxía. Cos datos das fundacións FUNCAS e BBVA, o diferencial negativo entre Galicia e España sería menor nos anos oitenta (-0,04 % fronte ao 1,1 %) e algo maior nos anos noventa (-0,6 % fronte a -0,4 %). Curiosamente, os puntos de chegada son os mesmos, o que quere dicir que no punto de partida, en 1980, o INE estimaba o peso do PIB galego por riba da estimación de FUNCAS / FBBVA: namentres que segundo o INE o peso de Galicia sería do 6,4 % do total español, segundo as fundacións sinaladas estaría no 6,1 %. En todo caso, os diferenciais de crecemento son sempre negativos e as conclusións fundamentais mantéñense indistintamente da fonte empregada (S. Lago Peñas, 1999).

TÁBOA 49: DIFERENCIAL DE CRECIMENTO DE GALICIA A RESPECTO DE ESPAÑA

	1981-1999	1981-1990	1991-1999	1996-1999
INE	-1,1 %	-1,8 %	-0,4 %	-0,7 %
FUNCAS / FBBVA	-0,4 %	-0,2 %	-0,6 %	-0,4 %

Fonte: Cancelo (2006: 89).

2.6 Unha Galicia discriminada? O marco financeiro: finanzas autonómicas, políticas rexionais e investimentos territorializados do Estado

O marco financeiro público en que se moveu Galicia nos últimos vinte e cinco anos, e especialmente dende a segunda metade dos anos oitenta, é o máis favorable da súa historia. Lonxe quedan os tempos en que Castelao, con tino e razón, denunciaba en *Sempre en Galiza* que a política económica estatal non axudaba ao desenvolvemento de Galicia, porque non estaba deseñada tendo en conta as súas prioridades; eran as aspiracións doutros territorios, con maior forza económica ou política, as que orientaban aspectos tan relevantes como a política arancelaria ou a de infraestruturas, ou o marco xurídico das actividades mercantís; tampouco a política fiscal lle era favorable. Seguindo as teses de Alexandre Bóveda, Castelao concluía que o vello e ineficiente sistema tributario español non se axustaba á especialización produtiva de Galicia, e que o noso saldo fiscal non reflectía a realidade, por termos maiores necesidades de gasto e menor capacidade tributaria que a media española²¹.

Pero as cousas mudaron radicalmente, e de analizármolas cifras pódese concluír que o escenario financeiro da Galicia autonómica se caracteriza polos seguintes trazos (M. Lago Peñas e S. Lago Peñas, 2006):

- Un financiamento básico por habitante lixeiramente superior á media das CC.AA. de réxime común. De la Fuente e Vives (2003) ofrecen estimacións para o conxunto do período 1990-1997. Os seus cálculos controlan pola diversidade competencial, refírense ás administracións locais e autonómicas (para seren robustos ante as diferenzas interterritoriais nas competencias de ámbolos dous niveis de goberno) e non teñen en conta o endebedamento ou as transferencias de capital; as cifras aparecen na figura 10. Galicia atópase lixeiramente sobre a media, e nidiamente por riba das comunidades autónomas de réxime común máis ricas, Madrid, Baleares e Cataluña; de feito, unha vez que se toman en conta as transferencias de capital vencelladas ás políticas rexionais europea e española, as comunidades menos desenvolvidas -entre as cales se atopa Galicia- rematan xestionando significativamente máis recursos por habitante que as máis ricas -agás as CC.AA. de réxime foral- grazas á combinación dun nivel de renda por riba da media e unha moi reducida achega á redistribución interterritorial. En termos técnicos, a cota que anualmente transfíren ao Estado para o financiamento das competencias non asumidas é pequeno de máis; ou dito doutro xeito, é un sistema comparativamente inxusto, porque achega moitos máis recursos que o sistema común, en igualdade de esforzos fiscais. O caso de Canarias é tamén salientable e ten que ver, sobre todo, coas particularidades dos impostos indirectos no seu territorio²².

- Canto ao endebedamento autonómico, Galicia era en 2005 a quinta comunidade máis endebedada en termos per cápita (1.224 euros), só por detrás de Cataluña, a Comunidade Valenciana, Madrid e Baleares (IEF, 2006). Porén, este dato pouco positivo debe ser interpretado correctamente (S. Lago Peñas, 2005). Primeiro, a débeda acumulada dende o inicio do proceso autonómico é maior nas comunidades de réxime común do artigo 151 da Constitución Española e asimiladas, porque o peso financeiro das súas competencias foi significativamente maior que no caso das correspondentes ás do artigo 143 ata 2002; xa que logo, as posibles insuficiencias financeiras do pasado ou as lexítimas decisións autónomas de expansión de gasto tenderon a traducirse en gran medida en débeda.

21 Aínda que a lectura da obra senlleira de Castelao é insubstituíble, o estudo de Fernández Caínzos (2001) é un bo complemento. Dito sexa de pasaxe, resta por traballar máis a fondo a crebada e perspicaz obra de Bóveda no eido fiscal, poñéndoa en relación coa doutros pensadores galegos (en particular, Brañas), coas correntes de pensamento facendístico do momento e mesmos (escasos) estudos cuantitativos da época, por máis que xa contemos con algún traballo salientable ao respecto como o de Beiras (1984).

22 A esta cuestión referímonos polo miúdo en Lago Peñas (2006c).

Agora ben, o problema foi peor para as CC.AA. máis ricas (Cataluña e Valencia), porque elas gozaron de menores subvencións de capital e mesmo menores recursos ordinarios que as menos desenvolvidas do artigo 151 (Andalucía e Galicia). En segundo lugar, mesmo as comunidades autónomas máis ricas do artigo 143 (Madrid e Baleares) teñen débedas per cápita máis altas que Galicia por mor dun sistema de financiamento que lles dá uns recursos per cápita moi por baixo da media española.

- A política rexional, canalizada en boa medida a través de transferencias de capital ás CC.AA.²³, é outro dos eixes fundamentais que debemos tratar, e a este respecto xa Correa e Manzanedo (2002) estimaron o importe global percibido por habitante en cada comunidade á conta das políticas rexionais española e europea entre 1983 e 1999: se 100 é o importe medio por habitante para o conxunto de España, Galicia situaríase en 157 no caso das accións estruturais europeas, en 174 no caso das medidas rexionais adoptadas polo Estado español, e en 162 de considerarmos ámbalas dúas. Por diante de Galicia, e para o conxunto de medidas españolas e comunitarias, só se atopan Estremadura (213) e Castela-A Mancha (170); por detrás, Castela e León (147) aparece en cuarto lugar. En termos absolutos, e segundo os datos de Correa e Manzanedo para o período 1986-1999, Galicia recibiu 1,03 billóns de pesetas en 1999, o que equivale a preto de 7.800 millóns de euros de 2006; de xeito tentativo e aproximado, os cartos recibidos para o conxunto do período 1986-2006 andan polos 12.000 millóns de euros.

- As infraestruturas de Galicia teñen mellorado significativamente dende mediados dos anos oitenta, e as cifras dispoñibles indican que o fixeron a un ritmo maior que no resto de España; para o período 1960-2000 témo-los datos da táboa 50, que abranguen e fan referencia ao capital produtivo público (basicamente infraestruturas de transporte e comunicacións) e social (como centros educativos e sanitarios)²⁴. Para computar ese capital acumúlense os investimentos feitos pola Administración central, a autonómica, as corporacións locais e outros axentes (por exemplo RENFE e as empresas concesionarias das autoestradas, entre outras) ao longo do tempo, e réstase a deterioración (amortización) que experimentan as infraestruturas. O diferencial entre o peso do stock de capital en Galicia e a poboación galega no conxunto do Estado ten sido negativo ata datas recentes, e no último ano dispoñible (2000) o peso do capital supera xa o da poboación. Esta mellora produciuse por dúas vías: a perda continua de poboación relativa (do 8,59 % en 1960 ao 6,75 % en 2000, segundo a Fundación BBVA) xa comentada, e a recuperación dos investimentos en Galicia a partir de 1980 e, sobre todo, 1990. Noutras palabras, o desenvolvemento das infraestruturas que acompañou o desenvolvemento económico español nos anos sesenta e setenta, discriminou negativamente a Galicia, e non é ata a consolidación da democracia e a descentralización política, nun contexto de forte pulo aos investimentos en infraestruturas en España, que Galicia converxe activamente -é dicir, non só pola vía da perda de poboación- cara á media española de capital público por habitante²⁵.

23 En Lago Peñas (2006a) estímase que esas transferencias incrementaron notablemente o investimento nas CC.AA. beneficiarias. Estas apenas reduciron o investimento autofinanciado como resposta ás transferencias recibidas.

24 Dos datos sobre capital público total que ofrece a Fundación BBVA (Mas e outros, 2005) elimínase o compoñente "resto de capital público", un caixón de xastre en que se mete o investimento que non aparece explicitamente desagregado; cando se trata de facer comparacións entre CC.AA., é recomendable deixalo fóra porque é moi heteroxéneo. En particular, só se incorpora o resto de investimento feito polas CC.AA. ou corporacións locais, pero non o da Administración central. O problema vén dado polo feito de que a descentralización de competencias cara ás CC.AA. seguiu ritmos dispares, o que fai que as CC.AA. forais e as do artigo 151 da Constitución, que reciben antes as competencias, tendan a ter "restos" máis grandes.

25 Isto non é incompatible con déficits que aínda persisten nalgúns áreas, nomeadamente nos portos e no camiño de ferro. Unha vez ollamos cara aos datos desagregados, percíbese que a mellora se concentra fundamentalmente na rede viaria; o investimento en portos e camiño de ferro foi claramente inferior ata 2000, e remonta na actualidade grazas aos investimentos en alta velocidade ferroviaria e aos portos exteriores.

Dito isto, a nosa opinión é que a distribución óptima do capital público non vai se-la que iguala o seu peso coa participación de cada comunidade na poboación española; por varios motivos: primeiro, porque o custo de construción de infraestruturas non é o mesmo en tódalas partes; por exemplo, Galicia ten unha orografía que fai máis custosas as infraestruturas viarias e ferroviarias e, polo tanto, para unha mesma cifra de investimento público (xa que logo, de investimento acumulado ou "stock de capital") poden disporse de dotacións reais ("físicas") moi diferentes. Segundo, porque moitas infraestruturas son de tipo rede, o que fai que, por exemplo, para Galicia sexa importante non só o que se inviste no seu territorio senón tamén o que se fai en Castela e León ou Asturias, por exemplo.


- Falemos agora da Seguridade Social. O punto de partida de calquera reflexión sobre a incidencia territorial do sistema de Seguridade Social en España é que se trata dun sistema centralizado e ten que ver con dereitos das persoas que deben ser idénticos por riba das fronteiras rexionais. Con datos para 2001 (Gómez Sala e Sánchez Maldonado, 2005), Galicia aparece co terceiro déficit por asegurado máis elevado (545 euros), por detrás de Asturias (1.141) e Castela e León (590); porén, cando falamos só do réxime xeral, deixando á marxe, entre outros, o réxime agrario, Galicia sobe do posto 15 ao 12, e pasa a ter un superávit por asegurado de 430 euros. A interpretación disto é que o réxime xeral é solidario con outros réximes e que o sistema agrario en Galicia é particularmente deficitario, como froito sen dúbida, dun modelo de reestruturación do agro que gravita, en boa medida, sobre a redución masiva da man de obra e o mantemento do poder adquisitivo dos fogares mediante as pensións. En resumo, a caixa única da Seguridade Social permite equilibra-los ingresos xerados e as transferencias pagadas en Galicia, pois na nosa Comunidade o réxime xeral non permitiría compensa-los déficits dos outros réximes debido ás elevadas razóns de dependencia (pensionistas/ cotizantes) que temos (Prada, 2004: 146).

Podería argumentarse que unha parte dos pensionistas que hoxe residen en Galicia cotizaron no seu día noutros territorios, o que, dende un punto de vista intertemporal, faría os galegos menos deficitarios do que adoita dicirse; porén, nós pensamos que na medida en que a lóxica do noso é a lóxica dos sistemas de reparto e non a dos de capitalización, ten moito máis sentido argumentar que o déficit sinalado ten que ver a) co menor desenvolvemento económico do noso país, e b) cunha redución extraordinaria dos activos no agro, que vén parcialmente explicada polas condicións de ingreso na UE pactadas por España e que é soportada socialmente polas pensións. Mellora-lo rendemento económico de Galicia e, en particular, revitaliza-lo seu agro permitiríanos converxer cara ao equilibrio entre cotizacións ingresadas e pensións pagadas a residentes.

- Como síntese de todo o anterior, aparece o concepto de saldo ou balanza fiscal, un indicador global que integra tódolos instrumentos financeiros públicos antes analizados, dende o Imposto de Sociedades ata o gasto en pensións, pasando polo Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), a política rexional, o fondo de suficiencia, os investimentos do Estado, etc.; en poucas palabras, o saldo fiscal dunha comunidade mide a diferenza entre os impostos que soportan os seus residentes e o gasto público que os beneficia. Os estudos máis solventes de que dispoñemos (Sánchez Maldonado, 2000; Castells e outros, 2000; Uriel, 2001; Caramés, 2004) sitúan a Galicia cun saldo fiscal ao seu favor equivalente a preto do 10 % do que produce anualmente. Aínda que as porcentaxes de PIB que supón o saldo fiscal varían segundo os estudos pola inexistencia dunha metodoloxía única e consensuada, e feitos como o forte incremento nos investimentos do Estado dende 2004 elevan conxuntamente o saldo ao noso favor, o conxunto de gastos en 2006 superará aos impostos e ás cotizacións soportadas polos galegos nun intervalo de confianza que pode ir dos 4.000 aos 5.000 millóns de euros, sendo os seus responsables fundamentais a diferenza entre o gasto en pensións e as cotizacións sociais, o fondo de suficiencia que financia á Xunta de Galicia e os investimentos territorializados do Estado.

Todo o anterior non quere dicir que non existan aínda carencias salientables ou que os recursos con que conta o goberno autonómico galego na actualidade sexan os suficientes para afrontar os desafíos que se lle presentan a Galicia en áreas como a educativa, cuns obxectivos moi ambiciosos perfilados na chamada *Axenda de Lisboa*; en servizos sociais, cunha Lei de Dependencia que comeza un camiño non exento de incertezas; en infraestruturas, cun sistema portuario feble en termos comparativos, o que resulta rechamante tendo en conta a posición xeoestratéxica de Galicia no trafego marítimo; ou, en fin, unha sanidade pública que semella vivir en permanente estado de insuficiencia de recursos. Agora ben, tampouco quere dicir que Galicia deba esquecer fixa-las súas propias posicións, tendo en conta os seus intereses e as súas necesidades específicas, sexa na definición e execución dos planos estatais de infraestruturas, na reforma da política rexional española ou na reforma do financiamento autonómico. O que significan estes datos é que Galicia non é financeiramente maltratada hoxe no conxunto de España en comparación coa media autonómica, e que o desenvolvemento do Estado das autonomías, paralelo ao do propio Estado do benestar en España, e o pulo á política rexional española e comunitaria situaron a Galicia autonómica nunha situación favorable para recuperar o terreo perdido no pasado fronte a outros territorios.

FIGURA 10:
ESTIMACIÓNS DO FINANCIAMENTO TERRITORIAL BÁSICO POR HABITANTE.
MEDIA PARA O PERÍODO 1990-97 EN PORCENTAXE



Fonte: De la Fuente e Vives (2003).

TÁBOA 50: PESO RELATIVO DE GALICIA NO STOCK DE CAPITAL PÚBLICO (PRODUTIVO E SOCIAL) E NA POBOACIÓN DE ESPAÑA (1960-2000)

	1960	1970	1980	1990	2000
STOCK DE CAPITAL (1)	7,29 %	5,93 %	5,91 %	6,09 %	6,89%
POBOACIÓN (2)	8,59 %	7,91 %	7,43 %	7,05 %	6,75%
(1) – (2)	-1,30 %	-1,98 %	-1,52 %	-0,96 %	+0,14%

Fonte: Fundación BBVA (2000). Para os datos de capital, Matilde Mas e outros (2005); para os de poboación: *Renta nacional de España y su distribución provincial. Año 1995 y avances 1996 - 1999*.

2.7 Por que non imos máis rápido? Os factores de desenvolvemento económico

Para saber por que Galicia perde terreo en relación á maior parte das comunidades autónomas é preciso analiza-la súa posición relativa no referido aos factores de crecemento máis relevantes. O crecemento económico dun país é un fenómeno complexo e, con todo, os economistas debemos ser quen de identifica-las súas causas inmediatas na acumulación de factores produtivos e no progreso tecnolóxico; analiza-los resultados da economía galega neste eido é, xa que logo, o primeiro paso. A partir de aí, no epígrafe seguinte, avaliamos como poderían axuda-las políticas públicas autonómicas para estimular esas variables chave para o desenvolvemento.

INFRAESTRUTURAS

Hai xa moito tempo que as infraestruturas, nomeadamente as de transporte e comunicacións, se identificaron como un dos factores chave para o desenvolvemento económico dun territorio. Ademais, dende o clásico de Adam Smith, *A riqueza das nacións*, a provisión destas infraestruturas é unha función propia do sector público, mesmo para os economistas máis liberais, e talvez por iso se prestou e se presta unha atención prioritaria a este obxectivo no artellamento das políticas de desenvolvemento, incluso ata o punto de chegar a desbotar outros, como pasou coa política rexional europea nos anos oitenta e noventa (S. Lago Peñas e Martínez, 2006). Hoxe entendemos que as infraestruturas forman parte das condicións necesarias para incentivarmos ese desenvolvemento, pero non son condición suficiente aínda que sexan moi importantes.

Unha vez aclarada a necesidade de ter unha visión ampla dos factores de desenvolvemento, as cifras reflicten que Galicia ten avanzado de xeito salientable na corrección dos seus déficit históricos en materia de infraestruturas no período autonómico. Como puidemos comprobar na táboa 50, no ano 2000, último dispoñible no momento de escribir estas liñas, o capital público produtivo e social de Galicia representaba o 6,89 % do total español, por riba xa do peso da poboación, o emprego e o PIB galegos; é probable que esta porcentaxe estea hoxe por riba do 7 % e manteña unha distancia máis ampla cun PIB, unha poboación e un emprego relativos en devalo, como vimos no apartado 2.5; os fortes investimentos territorializados do Estado nos últimos anos, vencellados en parte ao camiño de ferro e aos portos exteriores, xunto ás subvencións de capital europeas e españolas percibidas, explicarían este resultado.

Dito doutro xeito: unha vez rematadas esas obras ferroviarias e portuarias pendentes, as principais eivas da economía galega xa non se van atopar no eido infraestrutural, sobre todo se somos quen de usar parte dos fondos dispoñibles para garanti-la intermodalidade entre tipos de transporte e as conexións do “último quilómetro”²⁶, e se artellámo-la política de solo industrial de xeito que gaste-mos máis recursos alá onde faga realmente falta -nos contornos máis dinámicos da Coruña e Vigo- ou noutros lugares en perfecta interconexión viaria e ferroviaria²⁷.

SISTEMA DE INNOVACIÓN²⁸

Na táboa 51 aparecen un conxunto de indicadores rexionais de innovación para Galicia, Madrid, España e a Unión Europea antes da última ampliación (UE-15). A información procede da base de datos do *European Innovation Scoreboard* (EIS)²⁹. No eido rexional, o número de indicadores dispoñible é 13, e a información corresponde na súa maior parte aos anos 2001 e 2002. O índice global (RNSII) para Galicia sitúaa na mediana española. Incluíndo Ceuta e Melilla como observación adicional, Galicia ocupa o posto noveno; porén, atópase lonxe das CC.AA. máis avanzadas, que á súa vez non están ben situadas no marco europeo.

Galicia amosa uns resultados razoablemente bos no número de licenciados, e atópase por riba da media española en termos de formación continua, se ben esta media se coloca por baixo da europea. No referido á estrutura produtiva, a industria de medio e alto nivel tecnolóxico (onde aparecen a automoción ou o sector naval, entre outros) ten unha presenza relativa semellante en Galicia e no resto de España, se ben de novo lonxe de Europa; pola contra, o peso dos servizos de media e alta tecnoloxía é moi feble. O gasto empresarial en I+D é moi baixo para os estándares españois e mesmo para os europeos, agás no caso das empresas manufactureras; e o número de patentes, que nos dá información sobre a eficiencia na conversión entre *inputs* e *outputs* da I+D e a integración entre investigación e tecido empresarial (Vence, 1998), é extraordinariamente baixo.

26 Falamos dos fondos dispoñibles, mais tamén dos potencialmente dispoñibles. Cómpre abandonar-los proxectos de escasa rendibilidade social e que, en moitos casos, deberían financia-los seus beneficiarios directos, e non o conxunto de galegos. Por que debemos empregar-los recursos autonómicos para paga-la construción dunha infraestrutura baixo competencia local no concello x cando no concello z foi pagada polos seus residentes a través dos impostos locais? Por outra parte, garanti-la intermodalidade entre tipos de transporte e as conexións do “último quilómetro” é necesario, entre outras cousas, para non deixar portos sen ligazón directa a autovías e camiños de ferro, tal e como ocorre ás veces por falta de previsión no ordenamento urbano do territorio.

27 A este respecto podemos cita-la páxina 103 da Memoria do Consello Económico e Social de Galicia correspondente ao ano 2003: “A realidade galega amosa a necesidade dunha política de solo empresarial que combine de xeito máis axeitado a eficiencia que supón ampliar a oferta preto dos grandes centros productivos da Comunidade coa equidade implícita no intento de levar as empresas e o desenvolvemento económico ao interior de Galicia. Neste momento atopámonos con rechamantes diferencias nas porcentaxes de ocupación entre parques empresariais (de 100 % a 0 %), que explican cómo é posible escoitar ao tempo as queixas de falla de solo empresarial –que se reflicte en altos prezos- e os anuncios de continuos incrementos na oferta de solo no conxunto de Galicia. Se é certo que é máis difícil atopar espazos de expansión dentro das áreas urbanas, as novas localizacións non deberían acharse lonxe –en termos de tempo- dos territorios máis dinámicos. Xa que logo, é fundamental localizar a nova oferta de solo empresarial en emprazamentos moi ben conectados por camiño de ferro e estrada a eses centros. Noutras palabras, trataríase de expandir o desenvolvemento dende os centros xa existentes máis que criar novos centros puxantes. A experiencia amosa a grande dificultade desta segunda vía”. Porén, hai xa máis de dez anos que Guillermo de la Dehesa (1994) insistía nisto: “...hay que conseguir desarrollar centros industriales, a ser posible sectoriales o clusters (en la terminología de Porter), en aquellas zonas donde ya hay una base de mano de obra cualificada, de investigación y desarrollo y una mayor demanda y calidad de vida, es decir, cerca de los núcleos de población ya consolidados a lo largo de la costa, con un alto nivel de equipamiento físico y cultural”.

28 En Lago Peñas (2006b) desenvólvese a análise do sistema de innovación galego inserido no da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

29 O EIS é o instrumento que a Comisión Europea pon en marcha en 2001, no seo da chamada *estratexia de Lisboa*, para avaliar e compara-lo desempeño innovador dos Estados Membros. Toda a documentación xerada ata o de agora atópase dispoñible en: <http://www.trendchart.org>.

Finalmente, o indicador de gasto público en I+D en relación ao PIB galego amosa un nivel aparentemente por riba da media española e non tan lonxe do de Madrid como o gasto empresarial; porén, este indicador pode ser enganoso, porque o PIB galego é pequeno en relación ao de Madrid e ao de Cataluña por exemplo, e, xa que logo, o denominador da expresión é máis pequeno en Galicia e as razóns tenden a ser máis grandes.

Agora ben, o gasto que pode face-la Xunta de Galicia en I+D ou noutros eidos non depende do seu PIB, pois grazas á forte redistribución horizontal que incorpora o sistema de financiamento autonómico, ao cal xa nos referimos, os recursos per cápita de Galicia chegan a ser maiores que os de Madrid ou Cataluña. Expresado en termos de PIB: a Xunta dispón de recursos que se achegan ao 20 % do PIB galego; a *Generalitat* catalana non acada o 14 %. É evidente que a mesma parte do orzamento autonómico dedicada ao I+D debese levarnos a porcentaxes de gasto público sobre PIB neste ámbito significativamente máis altos en Galicia que en Cataluña, polo que, en definitiva, o indicador gasto público en I+D sobre PIB non vale para facer comparacións de esforzos entre CC.AA. neste campo. En resumo, Galicia presenta eivas significativas no seu sistema de innovación que o sitúan nunha discreta posición no conxunto de España e moi atrasado no concerto europeo.

TÁBOA 51: INDICADORES REXIONAIS DE INNOVACIÓN

Indicador <i>Regional National Summary Innovation Index (RNSII)</i>	Galicia 9º/18	España 1º/18	Madrid	UE-15
Ránking dentro do país PIB per cápita e ránking dentro de España (euros)	12.011	15.261 (16º/18)	20.412 (1º/18)	22.603
1. Porcentaxe de poboación con educación superior en relación á poboación total entre 25 e 64 anos	21,53	24,36	33,92	21,78
2. Porcentaxe de participantes en programas de formación continua en relación á poboación total entre 25 e 64 anos	5,96	4,97	3,75	8,52
3. Porcentaxe de traballadores en manufacturas de media e alta tecnoloxía	5,71	5,35	5,92	7,41
4. Porcentaxe de traballadores en servizos de alta tecnoloxía	1,48	2,50	6,62	3,57
5. Gasto público en I+D en relación ao PIB	0,50	0,46	0,79	0,68
6. Gasto empresarial en I+D en relación ao PIB	0,19	0,50	0,97	1,30
7. Número de patentes de alta tecnoloxía solicitadas á oficina europea de patentes por cada millón de habitantes	0,4	3,6	9,1	31,6
8. Número de patentes solicitadas á oficina europea de patentes por cada millón de habitantes	4,1	24,1	36,1	161,1
9. Proporción de empresas manufactureiras que innovan	*0,30		0,43	
10. Proporción de empresas de servizos que innovan *	—		—	
11. Gasto das empresas manufactureiras en actividades de innovación en relación á súa facturación *	0,89		0,56	
12. Gasto das empresas de servizos en actividades de innovación en relación á súa facturación *	—		—	
13. Porcentaxe de facturación das empresas que corresponde a novos produtos xa existentes no mercado *	0,24		0,60	

Fonte: *European Commission (2003)*. A definición polo miúdo de cada indicador e das fontes estatísticas correspondentes aparecen no documento. A maior parte dos datos dispoñibles corresponden a 2001 e 2002.

*Para os indicadores 9 a 13 só contamos cos valores estandarizados pola norma de cada país. O indicador adopta valor 1 no caso da mellor rexión do país e 0 no da derradeira.

CAPITAL HUMANO

Como consecuencia da universalización do ensino en tódolos seus niveis, e a progresiva retirada de xeracións con menor formación, Galicia foi converxendo nas últimas décadas cara ao termo medio español na formación media da súa poboación activa, que, conforme se reflicte na táboa 52, supuña o 8,7% da española en 1980, e caera ata o 6,7 % en 2004 como consecuencia das transformacións no agro e a súa propia perda de peso, a que xa nos referimos con anterioridade. O noso avance é claro: se en 1980 Galicia tiña o 11,2 % de activos analfabetos de España e o 10,1 % de activos con estudos primarios, en 2004 esas porcentaxes están xa por baixo do noso peso en activos e son do 3,1 % e 6,0 % respectivamente; ademais melloramos moito na categoría de poboación activa con estudos medios, ao pasar do 5,2 % ao 7,4 % do total español, e na de estudos superiores, ao pasar do 4,3 % do total español ao 5,4 %.

TÁBOA 52: PESO DE GALICIA NA POBOACIÓN ACTIVA ESPAÑOLA E NAS DIFERENTES CATEGORÍAS DE ACTIVOS SEGUNDO OS NIVEIS FORMATIVOS

	1980	2004
Poboación activa total	8,7 %	6,7 %
Poboación activa analfabeta	11,2 %	3,1 %
Poboación activa con estudos primarios	10,1 %	6,0 %
Poboación activa con estudos medios	5,2 %	7,4 %
Poboación activa con estudos anteriores aos superiores	5,7 %	5,8 %
Poboación activa con estudos superiores	4,3 %	5,4 %

Fonte: Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas (<http://www.ivie.es>), a partir de datos do INE.

Nota: a categoría "Poboación activa con estudos anteriores aos superiores" contén as persoas ben con carreiras universitarias de ciclo curto, ben con tres anos de carreiras de ciclo longo rematados, e que completaron cando menos quince anos de estudos.

Canto á formación continua dos traballadores, vimos xa antes que Galicia non parece atoparse nunha situación peor que a media española, aínda que outra cousa é que España en conxunto teña graves carencias en comparación coa media comunitaria; xa que logo, poderíamos concluír que neste eido do capital humano as cousas marchan razoablemente ben, cando menos en termos comparados co resto de España. O corolario de todo isto parece ser que non deberíamos buscar aquí a causa do menor desenvolvemento de Galicia; porén, esta conclusión pode resultar un pouco apresada, pois non só importa a cantidade, senón tamén a calidade deses recursos humanos de que se dispón. Dunha banda, paga a pena preguntarse sobre os recursos financeiros que a Xunta de Galicia ten dedicado ao ensino; e, doutra, é necesaria unha reflexión: o capital humano máis cualificado é un factor produtivo extremadamente móbil, e de non existir boas ofertas laborais en Galicia, é posible que unha parte do mellor capital humano formado no noso sistema educativo marche cara a territorios máis dinámicos con mellores ofertas. Este fenómeno, coñecido na literatura como *brain drain* ou *fuxida de cerebros* ocorre a diferentes escalas -entre Europa e EUA, entre España e Europa, ou entre Galicia e o resto do mundo-, e a conclusión que debemos tirar é que como país de pouco vale investir en formación e ensino se logo o mercado de traballo galego non é quen de integrar axeitadamente as persoas. Este é un bo exemplo da necesidade de artellar estratexias de desenvolvemento conxuntas e integradas.

Volvendo ao asunto do financiamento educativo, semella existir unha asimetría. No ensino non-universitario estaríamos por riba da media española en gasto por alumno, con 3.400 euros fronte aos 3.200 do ano 2002 (CES, 2005: 252); e, en troques, no ensino universitario e nese mesmo ano, as universidades galegas tiñan unhas transferencias por alumno dende a administración autonómica das máis baixas de España, só por diante de Andalucía e Estremadura (Hernández Armenteros, 2004: 419).

O acordo sobre o financiamento das universidades galegas que entrou en vigor en 2005 veu aliviar esta situación, se ben o novo modelo é susceptible de mellora en dous sentidos: dunha banda, e cuantitativamente, temos diante de nós os retos da adaptación ao marco europeo de ensino universitario e dos obxectivos establecidos na *Axenda de Lisboa*; doutra, e cualitativamente, encontrámonos coa necesidade de introducir máis incentivos no financiamento universitario, con que hai que dar pulo

ao financiamento condicionado ao cumprimento de obxectivos para incentiva-las universidades a afrontar os desafíos relevantes para a sociedade e a economía galegas³⁰.

CAPITAL PRODUTIVO PRIVADO E TECIDO EMPRESARIAL

Como sinalamos en S. Lago Peñas e Prada (2006), a estrutura produtiva actual de Galicia caracterízase por dúas condicións de partida pouco favorables: o reducido tamaño medio das empresas e unha especialización sectorial na cal, certamente, non destacan as actividades de alta tecnoloxía³¹. Cun total de empresas en 2004 que supuña o 6,1 % do total español, Galicia aparece sobre todo nos tramos de microempresas, de menos de 6 asalariados (táboa 53).

TÁBOA 53: EMPRESAS EXISTENTES EN GALICIA E EN ESPAÑA EN 2004, DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O TAMAÑO DAS EMPRESAS

Número de asalariados	Galicia	España	Galicia/ España
0	91.701	1.574.166	5,8 %
1-2	56.461	850.367	6,6 %
3-5	19.554	310.787	6,3 %
6-9	8.399	145.443	5,8 %
10-19	5.397	100.211	5,4 %
20-49	3.025	56.260	5,4 %
50-99	669	14.394	4,6 %
100-199	302	7.003	4,3 %
200-499	148	3.817	3,9 %
500-999	33	967	3,4 %
1.000-4.999	31	630	4,9 %
5.000-	2	84	2,4 %

Fonte: CES (2005: 186; a partir de datos do INE).

30 A figura do contrato-programa debería incrementar notablemente a súa presenza entre as fontes de financiamento público das universidades galegas.

31 Sectores de alta tecnoloxía: o farmacéutico; computadores e equipamento de oficina; equipamento de radio, televisión e comunicación; instrumentación científica; manufactura espacial. Neste caso Galicia supón o 1,3 % da cifra de negocios española (para o conxunto da industria supón o 6,2 %). Informe do Consello Galego de Relacións Laborais (2003: 95; con datos do INE).

Sectores de tecnoloxía media-alta: produtos químicos; maquinaria e equipamento; fabricación de equipos de transporte, automóbiles, trens, ... Neste caso acadamos o 5,8 % grazas á automoción, mais debe actuarse con cautela coas agrupacións sectoriais porque a miúdo agregan actividades maduras (por exemplo, buques-tanque, roupa, etc.) con outras que non o son (por exemplo, cruceiros, tecidos industriais, etc.).

Canto ao stock de capital produtivo privado, os últimos datos dispoñibles para 2000 -elaborados pola Fundación BBVA e recollidos de novo polo CES na súa memoria de 2004 (CES, 2005)- amosan que Galicia se situaba no 5,2 %, exactamente a mesma porcentaxe que no caso do PIB nese ano segundo a *Contabilidade Regional. Base 2000. Serie 2000-2005* do INE. Asemade, a taxa de crecemento do capital en Galicia ao longo dos anos 90 (2,5 %) é menor á media (2,8 %), de xeito semellante a como ocorre co PIB. En resumo, o tecido empresarial galego é relativamente feble, non tanto polo número de empresas como pola súa especialización produtiva, o seu tamaño medio e o investimento feito nelas. Algúns dos resultados que viamos antes, referidos ao sistema galego de innovación (nomeadamente, o interese pola I+D+i e a formación continua), teñen moito que ver con esta radiografía. Sen dúbida isto complica o deseño das políticas públicas e xustifica a necesidade de incentivar as estratexias en marcos cooperativos; como noutros eidos, cando a fusión entre pequenos non é posible, a cooperación convértese nunha solución de *second best*.

2.8 Suxestións para un futuro máis próspero

Non existen receitas milagrosas cando se trata de afortala-lo desenvolvemento económico dun territorio, aínda que é certo que ás veces, ás economías tamén lles sorrí a fortuna, e que cambios na demanda ou nas estratexias empresariais poden mudalo todo; é o caso das Canarias cando xurdiu o turismo de masas en busca de sol e praia alá polos anos sesenta, e é tamén o caso de Irlanda, que se converteu en plataforma de multinacionais norteamericanas, pola vantaxe idiomática e os vencellos afectivos de moitos executivos norteamericanos co país de orixe familiar. Agora ben, normalmente, as cousas non son tan doadas, e -insistimos en que non hai solucións máxicas- se Galicia quere mellora-lo seu desempeño económico, os axentes económicos e sociais e os gobernos autonómicos e locais deberán asumir unha serie de principios sobre os cales existe un amplo consenso entre os especialistas:

- Converxermos plenamente e pola "vía activa" co PIB per cápita medio español, algo que non é unha tarefa sinxela, nin factible nun ano, nunha lexislatura, nin mesmo en dúas. Como vimos no apartado 2.6, o devalo relativo de Galicia é un proceso que caracteriza a maior parte do século XX e que caracteriza tamén a etapa da Galicia autonómica que arrinca en 1980. É importante ter isto claro por varias razóns. Primeiro, para non desanimármolos se os resultados tardan en chegar ou se experimentan retrocesos conxunturais; segundo, porque hai que ser ben conscientes da dificultade do proceso e, por tanto, da necesidade de intervir a fondo nas políticas públicas e activa-lo diálogo entre empresarios, traballadores, administración e universidades. Os amaños e remendos non parece que vaian ser suficientes.

- Intensificármolos esforzos financeiros e de deseño de políticas públicas nas áreas máis relevantes. No pasado optamos por solucións que gravitaban, probablemente en exceso, en investimentos en infraestruturas físicas (S. Lago Peñas e Martínez, 2006), aínda que tamén é certo que as carencias infraestruturais da economía galega eran moi grandes; así e todo os investimentos en infraestruturas son máis sinxelos de xestionar que os feitos noutras áreas, sobre todo se as análises de eficiencia dos proxectos non son usadas como filtro. Máis aínda, contamos coa evidencia empírica de que recursos autonómicos, que deberían ter financiado competencias autonómicas, remataron financiando servizos e obras públicas de competencia local (Álvarez Corbacho, 2003), e non semella razoable que se transfiran centos de millóns de euros a concellos que lle exixen á súa cidadanía a metade ou menos dos tributos que os concellos do resto de España cobran á súa (S. Lago Peñas e Montes, 2004). Os orzamentos da Xunta de Galicia poderían intensifica-lo seu esforzo nas áreas máis importantes para o desenvolvemento económico e, asemade, existiría unha marxe significativa para mellora-la selección de proxectos.

- Independentemente do volume de recursos que for destinado finalmente a favorece-los factores de desenvolvemento, a literatura económica e a evidencia empírica aconsellan repensa-la composición do gasto que realiza neste eido a Xunta de Galicia. En particular, o investimento en infraestruturas, sobre todo de transporte, debería deixar máis espazo a áreas como a formación continua ou a I+D+i³².

- Outra das eivas que ten caracterizado a política económica galega no pasado é a excesiva dispersión de esforzos, que cremos que é un erro. Non é posible potenciarmos a un tempo tódalas actividades, liñas de investigación ou especialidades formativas; e non é eficiente espalla-los recursos entre tódalas empresas, tódolos departamentos universitarios ou grupos de investigación sen discriminalos conforme ao seu potencial, á excelencia ou aos resultados de cada un. A política de “chuvia fina” ou de “orbalo” ten que ser progresivamente substituída por unha política selectiva e incentivadora; probablemente a primeira sexa máis rendible politicamente a curto prazo, pero visto o visto, non semella moi efectiva a longo prazo.

- A concentración de esforzos debe ter nos *clusters* unha ferramenta básica, pois o reducido tamaño medio das empresas galegas fai da cooperación unha posible vía para acadar economías de escala. Por outra banda, os esforzos públicos en I+D+i, en formación, ou en comercialización debesen ter como destinatarios fundamentais as empresas integradas nos *clusters* con futuro e potencial exportador, e habería que deseña-los apoios financeiros de xeito que funcionasen como panca do gasto privado. A experiencia indica que a rendibilidade do gasto nestas áreas aumenta canto incrementa a participación do sector privado.

En S. Lago Peñas e Prada (2006) defínese unha lista de actividades cara ás que debería orientarse a política económica, caracterizadas por marcaren liñas cunha nidia orientación cara aos mercados exteriores: as actividades alimentarias derivadas do mar e a gandería, o complexo forestal-industrial, os minerais non-metálicos, a automoción, o sector naval, os servizos de loxística, a confección, a xeración eléctrica e algúns segmentos da industria química. En todo caso, sendo estas as realidades exportadoras de Galicia, nada impide facer apostas selectivas por actividades como os servizos de cinema, radiotelevisión, comunicación, servizos artísticos e espectáculos, para as cales xa se conta cunha oferta formativa de capital humano competitiva e con iniciativas empresariais emerxentes con vocación exportadora (Prada, 2004).

- Galicia non é un territorio periférico... cando a ollamos dende o mar. As eivas do sistema portuario galego, as súas deficientes conexións ferroviarias co resto da península e Europa e as febles plataformas loxísticas bloquean o enorme potencial que ten o Arco Atlántico en xeral, e Galicia en particular, nun contexto de continuo crecemento do tráfico marítimo, tanto de curto percorrido (cabotaxe, autoestradas marítimas) como intercontinental (González Laxe, 1999; RTA, 2005). Os portos galegos e as dúas áreas metropolitanas que abranguen os portos de referencia (Pontevedra-Vigo e A Coruña-Ferrol) deberían aproveitarse aínda máis que no presente como motores económicos de Galicia (Prada, 2006).

- Galicia duplica a súa dimensión demográfica e económica cando se integra na eurorrexión que forma co norte de Portugal. É verdade que os graos de autonomía política e a capacidade para deseña-la súa política económica son moito maiores en Galicia, pero probablemente por iso deba ser Galicia a que tire de iniciativas conxuntas, que poden ser infraestruturais (como o tren Vigo-O Porto), formativas ou investigadoras; e integradas en clusters internacionais como o da confección ou o da automoción. Porén, a probabilidade de éxito do sistema portuario galego, sobre todo o do sur de Galicia, como nodo de comercio internacional pode incrementarse significativamente se o seu hinterland chega a incluí-la área metropolitana do Porto; as economías de escala importan.

32 En Lago Peñas e Prada (2006) e Lago Peñas (2006b) apúntanse algunhas liñas mestras para a revisión da política pública autonómica neste eido.



CONCLUSIONES

A transición á democracia foi o detonante de fondas transformacións institucionais, políticas, sociais e económicas que fan dela un punto de inflexión no devir histórico de España e as súas nacionalidades e rexións. Entre outros aspectos, a apertura ao exterior, que ten a súa manifestación máis sobresaliente na integración de España na Unión Europea, ou o fortísimo crecemento do volume de gastos e ingresos públicos (impostos) vencellado ao desenvolvemento do Estado do benestar ou á descentralización política e financeira do Estado español, son comprensibles só á luz da creba do réxime franquista; este é un xuízo que está fundamentado nas negativas ás sucesivas solicitudes de incorporación dunha España non-democrática ao proxecto de Mercado Común Europeo, na dificultade extrema de levar adiante reformas fiscais na España contemporánea anterior á restauración democrática (Fuentes Quintana, 1990) e no pulo á estratexia descentralizadora para darlles saída ás reclamacións de autogoberno das comunidades históricas no novo contexto político.

Por outra parte, a realidade autonómica interésalle cada día máis á cidadanía: se nas primeiras etapas da descentralización o nivel autonómico parecía ser un simple reflexo do que ocorría no central en moitos casos, as esferas política e económica no marco autonómico gañaron importancia para o electorado de forma progresiva e á costa de conxunturas e estruturas de ámbito estatal. Hai razóns de máis para iso: vinte e cinco anos de marco estatutario en Galicia traducíronse nun goberno cunha enorme cantidade de recursos á súa disposición, responsabilidade sobre servizos públicos fundamentais como o ensino e a sanidade pública e capacidade para facer política económica. É verdade que existe unha lexislación básica estatal que limita os graos de liberdade do goberno autonómico galego, pero do mesmo xeito, ou cando menos esa é a nosa opinión, existen reformas pendentes e urxentes no marco institucional para evitar disfuncionalidades no funcionamento dun Estado case-federal como o español. Revisa-lo reparto competencial, favorece-la cooperación horizontal entre comunidades autónomas e vertical co Estado, e mellora-los actuais graos de lealdade institucional entre niveis de goberno son tarefas pendentes que poden e deben ser tamén tratadas na reforma estatutaria galega.

Toda vez dito o anterior, dende hai xa moitos anos a Comunidade Autónoma galega goza dun nivel de autogoberno salientable e de capacidade para favorecer-lo seu desenvolvemento socioeconómico; queremos subliñar isto porque parece que o debate sobre a modificación ou ampliación do eido competencial deixa sempre en lugar secundario, agochado, o debate sobre as políticas públicas autonómicas, sobre a execución das competencias que xa están a disposición dos poderes políticos galegos, que son moitas¹. Como na obra de Beckett, ás veces semella que os galegos estivésemos á espera de Godot, namentres escorrentámo-las nosas propias responsabilidades. Unha maior descentralización pode ter efectos moi positivos, pero isto non está garantido sempre, como mostra a evidencia empírica internacional, pois importa o que se fai con esa maior autonomía e a súa relación co chamado “capital social”². En particular, a valoración dos resultados producidos polos procesos de distribución vertical do poder van depender criticamente do nivel de capital social de que dispoñen as sociedades beneficiarias desas maiores cotas de autogoberno e de como a propia descentralización lles afecte ás institucións informais e ao capital social (Arias e S. Lago Peñas, 2005).

Este novo escenario enmarca os dous obxectos de estudo destes ensaios: a dinámica do sistema de partidos de Galicia e a súa evolución macroeconómica dende 1980 ata a actualidade. Resumindo moito os argumentos desenvolvidos ao longo do texto, debemos salienta-las conclusións que presentamos a seguir.

No referido ao sistema político:

- Dende as primeiras eleccións autonómicas de 1981 ata as últimas de 2005, o sistema de partidos galego ten sufrido fondas transformacións no número e na identidade das forzas políticas que o integran. En efecto, xa sexa de acordo coa porcentaxe de votos sen representación, coas primas en escaños, coa proporcionalidade electoral ou coa volatilidade entre eleccións, o resultado que se observa é a progresiva adaptación da oferta partidista á demanda realmente existente no electorado. Se o espazo de centrodereita, nacionalista e non-nacionalista, aparece monopolizado polo PP, na esquerda o BNG ocupa o espazo nacionalista e o PSdeG-PSOE o non-nacionalista. Tódolos demais partidos pasaron, antes ou despois, a carecer de viabilidade electoral e, polo tanto, desapareceron.

- Este equilibrio en que só compiten os partidos viables responde aos procesos de coordinación electoral de elites partidistas e votantes. Por un lado, posto que competir nas eleccións é custoso, tenden a presentarse só os partidos que teñen boas posibilidades de acadar escaños; polo outro, cando, polas razóns que sexan, compiten partidos que non están en condicións de gañar ningún escaño, os votantes tenden a apoiar só aos que son viables.

- Agora ben, estes procesos de coordinación no sistema de partidos galego non foron lineais, senón máis ben descontínuos, e só tiveron lugar en cada espazo de competición cando (1) existiron expectativas sobre os resultados electorais claras e compartidas por todos sobre as posibilidades de cada partido, (2) os partidos (minoritarios) recoñeceron a importancia do Parlamento galego e gañou así peso a arena autonómica, e (3) os partidos non-viables esgotaron tódalas alternativas, incluídas as coaligacionais, para conseguiren escaños por si sós ou con outras forzas na súa mesma situación e con preferencias políticas similares. Estas tres condicións só foron satisfeitas conxuntamente a partir das eleccións autonómicas de 1989, como se observa nos propios movementos dos partidos ao longo das dimensións de competición e sempre cara a unha maior moderación.

1 Entre as escasas achegas á análise crítica do conxunto da política económica da Xunta atópase o libro de Cao (2005).

2 Por máis que aínda exista un debate sobre a definición precisa do concepto, nós avogamos por contemplalo como un conxunto estruturado de regras informais de comportamento, ou normas cívicas, que levan os individuos a cooperaren de xeito espontáneo; a tendencia a participar activamente na esfera pública sería unha das principais manifestacións do capital social. Con esta concepción, a noción pasa a estar estreitamente vencellada á axenda investigadora da nova economía institucional (Arias e Lago Peñas, 2005).

- A existencia dun *cleavage* tan intenso como o ideolóxico de esquerda-dereita levou a que esta coordinación electoral tivese lugar preferentemente no seo de cada un destes bloques. Coa excepción das forzas que integran CG, en particular o PNG, os partidos non-viables acabaron coordinándose ao redor do competidor máis forte na súa esquerda ou dereita; xa que logo, o *cleavage* nacionalista/non-nacionalista galego pasou a contar sobre todo na competición intrabloque, en particular entre o BNG e o PSdeG-PSOE.

- Finalmente, aínda que non se debe desbotar polo de agora a hipótese de que esta coordinación electoral puidese acentuar nalgũa medida a capacidade de mobilización dos partidos e, polo tanto, reduci-la abstención, non parece que sexa o factor que explica a desaparición do extraordinario déficit de participación electoral en Galicia. Polo contrario, cando se desconta a influencia da maior poboación emigrante en Galicia fronte ao resto de comunidades, resulta que os galegos votaron dende as primeiras eleccións en niveis similares á media española. As diferenzas son máis ben artificiais e deben estar causadas polos maiores erros censais que se desprenden de ter un maior CERA e a menor participación desta poboación emigrante.

En canto á evolución económica de Galicia, hai que salienta-los seguintes resultados:

- O nivel de benestar económico aumentou significativamente en termos absolutos. Ademais, reduciuse a desigualdade económica e o ciclo económico galego atópase máis vencellado ao español que a principios dos anos oitenta.


- A pesar disto, Galicia perde rapidamente peso económico e demográfico respecto ao conxunto de España. A riqueza e a poboación medran significativamente máis na maior parte de España e iso fai-nos perder posicións.

- Esta menor capacidade de desenvolvemento vén explicada por uns fundamentos económicos (capital público, humano, tecnolóxico, social e empresarial) máis febles. Posto que o marco financeiro público de que goza Galicia dende os anos oitenta é razoablemente favorable, xorde a pregunta sobre cal é o grao de responsabilidade do deseño e da execución das políticas autonómicas neses frouxos resultados económicos.

- A nosa resposta, preliminar á espera de máis traballos empíricos, é que eses recursos non foron optimizados, que o esforzo cuantitativo e a súa plasmación cualitativa non foron os máis axeitados para Galicia, o que debería levarnos a un exercicio de autocrítica sobre o exercicio que se fixo do noso autogoberno.

- Rematámo-lo libro cunha serie de suxestións para mellora-la posición relativa de Galicia e confluírmos en rendas per cápita co resto do Estado pola vía activa da converxencia, isto é, cun PIB que medre máis que a media española; confiarmos exclusivamente no menor incremento da poboación galega para achegarnos á renda per cápita española non resulta unha estratexia atractiva, porque supón asumi-la perda de peso demográfico e, xa que logo, social e electoral de Galicia no Estado e manter no tempo un diferencial positivo no crecemento tendencial do VAB debería configurarse, por conseguinte, como obxectivo chave da política económica da Xunta.

- Neste sentido, o goberno autonómico debería apostar máis decididamente pola concentración de esforzos en poucas e ben definidas liñas, vencelladas a actividades cunha clara vocación e potencial exportador; polo favorecemento da cooperación empresarial derredor dos *clusters*; polo afortalamento do sistema de innovación galego definido nun senso amplo e pola posta en valor da posición xeo-estratéxica que ten Galicia cando é mirada dende o mar.



ANEXO: SIGLAS DOS PARTIDOS E DAS ORGANIZACIÓNS

AG_	Alternativa Galega
AM_	A Movidá
ANPG_	Asamblea Nacional Popular Galega
AP / CP / PP_	Alianza Popular / Coalición Popular / Partido Popular
APU_	Assembleia do Povo Unido
AR_	Alianza por la República
ARM_	Agrupación Ruiz Mateos
AU.TO.NO.MO._	Partido de los Autónomos y Profesionales
BNG_	Bloque Nacionalista Galego
BNPG-PSG_	Bloque Nacional Popular Galego-Partido Socialista Galego
CdeG_	Centristas de Galicia
CDS_	Centro Democrático y Social
CG_	Coalición Galega
CNG_	Converxencia Nacionalista Galega
CPG_	Coalición Progresista Galega
DDE_	Derecha Democrática Española
DG_	Democracia Galega
DN_	Democracia Nacional
DO_	Democracia Ourensana
DPG_	Democracia Progresista Galega

EdeG_	Esquerda de Galicia
EG_	Esquerda Galega
EN_	Esquerda Nacionalista
ERGA_	Estudiantes Revolucionarios Galegos
EU-IU_	Esquerda Unida-Izquierda Unida
EU-UG_	Esquerda Unida-Unidade Galega
FE-JONS_	Falange Española de las JONS
FN_	Fuerza Nueva
FPG_	Frente Popular Galega
GC_	Galicia Ceibe
IDC_	Independencia en Defensa de la Capitalidad de A Coruña
IDEGA_	Identidade Galega
IG_	Irmandade Galega
IR-ERG_	Izquierda Republicana-Esquerda Republicana Galega
IU_	Izquierda Unida
LCR_	Liga Comunista Revolucionaria
LE_	Los Ecologistas
MC_	Movimiento Comunista
NÓS-UP_	NÓS-Unidade Popular
NPS_	Nuevo Partido Socialista
OVE_	Os Verdes Ecoloxistas
OVG_	Os Verdes de Galicia
PAP_	Partido de los Autónomos y Profesionales
PCE (m-l)_	Partido Comunista de España (marxista leninista)
PCG_	Partido Comunista Galego
PCG (mr)_	Partido Comunista Galego (marxista revolucionario)
PCPG_	Partido Comunista do Pobo Galego
PDP_	Partido Demócrata Progresista
PG_	Partido Galeguista

PGC_	Partido Galego do Campo
PGU_	Partido Galicia Unida
PH / PCH_	Partido Humanista / Coalición Plataforma Ciudadana Humanista
PL_	Partido Liberal
PNG-PG_	Partido Nacionalista Galego-Partido Galeguista
POG_	Partido Obrero Galego
PRE_	Partido Ruralista Español
PSDD_	Partido Social y Democrático de Derecho
PSG_	Partido Socialista Galego
PSG-EG_	Partido Socialista Galego-Esquerda Galega
PSdeG-PSOE_	Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español
PST_	Partido Socialista de los Trabajadores
SDD_	Partido Social y Democrático de Derecho
SEP_	Partido Social Español Popular
UCD_	Unión de Centro Democrático
UG_	Unidade Galega
UPG_	Unión do Povo Galego
USG_	Unidade Socialista Galega
USG-PSOE (h)_	Unidade Socialista Galega-Partido Socialista Obrero Español (histórico)



REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez Corbacho, Xaquín. 2003. *A rebelión municipal. Unha esperanza para Galicia*. Vigo: Xerais
- Amorim Neto, Octavio e Gary W. Cox. 1997. "Electoral Institutions, Cleavage Structures and the Number of Parties". *American Journal of Political Science* 41: 149-174
- Alañón, Ángel e Miguel Gómez. 2003. "Una evaluación del grado de incumplimiento fiscal para las provincias españolas". *Documentos de Trabajo del Instituto de Estudios Fiscales* 9 / 03
- Arias, Xosé Carlos e Santiago Lago Peñas. 2005. "Las relaciones entre descentralización y capital social: argumentos teóricos y referencia española". *Ekonomiaz* 59: 118-135
- Ayala, Luis; Antonio Jurado e Francisco Pedraja. 2005. "Desigualdad y bienestar en la distribución interterritorial de la renta, 1973-2000". *Documentos de Trabajo del Instituto de Estudios Fiscales* 6 / 05
- Barreiro, Belén. 2002. "La progresiva desmovilización de la izquierda en España: un análisis de la abstención en las elecciones generales de 1986 a 2000". *Revista Española de Ciencia Política* 6: 183-205
- Barreiro, José Luis. 2003. "Da UPG ao BNG: o proceso organizativo do nacionalismo galego", en Xosé Manuel Rivera (coord.). *Os partidos políticos en Galicia*. Vigo: Xerais
- Bartolini, Stefano e Peter Mair. 1990. *Identity, Competition and Electoral Availability*. Cambridge: Cambridge University Press
- Beiras, Xosé Manuel. 1984. "Alexandre Bóveda e a Galicia como ensoñación". *Por unha Galicia liberada*. Vigo: Xerais: 215-242
- Beramendi, Pablo e Ramón Máiz. 2003. "Federalismo y multinacionalidad: un análisis institucional del Estado de las autonomías". *Zona Abierta* 104/105: 191-213
- Beramendi, Justo G. e Xosé Manoel Núñez. 1996. *O nacionalismo galego*. Vigo: A Nosa Terra
- Cancelo, José Ramón (dir.). 2006. *La economía de Galicia. Un análisis cuantitativo*. A Coruña: Instituto de Estudios Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza
- Cao, Manuel. 2005. *A política económica da Xunta de Galicia*. Vigo: A Nosa Terra
- Caramés, Luis e Santiago Lago Peñas. 1999. "La dinámica económica de las regiones españolas: 1960-1996". *Papeles y Memorias de la Real Academia de Ciencias Políticas y Morales* 4: 112-131
- Caramés, Luis. 2004. *Solidaridad interterritorial en España: una aproximación a la balanza fiscal de Galicia*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia
- Carmona, Xoán. 1996. "La economía del siglo XX: una panorámica". *Papeles de Economía Española* (1996): 3-16
- Carmona, Xoán e Jordi Nadal. 2005. *El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia, 1975-2000*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza
- Carreras, Albert. 1990. "Fuentes y datos para el análisis regional de la industrialización española", en Jordi Nadal e Albert Carreras (dirs.). *Pautas regionales de la industrialización española (siglos XIX y XX)*. Barcelona: Ariel

- Castells, Antoni; Ramón Barberán; Nuria Bosch; Marta Espasa; Francisco Rodrigo e Jesús Ruiz-Huerta. 2000. *Las balanzas fiscales de las comunidades autónomas*. Barcelona: Ariel
- CES. 2005. *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2004*. Santiago de Compostela: Consello Económico e Social de Galicia
- Chhibber, Pradeep e Ken Kollman. 2004. *The Formation of National Party Systems: Federalism and Party Competition in Canada, Great Britain, India and the United States*. Princeton: Princeton University Press
- Colino, José; Pedro Noguera e Myriam Rodríguez. 1999. *La agricultura gallega en la Unión Europea. Balance del primer decenio*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia
- Collado, Juan Carlos et al. 1998. *Evolución comparada del empleo gallego*. A Coruña: IEEGPBM
- Correa, María Dolores e Juan Manzanedo. 2002. "Política regional española y europea. Período 1983-1999". *Documentos de trabajo*. SGFCC-2000-05. Dirección General de Presupuestos. Ministerio de Hacienda
- Cox, Gary W. 1997. *Making Votes Count. Strategic Coordination in the World's Electoral Systems*. Nova York: Cambridge University Press
1999. "Electoral rules and electoral coordination". *Annual Review of Political Science* 2: 145-161
2000. "Coordination, Electoral", en Rose, Richard (ed.). *International Encyclopedia of Elections*. Londres: MacMillan
- Cowell, Frank. 1999. "Measures of inequality", en Anthony Atkinson e François Bourguignon (eds.). *Handbook of Income Distribution*. Amsterdam: North-Holland
- De la Dehesa, Guillermo. 1994. "El objetivo es Europa", en Xaquín Álvarez Corbacho e José Luis Gómez (coords.). *Estrategias para Galicia*. A Coruña: La Voz de Galicia / Fundación Caixa Galicia
- De la Fuente, Angel e Xavier Vives (eds.). 2003. *Políticas públicas y equilibrio territorial*. Bilbao: FBBVA
- De Juana, Jesús; Julio Prada e Raúl Soutelo. 1996. "Transición y elites políticas: el nacimiento de Coalición Galega en Ourense", en Javier Tusell e Álvaro Soto (dirs.). *Historia de la transición y consolidación democrática en España*. Madrid: UNED / UAM
- Del Río, Coral. 2002. "Tendencias en la desigualdad de los recursos en Galicia", en Coral del Río e Santiago Lago Peñas (coords.). *Pobreza e inclusión social en Galicia*. Santiago de Compostela: IDEGA: 31-52
- Duverger, Maurice. [1951] 1987. *Los partidos políticos*. México: Fondo de Cultura Económica
- European Comission. 2003. *European Trend Chart on Innovation. 2003 Europea Innovation Scoreboard: Technical Paper 3. Regional Innovation Performances* (<http://www.trendchart.org>)
- Fernández, Manuel Anxo. 2003. *A formación do nacionalismo galego contemporáneo (1963-1984)*. Santiago de Compostela: Laiovento
- Fernández Cainzos, X.X. 2001. *Sempre en Galiza (Castelao): Perspectivas*. A Coruña: Novos Vieiros
- Fernández Leiceaga, Xaquín e Edelmiro López Iglesias. 2000. *Estrutura económica de Galiza*. Santiago de Compostela: Laiovento
- Fox, John. 2000. *Multiple and Generalized Nonparametric Resgresion*. Beverly Hills: Sage Publications
- Fuentes Quintana, Enrique. 1990. *Las reformas tributarias en España*. Barcelona: Crítica
- FUNCAS. 1996. *Papeles de Economía Española. Comunidades Autónomas*. Galicia
2006. *Papeles de Economía Española. Comunidades Autónomas. Galicia-Norte de Portugal. No prelo*
- Fundación BBVA [FBBVA]. 2000. *Renta Nacional de España y su distribución provincial. Año 1995 y avances 1996-1999*. Bilbao: Fundación BBVA
- Gómez-Reino, Margarita. 2003. "El BNG y la estrategia frentista: anatomía de los subpartidos". Comunicación presentada no VI Congreso Español de Ciencia Política, Barcelona, 26-28 de setembro
- Gomez Sala, Salvador e José Sánchez Maldonado. 2005. "Seguridad Social y distribución de la renta: un enfoque territorial". Comunicación presentada no XII Encuentro de Economía Pública, Palma de Mallorca, 3 e 4 de febreiro
- González Encinar, Juan José. 1982a. "El supuesto giro a la derecha en las elecciones al Parlamento Gallego". *Revista de Estudios Políticos* (nueva época) 25: 53-79

- 1982b. *Galicia. Sistema de partidos y comportamiento electoral: 1976-1981*. Madrid: Akal
- González Laxe, Fernando (dir.). 1999. *Análisis económico del sistema portuario gallego*. A Coruña: IEEGPBM
- Gradín, Carlos e Coral del Río. 2001. *Desigualdad, pobreza y polarización en la distribución de la renta en Galicia*. A Coruña: IEEGPBM
2005. "Pobreza y desigualdad en Galicia desde una perspectiva territorial" Departamento de Economía Aplicada. Universidade de Vigo (<http://idegaweb.usc.es/cegal/comunicaciones/area03/crioce.pdf>, 04-09-2006)
- Granberg, Donald e Sören Holmberg. 1991. "Self-reported turnout and voter validation". *American Journal of Political Science* 35: 48-459
- Gunther, Richard. 1989. "Leyes electorales, sistemas de partidos y elites: el caso español". *Revista Española de Investigaciones Sociológicas* 47: 73-106
- Hernández Armenteros, Juan (dir.). 2004. *La universidad española en cifras 2004*. Madrid: CRUE
- Hopkin, Jonathan. 2000. *El partido de la transición. Ascenso y caída de la UCD*. Madrid: Acento
- Huneeus, Carlos. 1985. *La Unión de Centro Democrático y la transición a la democracia en España*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas
- Instituto de Estudios Fiscales [IEF]. 2006. *Previsiones financieras de las CC.AA. para 2006*. Documento de trabajo 8 / 06
- Kitschelt, Herbert. 1994. "Los partidos políticos en Europa Occidental y el reto de la izquierda libertaria", en Wolfgang Merkel (ed.). *Entre la modernidad y el postmaterialismo*. Madrid: Alianza Universidad
- Lagares, Nieves. 1999. *Génesis y desarrollo del Partido Popular de Galicia*. Madrid: Tecnos
2003. "O Partido Popular de Galicia", en Xosé Manuel Rivera (coord.). *Os partidos políticos en Galicia*. Vigo: Xerais
- Lago Peñas, Ignacio. 1998a. *Los estudios electorales en Galicia: una revisión bibliográfica (1876-1997)*. Documentos de Trabajo (IDEGA) / Historia 8. Servicio de Publicación e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- 1998b. *La proporcionalidad electoral en España: los sistemas electorales del Congreso de los Diputados, autonómicos y para el Parlamento Europeo*. Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, Tese de Licenciatura (mimeografiado)
2002. "Cleavages y umbrales: las consecuencias políticas de los sistemas electorales autonómicos". *Revista Española de Ciencia Política* 7: 131-158
2004. "La coordinación electoral del nacionalismo gallego alrededor del BNG". *Revista Internacional de Sociología* 39: 35-61
- 2005a. *El voto estratégico en las elecciones generales en España (1977-2000): efectos y mecanismos causales en la explicación del comportamiento electoral*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas
- 2005b. "El evanescente abstencionista gallego". *Revista de Estudios Políticos* (nueva época) 128: 317-344
- Lago Peñas, Santiago. 1999. "Galiza-España, ¿converxencia de rendas per cápita? *Análise Empresarial* 30: 3-9
- 2001a. "Crecimiento y Convergencia: apuntes para un balance de la economía gallega en las dos últimas décadas". *Revista de Estudios Regionales* 61: 191-214
- 2001b. "Redistribución y estabilización macroeconómica en las regiones españolas: 1967-1993". *Hacienda Pública Española* 158: 53-68
2005. "Evolving federations and regional public deficits: testing the bailout hypothesis in the Spanish case". *Environment and Planning C: Government and Policy* 23: 437-453
- 2006a. "Capital grants and regional public investment in Spain: fungibility of aid or crowding-in effect". *Applied Economics* 38: 1737-1747
- 2006b. "Capital tecnológico y sistema de innovación de la Euro-región Galicia-Norte de Portugal". *Papeles de Economía Española. Comunidades Autónomas. Galicia-Norte de Portugal. No prelo*
- 2006c. Las particularidades de las finanzas públicas canarias: causas y consecuencias. Sevilla. Consejería de Economía y Hacienda (Junta de Andalucía). *No prelo*
- Lago Peñas, Ignacio e Santiago Lago Peñas. 2000. "El sistema electoral español: una cuantificación de sus efectos mecánico y psicológico". *Revista de Estudios Políticos* (nueva época) 107: 225-250

2001. "La influencia de los resultados económicos sobre el apoyo electoral de los gobiernos autonómicos". *Revista Española de Investigaciones Sociológicas* 93: 165-179
2005. "Does the economy matter? An empirical analysis of the causal chain connecting the economy and the vote in Galicia". *Economics and Politics* 17: 215-243
- Lago Peñas, Ignacio e José Ramón Montero. 2004. "Más votos y menos escaños: el impacto del sistema electoral en las elecciones autonómicas catalanas de 2003". *Revista Española de Investigaciones Sociológicas* 105: 11-42
- 2005a. "Coordination between electoral arenas in decentralized countries: empirical evidence from Spain". Comunicación presentada na 3rd ECPR General Conference, Budapest, 8-10 de setembro
- 2005b. "Todavía no sé quiénes, pero ganaremos: manipulación política del sistema electoral". *Zona Abierta* 110 / 111: 279-348
- Lago Peñas, Manuel e Santiago Lago Peñas, 2006. "Financiamento autonómico. Propostas dende Galicia", en Xaquín Álvarez Corbacho e Albino Prada (coords.). *Chaves da economía pública galega*. Vigo: Galaxia
- Lago Peñas, Santiago e Víctor Montes. 2004. "O comportamento tributario dos concellos galegos: ¿é a fusión de municipios unha posible solución?", en Román Rodríguez (dir.): *Os concellos galegos para o século XXI*. Santiago de Compostela: USC
- Lago Peñas, Santiago e Diego Martínez. 2006. "Convergence and public investment: regional policies revisited", en Ulrich Stierle-von Schütz et al. (eds.). *Proceedings INFER Annual Conference 2005*. Edward Elgar. Chentelham. *No prelo*
- Lago Peñas, Santiago; Víctor Montes e Raúl Pérez Boán. 2005. *La economía ourensana. Un balance de medio siglo de transformaciones*. Ourense: La Región
- Lago Peñas, Santiago e Albino Prada. 2006. "Obxectivo I+D+i", en Xaquín Álvarez Corbacho, y Albino Prada (coord.s.). *Chaves da economía pública galega*. Vigo: Galaxia
- Lijphart, Arend. 1994. *Electoral Systems and Party Systems. A Study of Twenty-Seven Democracies, 1945-1990*. Oxford: Oxford University Press
- Linz, Juan J. 1985. "De la crisis de un Estado unitario al Estado de las Autonomías", en F. Rodríguez (ed.). *La España de las Autonomías (pasado, presente, futuro)*. Madrid: Instituto de Estudios de Administración Local
- Linz, Juan J.; José Ramón Montero e Antonia M. Ruiz. 2005. "Elecciones y política", en Carreras, Albert e Xavier Tafunell (eds.). *Estadísticas históricas de España, 1800-2000*. Madrid: Fundación BBVA
- Máiz, Ramón. 1996. "Nación de Breogán: oportunidades políticas y estrategias enmarcadoras en el movimiento nacionalista gallego (1886-1996)". *Revista de Estudios Políticos (nova época)* 92: 33-75
- Márquez, Guillermo. 1997. *Las élites parlamentarias de Galicia (1977-1996)*. Documentos de Trabajo (IDEGA) / Historia 5. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
1998. "Continuidad y renovación de las elites parlamentarias de Galicia. Cortes Generales y Parlamento territorial". *Revista de las Cortes Generales* 45: 83-144
2000. "Los gobiernos de coalición en Galicia", en Jordi Matas (ed.). *Coaliciones políticas y gobernabilidad*. Barcelona: Institut de Ciències Polítiques i Socials
- Martínez, Enric. 2000. *Descentralización política e identificaciones colectivas en la España de las Autonomías: una prueba empírica a la teoría de la cultura política*. Manuscrito
- Mas, Matilde; Francisco Pérez e Ezequiel Uriel. 2005. *El stock de capital en España y su distribución territorial (1964-2000)*. Bilbao: FBBVA
- Montero, José Ramón. 1986. "La abstención electoral en las elecciones legislativas de 1982: términos de referencia, pautas de distribución y factores políticos". *Revista de Derecho Político* 22: 103-147
- Montero, José Ramón; Francisco F. Llera e Mariano Torcal. 1992. "Sistemas electorales en España: una recapitulación" *Revista Española de Investigaciones Sociológicas* 58: 7-56
- Montero, José Ramón e Mariano Torcal. 1990. "Autonomías y Comunidades Autónomas en España: preferencias, dimensiones y orientaciones". *Revista de Estudios Políticos (nueva época)* 70: 33-91
- Nussbaum, Martha e Aamartya Sen. 1993. *The Quality of Life*. Oxford: Oxford University Press

- Popper, Karl R. 1997. *El mito del marco común. En defensa de la ciencia y la racionalidad*. Barcelona: Paidós
- Prada, Albino. 2004. *Economía de Galicia: situación actual y perspectivas*. Santa Comba: Editorial tresCtres
- Prada, Albino. 2006. "Infraestructuras públicas e desenvolvemento: retos para un novo século", en Xaquín Álvarez Corbacho e Albino Prada (coords.). *Chaves da economía pública galega*. Vigo: Galaxia
- Prada, Albino, Vázquez, M^a Xosé e Soliño, María. 2005. *Beneficios y costes sociales en la conservación de la RED NATURA 2000*. A Coruña: CIEF
2006. *Electricidad verde. La biomasa en los montes gallegos*. A Coruña: CIEF
- Rivera, Xosé Manuel. 2003. "Comportamento electoral e sistema de partidos en Galicia", en Xosé Manuel Rivera (coord.). *Os partidos políticos en Galicia*. Vigo: Xerais
- Rose, Richard. 1984. "Electoral systems: a question of degree or of principle?", en Arend Lijphart e Bernard Grofman (eds.). *Choosing and Electoral System: Issues and Alternatives*. Nueva York: Praeger
- RTA. 2005. *Intermodality in Freight Transport: Ports and Hinterlands, Maritime Transport including Short Sea Shipping* (<http://www.rta-atn.org>)
- Sánchez Maldonado, José (dir.). 2000: *Balanzas fiscales de las Comunidades Autónomas con la Administración Central*. 1996. Sevilla: Consejería de Economía y Hacienda (Junta de Andalucía)
- Schelling, Thomas C. 1989. *Micromotivos y macroconducta*. México: Fondo de Cultura Económica
- Sen, Amartya. 1982. *Choice, Welfare and Measurement*. Oxford: Blackwell
- Sequeiros, Julio (dir.). 1999. *El comercio exterior de Galicia, 1980-1997*. A Coruña: Instituto de Estudios Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza
- Simon, Herbert A. 1992. "Introductory Comment", en Massimo Egidi e Robin Marris (eds.). *Economics, Bounded Rationality and the Cognitive Revolution*. Aldershot: Edward Elgar
- Taagepera, Rein e Matthew S. Shugart. 1989. *Seats and Votes. The Effects and Determinants of Electoral Systems*. New Haven: Yale University Press
- Uriel, Ezequiel. 2001. "Análisis de la incidencia regional de los ingresos y gastos de la administración pública central", en José Manuel González-Páramo (dir.). *Bases para un sistema estable de financiación autonómica*. Bilbao. FBBVA
- U.S. Department of Commerce, 2004. *Manufacturing in America. A comprehensive strategy to address the challenges to U. S. manufacturers*. Washington D.C.: U. S. Government Printing Office.
- Varela, Manuel, Juan Surís; Dolores Garza e Carlos Iglesias. 2001. *Galicia e o mar. Estudos de economía pesqueira*. Vigo: Galaxia
- Vence, Xavier (dir.). 1998. *Industria e innovación*. Vigo: Xerais
- Vilas, Xosé; Ramón Máiz, Francisco Caamaño e Xosé Manuel Rivera. 1994. *O sistema político galego. As institucións*. Vigo: Xerais

ISBN 84-453-4327-0



9 788445 343272



Escola galega de
administración
pública



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA